	<p>socioemocional de toda a comunidade educativa</p> <ul style="list-style-type: none"> - Porcentaxe de mellora do rendemento académico pola contribución das habilidades emocionais - Porcentaxe de incremento do benestar emocional, persoal e social da comunidade educativa
Responsables	Coordinadora de convivencia e igualdade, Departamento de Orientación, Titores, Claustro.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Colaboración con Benestar social do concello, para realizar charlas no centro -Colaboración co CIM Pontevedra -Desenvolver charlas en todos os curso do centro desenrolando as habilidades emocionais -Colaborar co club de lectura para traballar as emocións a través da literatura

CPInnova: EDUINNOVA			
Descrición do programa	O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente.		
Obxectivos	<p>Competencia matemática e competencia en Ciencia, Tecnoloxía e Enxeñaría.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Crear expertos programadores en diferentes ámbitos (Programación por bloques, programación en C, programación de robots, deseño de aplicacións móbiles App Inventor) - Implementar a Programación no Centro - Mellorar a convivencia, autonomía e autoestima dos participantes. - Deseñar un prototipo de rover para empregar en Marte <p>Competencia Dixital</p> <ul style="list-style-type: none"> - Enriquecer co manexo dos computadores no ámbito da Programación - Progresar no manexo dos dispositivos electrónicos programables (ARDUINO) - Mellorar o manexo de robots MbotRanger - Desenvolver o deseño 3D do Rover para Marte con SketchUp 		
Cursos implicados	TODA A ESO		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - Deseñar aplicacións móbiles con App Inventor. - Deseñar videoxogos con Scratch - Programar con Arduino diferentes proxectos - Utilizar mBotRanger para programar diferentes retos 		
Responsables	Vicedirección, Departamentos.		
Actividades	<p>Distintos departamentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actividades no Polo Creativo: Impresora 3D, Lentes de realidade virtual, radio escolar... <p>Departamento de Tecnoloxía:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Programar videoxogos con Scratch. - Programar con mBotRanger. - Deseñar aplicacións móbiles con App Inventor. 		
CPInnova: EDUEXCELENCIA			
Descrición do programa	Con esta modalidade trátase de dar resposta aos intereses comúns de aprendizaxe dun determinado número de alumnado. Supón unha personalización da aprendizaxe na que se desenvolverán iniciativas de afondamento nos coñecementos do alumnado partindo dos seus intereses e potenciais talentos. Ao longo do curso traballarase de forma cooperativa nun proxecto co fin de obter un produto final. Esta modalidade poderase desenvolver dentro ou fóra do horario lectivo.		

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Atender os intereses do alumnado, ofrecéndolle respostas personalizadas para avanzar na súa aprendizaxe. - Mellorar o nivel de coñecementos do alumnado participante, para desenvolver ao máximo o seu talento e potencial de aprendizaxe, así como elevar os niveis de excelencia do sistema educativo. - Contribuír a unha maior personalización da aprendizaxe que garanta o éxito na educación. 		
Cursos implicados	ESO E BACHARELATO		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de alumnos/as participantes no Coro.		
Responsables	Vicedirección, Departamento de Música.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Aula coral - Masterclass de canto - Participación no IX Concurso Nacional de Coros Escolares - Aula coral infantil - Aula coral antigo alumnado - Colaboracións con distintas asociacións e organismos. 		
CPInnova: EDUSAÚDE			
Descrición do programa	Conxunto de actividades, medidas organizativas e/ou metodolóxicas deseñadas para o fomento dos hábitos de vida saudables do alumnado durante o horario lectivo. Con esta modalidade preténdese, por un lado que o alumnado adquira hábitos alimenticios saudables; e por outro lado que incremente o cómputo total de actividade física efectiva desenvolvida ao longo do día, dentro do horario lectivo. Todo elo, máis alá das áreas, materias ou módulos específicos.		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Adquirir, por parte do alumnado, hábitos alimentarios saudables. - Procurar un entorno alimentario saudable dentro do centro docente que promova e facilite unha dieta diversificada, equilibrada e sa. - Orientar ás familias na selección de alimentos saudables para o consumo do alumnado no centro docente. - Incentivar a adquisición autónoma de produtos alimenticios saudables, promovendo unha selección informada dos mesmos. - Incrementar a actividade física efectiva diaria do alumnado ao longo do horario lectivo. - Implantar estratexias e metodoloxías de aprendizaxe que permita a coexistencia da práctica de actividade física co normal desenvolvemento das sesións lectivas. - Favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro. 		
Cursos implicados	TODO O CENTRO		
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>	3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Participación do alumnado nas actividades programadas		
Responsables	Director, Departamentos de Educación Física, Relixión e Bioloxía.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Cribado de peso e talla para detectar sobrepeso e risco de obesidade -Actividades físicas variadas programadas durante todos os recreos do curso escolar, circuitos e deportes -Promover un ocio activo e saudable 		
CPInnova: EDUSOSTENIBILIDADE			
Descrición do programa	Conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas ou de actividades deseñadas para que os centros educativos evolucionen cara a un funcionamento ambientalmente responsable, e desenvolvan unha educación práctica para o desenvolvemento sostible, que impulse a concienciación e a adquisición de hábitos no alumnado, encamiñados a construír unha sociedade futura próspera, sostible ambientalmente e involucrada contra o cambio climático. Esta modalidade poderase desenvolver dentro ou fóra do horario lectivo		

Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Poñer en práctica conceptos educativos sobre desenvolvemento sostible e cambio climático, a fin de capacitar ao alumnado para adquirir un comportamento ambientalmente responsable. - Familiarizar ao alumnado coas fontes de enerxía sostibles e non contaminantes, imprescindibles para combater o cambio climático e que aportan beneficios de carácter económico e medioambiental. - Contribuír, dende os centros docentes, a lograr que as cidades, pobos e aldeas sexan espazos inclusivos, seguros, resilientes e sostibles, intentando reducir o seu impacto negativo, atendendo á calidade de aire, xestión de residuos, amortiguar posibles desastres e protexer o patrimonio cultural e natural. - Concienciar ao alumnado sobre a necesidade de conservar e protexer os ecosistemas tanto mariños como terrestres, reducindo a contaminación, restaurando os ecosistemas danados, evitando a perda de diversidade biolóxica ou promovendo unha xestión sostible dos recursos que nos proporcionan. 		
Cursos implicados	TODO O CENTRO		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	Recollida selectiva dos materiais de refugallo.		
Responsables	Director, Departamento de laboratorio de química, Departamento de debuxo.		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Mellora no mantemento de limpeza nas zonas de xardín do centro. - Mellora na xestión dos residuos do centro. - Colocación de paneis informativos polo centro para a concienciación do alumnado. - Creación de paneis nas árbores do xardín coa intención de por en valor a diversidade dos mesmos. - Realizar pequenas accións por parte da comunidade educativa que poden chegar a ser significativas. - Estudar a mellor ubicación e o mellor tipo de contedores para facer unha recollida selectiva do lixo xerado no centro. 		
CPIInnova: EDUCALIDADE			
Descrición do programa	O centro educativo como modelo de calidade a nivel organizativo, de xestión e de funcionamento		
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar e poñer en práctica distintos protocolos que rexan o día a día no centro. - Por solución efectiva ás falta contrarias á convivencia. - Participar activamente na busca de solución aos problemas que xurdan no día a día. - Buscar solucións encamiñadas ao aforro e á boa xestión dos recursos do centro. 		
Cursos implicados	TODO O CENTRO		
Temporalización	1º T ☒	2º T ☒	3º T ☒
Indicador	<ul style="list-style-type: none"> - Créanse protocolos para unificar as actuacións realizadas polos membros da comunidade educativa. - Recóllense e soluciónanse o 75% das incidencias xurdidas co servizo de transportes e comedor. 		
Responsables	Dirección, Vicedirección, Xefatura de estudos, Secretaría, Claustro		
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Revisión das NOF. - Posta en marcha da xestión do centro a través de ferramentas institucionais. - Establecer protocolos claros para dar solucións ás circunstancias que se dean no noso día a día. 		

- Crear un sistema de incidencias e propostas de solución.
--

22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Programa CUALE (Departamento de Francés)		
Descrición do programa	Ten por obxecto a mellora do nivel do alumnado de institutos de educación secundaria na materia de segunda lingua estranxeira, francés.	
Obxectivos	. O obxectivo principal deste programa é que o alumnado participante poida presentarse os exames dos niveis A2 e B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas e acreditar deste modo a súa competencia nesta lingua estranxeira. O alumnado poderá presentarse os exames das EEOOII e/ou os exames DELF da Alianza Francesa.	
Cursos implicados	4º ESO (A2) e 1º Bacharelato (B1)	
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Realización das probas da Escola Oficial de Idiomas e/ou da Alianza Francesa	
Responsables	M.Elena Pazos Cardoso	
Actividades	Preparación das probas en horario non lectivo: martes de 15.30 a 18 horas para o nivel A2 e xoves de 15.30 a 18.30 horas para o nivel B1.	

Acreditación do alumnado en L. Extranxeiras en centros públicos		
Descrición do programa	Ten por obxecto a regulación da xestión de probas de nivel lingüístico para o alumnado dos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, non escolarizado en ensinanzas pertencentes á Rede de Centros Plurilingües ou nas ensinanzas de PluriBach ou PluriFP.	
Obxectivos	O obxectivo principal destas probas é acreditar a competencia en lingua estranxeira do alumnado, nos niveis de competencia B1, B2 ou C1, descritos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas do Consello de Europa (MCERL), segundo corresponda.	
Cursos implicados	4º ESO, 1º e 2º Bacharelato	
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/>	2º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Realización das probas de acreditación	
Responsables	Director, Departamento de Inglés	
Actividades	Preparación das probas en horario lectivo e non lectivo.	

Plan Director para a mellora da convivencia	
Descrición do programa	Charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcohol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc...
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar a convivencia escolar. - Impulso da educación en valores.

	- Prevención e información das problemáticas a tratar.
Cursos implicados	1º, 2º e 4º ESO
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input type="checkbox"/> 3º T <input type="checkbox"/>
Indicador	Diminución da conflitividade provocada polo mal uso do teléfono móbil e as RRSS.
Responsables	Director, Departamento de Orientación e Tutores/as
Actividades	Charlas sobre o mal uso dos móbiles e sobre o acoso escolar.

Club de Lectura: “A Esmorga”.	
Descrición do programa	Enmarcado no proxecto de dinamización da Biblioteca, promovendo a participación do alumnado en experiencias lectoras compartidas, que facilitan a socialización entre iguais e tamén interxeracional. Proporciona a oportunidade de compartir gustos, emocións, inquiredanzas, en definitiva, a adquisición dos bens inmateriais que interveñen na formación do individuo como tal.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> - Traballar en prol da inclusión e na defensa da diversidade. - Desenvolver o pensamento crítico e a vontade de debater e compartir as propias opinións desde o respecto e a tolerancia cara aos que pensan diferente. - Desenvolver habilidades de interacción ao creamos novos grupos de conversa e relación, diferentes dos grupos-aula. - Potenciar a participación do alumnado masculino e do alumnado con problemas de adaptación e aprendizaxe.
Cursos implicados	ESO e BACHARELATO
Temporalización	1º T <input checked="" type="checkbox"/> 2º T <input checked="" type="checkbox"/> 3º T <input checked="" type="checkbox"/>
Indicador	Número de alumnos/as implicados.
Responsables	Coordinadora club de lectura.
Actividades	<p>. <u>Club Matemático</u>. Formado por alumnado da ESO e é levado pola profesora Sonia Freire. Entre 6 e 8 alumnas e alumnos. Reunións semanas os luns ás 16 horas na biblioteca.</p> <p>. <u>Club Feminista-LGTBI</u>. Formado por dúas seccións. A primeira, por alumnado da ESO e a segunda por alumnado de Bacharelato. Estas seccións son levadas polas profesoras Cristina Corral e Carla Blanco. Entre as dúas seccións contamos con un total 39 alumnos e alumnas. As reunións son semanais os mércores e os venres respectivamente, de 11.30 a 12.00.</p> <p>. <u>Club Ecoloxista</u>: formado por alumnado de ESO e Bacharelato. Será levado polo profesor Maximino Piñeiro. As reunións son quincenais, no departamento de Bioloxía e conta con 8 alumnas/os. Reúnense os xoves ás 11.30.</p> <p>. <u>O Club Xéneros Literarios</u>, está formado por alumnado de ESO. Este club será levado pola profesora Carlota Penelas e o profesor Brais Santamaría, que conta con 16 alumnas/os de ESO, que se van reunir na aula de apoio, os mércores ás 11.30</p> <p>. <u>Club Manga/Cómic</u>: Levado polo profesor Fernando Pazos, na que participa alumnado da ESO e do Bacharelato. Este club está conformado por 16 alumnos e alumnas. Teñen reunión quincenais os martes ás 11.30, na aula de apoio.</p>

23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Protocolo para a solicitude.- Escrito dirixido a directora razoando os motivos, necesidades, así como o evento a realizar, en que condicións e as garantías para asumir as responsabilidades a que houbera lugar.
- Horarios dispoñibles. – Fora de horarios lectivos. Polas tardes dende as 16:30 ata 20 horas e o pavillón ata as 00 horas. O pavillón tamén se utiliza no fin de semana por parte do Club de Baloncesto Estudiantes para competir.
- Solicitudes xa cursadas. Para o presente curso foi solicitado polo Coro Voces Brancas/Virindel e polo Club de Baloncesto Estudiantes de Pontevedra, o uso do pavillón para entrenar durante a semana e competir nos fins de semana.

Instalación: Aula de música/Usos múltiples			
Entidade que a usa	Coro: Voces Brancas/Vinderel		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input checked="" type="checkbox"/> Pais	<input checked="" type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Venres: 16:30 – 17:30 Sábados: 11:30 – 13:30		
Instalación: Pavillón.			
Entidade que a usa	Club de Baloncesto “Estudiantes”		
Participan membros da comunidade educativa	<input checked="" type="checkbox"/> Alumnos	<input type="checkbox"/> Pais	<input type="checkbox"/> PAS
Horario de uso	Luns: 18:15 – 23:15. Martes a Venres: 16:00 – 23:15. Sábados e Domingos: 10:00 – 14:00/16:00 – 21:00		

24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

- Establecemento de medidas dunha avaliación do funcionamento do centro: resultados académicos, práctica docente, relacións coa comunidade educativa.
- Medidas e recursos para levala a cabo.
- Temporalización.

Avaliación dos resultados académicos			
Medidas	Análise dos resultados do alumnado nos órganos do centro		
Órganos encargados	<input checked="" type="checkbox"/> CCP	<input checked="" type="checkbox"/> Claustro	<input type="checkbox"/> Consello escolar
Materiais e /ou recursos	Estatísticas realizadas en folla de cálculo.		
Temporalización			
1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>	3ºT <input checked="" type="checkbox"/>	

Avaliación da práctica docente			
Medidas	Seguimento da programación		
Órganos encargados	<input type="checkbox"/> CCP	<input checked="" type="checkbox"/> Claustro	<input type="checkbox"/> Consello escolar
Materiais e/ou recursos	Aplicación Proens.		
Temporalización			
1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>	3ºT <input checked="" type="checkbox"/>	

Avaliación da relación coa comunidade educativa			
Medidas	Recollida de suxestións por parte da comunidade educativa		
Órganos encargados	<input type="checkbox"/> CCP	<input checked="" type="checkbox"/> Claustro	<input checked="" type="checkbox"/> Consello escolar
Materiais e/ou recursos	Buzón de conserxería/comunicacións á dirección		
Temporalización			
1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>	3ºT <input checked="" type="checkbox"/>	

Avaliación da Programación Xeral Anual (Memoria Anual)			
Medidas	Recollida de informes e valoración do cumprimento dos obxectivos.		
Órganos encargados	<input type="checkbox"/> CCP	<input checked="" type="checkbox"/> Claustro	<input checked="" type="checkbox"/> Consello escolar
Materiais e/ou recursos	Informes de plans e proxectos e xestión dos recursos.		
Temporalización			
1ºT <input type="checkbox"/>	2ºT <input type="checkbox"/>	3ºT <input checked="" type="checkbox"/>	

Plan anual de Biblioteca

IES A XUNQUEIRA I
(PONTEVEDRA)

CURSO 2023-24

Sumario

1. Descrición do espazo físico e dixital, equipamento e fondos da biblioteca.....	3
Espazos físicos.....	3
Espazos dixitais.....	4
Fondos.....	5
2. Organización, rexistro, catalogación e automatización dos fondos documentais.	6
3. Orzamento anual específico para a biblioteca, número de horas asignadas á persoa responsable e ao equipo, e organización do profesorado para a atención da biblioteca.....	6
Orzamento.....	6
Responsable da biblioteca.....	7
Equipo de apoio da biblioteca.....	7
4. Horario e utilización da biblioteca.....	8
5. Normas de funcionamento en todas as dependencias da biblioteca (Biblioteca principal, Parnasillo e Terraza) -dirixido ao alumnado-.....	9
Que se pode facer na biblioteca?.....	9
Como nos debemos comportar na biblioteca?.....	9
Con respecto ao uso dos ordenadores,	10
Con respecto á orde dos libros nos estantes,.....	10
Con respecto ao uso do móbil,	10
6. Servizo de préstamo a usuarios.....	11
7. Uso da plataforma de préstamo de contidos dixitais E-LBE.2.....	11
8. Obxectivos xerais e particulares do noso centro neste curso 2023-24.....	12
En relación coa organización e xestión.....	12
En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca... ..	13
En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional.....	14
En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector.....	15
En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.....	15
Outras actuacións.	15
9. Actividades previstas, organización das mesmas e funcionamento.....	17

1. Descrición do espazo físico e dixital, equipamento e fondos da biblioteca

• *Espazos físicos*

- A Biblioteca do centro ten unha superficie de aproximadamente 300 m² entre a “**Biblioteca principal**” o “**Parnasillo**” e a “**Terraza**”. Os tres son complementarios e están en espazos contiguos na planta baixa do centro.
 - “**BIBLIOTECA PRINCIPAL**”: Consta de varios espazos funcionais: os **ESTANTES** (recollen un exemplar de cada obra, e están colocados por orde alfabética e distribuídos segundo a CDU; ás veces dispóñense estantes especiais con novidades ou suxestións de lectura), a **ZONA DE PRÉSTAMO** (para solicitar ou devolver as obras), a **ZONA DE ORDENADORES** (para consultar internet, facer traballos, buscar información...), a **ZONA DE MESAS E CADEIRAS** (para estudar, ler, traballar, xogar...), os **ESPAZOS INFORMAIS DE LECTURA** (pufs ou sofás para ler libros, periódicos, revistas...) e o **PUNTO DE LECTURA** (atril desde onde alguén pode ler en alto, facer unha exposición, etc.).
 - **ESPAZOS CONTIGUOS E COMPLEMENTARIOS**: Complementan o espazo principal na mesma planta mellorando a accesibilidade e diferenciando usos e funcións.
 - “**O PARNASILLO**” recolle o resto dos exemplares das obras de que falabamos no punto anterior e tamén é un espazo de lectura informal, de expresión, de lecer, de exposicións, actividades grupais, etc., para o aproveitamento e uso de todo o centro. Aos fondos deste espazo da biblioteca de momento só accede o profesorado encargado da mesma.
 - A particularidade deste novo curso é que o espazo do “Parnasillo” vai entrar en contacto directo coa aula de “Polos creativos”, non só polo feito de situarse na mesma planta baixa, senón porque compartiremos actividades, proxectos e metodoloxías creativas e interdisciplinarias.
 - “**A TERRAZA DA BIBLIOXÚN**” é un espazo informal de lectura e para xogos cooperativos. Segundo o uso que se lle de, será adaptado a novas funcións ou distribucións espaciais.
 - A particularidade deste novo curso é a mellora do espazo, máis acolledor e amable sobre todo durante os meses de inverno.

- **OUTROS ESPAZOS:** Poden albergar máis obras que forman parte igualmente dos fondos da biblioteca.
 - **“DESPENSA DO SABER”:** Serve de almacén para aquelas obras que, tras os sucesivos expurgos, serían de escaso uso hoxe en día (mesmo as consideradas como parte do chamado “fondo histórico”, isto é: obras que merezan conservarse polo seu valor).
 - **“DEPARTAMENTOS”:** Albergan algunhas obras de carácter didáctico e informativo e son xestionadas polos membros de cada departamento didáctico.

- **Espazos dixitais**
 - O centro ten unha **PÁXINA WEB** (<http://www.iesxunqueiral.com>) na que se atopan as referencias á biblioteca e a varios blogs do profesorado.
 - No **blog da biblioteca** (<http://biblioxun.blogspot.com>) atópase a ligazón ao **CATÁLOGO KOHA** (OPAC), que é o acceso público ás obras da biblioteca para toda a comunidade escolar e que tamén contén suxestións lectoras elaboradas polo equipo de biblioteca (“Listas públicas”).
 - Tamén no blog da biblioteca aparecen ligazóns a outros **BLOGS** como o **blog de Materiais educativos e repositorio dixital** (<http://oalfineteiroamigo.blogspot.com>), en continua renovación ; o **blog do Club de lectura** (<http://aesmorgaxunqueiral.blogspot.com>) no que aparecen con regularidade os libros que se len en cada trimestre, guías de lectura, traballos do alumnado; ou o **de Recensións e suxestións de obras**, elaborado por alumnado e profesorado do centro (<http://horasalegresquepasadesvoando.blogspot.com>).
 - O blog da biblioteca inclúe **“Actividades”**, referenciadas nas **ETIQUETAS** do mesmo, por orde alfabética e segundo as distintas **conmemoracións anuais** que se leven a cabo (“Día Internacional contra a Violencia de Xénero”, “Día mundial da Poesía”, “Día do Libro”, “Día das Letras Galegas”...), segundo o departamento didáctico ou outros temas. É especialmente recomendable a etiqueta **“Itinerario lector”** ou **“Bibliosuxestións”**, onde se recollen recomendacións literarias en función de distintas temáticas: libros nos que se aborda a diversidade sexual, a violencia de xénero, libros de poesía, de mulleres, sobre dereitos humanos, sobre viaxes, ciencias, de medo, etc.
 - O blog inclúe igualmente **LIGAZÓNS** ao seguinte: **“Concursos”**, o **“Autor/a do**

mes”, “Conto do mes”, a “Radio escolar” do centro (https://www.ivoox.com/escuchar-ies-a-xunqueira-1_nq_308678_1.html), programas literarios, revistas de literatura xuvenil, xornais e revistas de varios temas ou, por suposto, o **BLOG DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA** (<https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>).

• **Fondos**

- O **número** de obras que forman os fondos desta biblioteca pódese consultar a través do programa KOHA.
- Neste último aspecto merecen destacarse os seguintes **CRITERIOS DE SELECCIÓN E ADQUISICIÓN DE FONDOS**, aprobados no Consello Escolar no curso 2017-18:
 - A **colección** debe ser **variada** co obxectivo de responder ás múltiples **necesidades** do alumnado e tamén para abarcar todas as áreas curriculares de cada etapa educativa.
 - A **colección** debe ser **equilibrada** en canto ó **contido e á tipoloxía** de obras adquiridas e ofertadas. Deste xeito, as porcentaxes recomendadas neste centro serían as seguintes:
 - 50% de obras de carácter divulgativo e informativo (libros de contido xeral, revistas, atlas actualizados...);
 - 40% de obras de ficción (obras de literatura infantil e xuvenil en varias linguas, álbums ilustrados adaptados ao nivel de secundaria e bacharelato, obras de cómic e banda deseñada, etc.);
 - 10% de obras de consulta e referencia (dicionarios actualizados, enciclopedias...).
 - En canto ás obras de lectura obrigatoria, só se aceptará un número de exemplares que non supere o 6% do número total de alumnos de cada nivel, sempre e cando esta lectura corresponda a máis dun ano académico.
 - É preciso indicar que o número de obras que merque o Club de Lectura co seu presuposto queda ao criterio da persoa coordinadora, xa que depende do número de alumnos e alumnas participantes ou doutros criterios.

- En canto ás **PRIORIDADES** na adquisición de fondos, recoméndase seguir a seguinte orde de atención:
 - 1º: Peticións do alumnado (Obxectivo: partir dos seus gustos e inquiredanzas persoais para fomentar o goce na lectura e o hábito lector).
 - 2º: Peticións dos departamentos didácticos (Obxectivo: seleccionar as obras máis adecuadas para a adquisición, mellora e consolidación dos coñecementos correspondentes ás distintas áreas curriculares).
- As **SOLICITUDES** para a adquisición das obras deberanse dirixir a algún membro do “Grupo de biblioteca” do centro, que as atenderá, en primeiro lugar, nas primeiras semanas do curso escolar e, con certa regularidade, durante o desenvolvemento do mesmo.

2. Organización, rexistro, catalogación e automatización dos fondos documentais.

Para as funcións de organización, rexistro, catalogación e automatización dos fondos documentais, dispónse dende o curso 2021-22 do **Pograma KOHA**. O préstamo lévano a cabo distintos membros do **equipo de apoio da biblioteca** (profesorado con horas de Dinamización de biblioteca).

3. Orzamento anual específico para a biblioteca, número de horas asignadas á persoa responsable e ao equipo, e organización do profesorado para a atención da biblioteca.

• Orzamento

- A biblioteca dispón dun **6% do orzamento xeral** anual do centro.
- O curso 2018-19 a biblioteca do IES A Xunqueira I foi incorporada ao **Plan de mellora de bibliotecas escolares (PLAMBE) -dentro do PLAN LÍA (Lectura, Información e Aprendizaxe)**- para centros públicos non universitarios de titularidade na Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria da Xunta de Galicia. Por este motivo, este ano 2023-24 temos, a maiores do 6% unha cantidade de **3230 euros para fondos y para mobiliario/equipamento**.

- **Responsable da biblioteca**

- Julia Verdullas Fernández (Departamento de Lingua castelá e Literatura) é a persoa responsable da biblioteca e adica este ano tres recreos e 6 horas de clase a actividades da biblioteca.
- Realiza o tratamento técnico dos fondos, define os criterios para o préstamo, atende o servizo de préstamo xunto co equipo de apoio, coordina este equipo (actividades), forma parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica e fai a memoria anual (que inclúe unha avaliación dos servizos ofrecidos pola biblioteca, os apoios e actividades realizadas ao longo do curso e calquera aspecto que contemple a orde anual da convocatoria do PLAMBE) e que se integra na Memoria Final do centro.

- **Equipo de apoio da biblioteca**

- Ademáis da persoa responsable da biblioteca, o equipo está formado por **alumnos/as** (cunha participación ocasional, segundo a súa dispoñibilidade) e **profesores/as** (algunhas delas con horas de “Dinamización de Biblioteca”) pertencentes a distintos departamentos, ao equipo directivo ou que dirixen proxectos especiais. Todos apoian á responsable da biblioteca na súa organización e funcionamento, cooperan nas actividades, recollen propostas do profesorado ou establecen criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- **Profesorado:**
 - Dolores Cruz García (Departamento de Grego, con 5 recreos e 2 horas de clase a actividades da biblioteca. Fai actividades de xestión de biblioteca e suxire actividades relacionadas co seu ámbito de ensino).
 - Sonia María Freire Randino (Departamento de Matemáticas, con 2 horas de clase adicadas a actividades da biblioteca. Fai actividades de xestión de biblioteca e suxire actividades relacionadas co seu ámbito de ensino. Este ano tamén coordina o grupo de Polos Creativos, polo que haberá actividades colaborativas entre os dous equipos de traballo).
 - Manuel Reboredo Tajés (Departamento de Ciencias Sociais e responsable do Equipo de Normalización Lingüística. Colabora en actividades da súa especialidade e ámbito).
 - Ángeles Carla Blanco (Departamento de Lingua castelá e Literatura e responsable do Club de Lectura. Colabora en importantes actividades relacionadas co fomento da

lectura).

- Cristina Corral Soilán (Departamento de Lingua castelá e Literatura. Colabora en actividades de catalogación da biblioteca e dinamización da mesma a través de actividades co seu alumnado.
 - José M. Ramos González (Departamento de Matemáticas e Secretario. Colabora coa actualización da páxina do centro e outros blogs recollidos no da biblioteca. Soe levar a cabo os pedidos de fondos nas librerías).
 - Fernando Pazos García (Departamento de Galego. Participa en actividades relacionadas coa súa asignatura).
 - María del Carmen Rey Pazos (Departamento de Matemáticas. Participa con actividades relacionadas coa súa asignatura).
 - Blanca Barrio Gutiérrez (Departamento de Debuxo. Participa con actividades relacionadas co ámbito artístico).
 - Carlota Penelas Grela (Departamento de Francés. Participa con actividades relacionadas coa súa asignatura).
 - Clara Alonso Rodríguez (Departamento de Ciencias Naturais. Participa con actividades relacionadas coa súa asignatura).
 - Amancio Prado Meis (Departamento de Galego. Participa con actividades relacionadas coa súa asignatura).
 - María Mercedes López Sánchez (Departamento de Galego. Participa con actividades relacionadas coa súa asignatura).
- Os membros do equipo de biblioteca reúnen-se cada trimestre para comentar o correcto desenvolver das actividades e proxectos, para organizarse ou para tomar as decisións pertinentes en cada caso e ten a súa representación no Consello Escolar a través dunha comisión de biblioteca, a cal basicamente busca realizar propostas para melloras interesantes no desenvolvemento da súa actividade.

4. Horario e utilización da biblioteca

- A biblioteca estará aberta de martes a venres de 9 a 14:30 horas. O luns, de 9 a 18:10 horas.
- Para o servizo de préstamo ou devolucións de obras, a biblioteca está a disposición do alumnado durante o recreo.
- O horario do profesorado con Dinamización de biblioteca está exposto na entrada da

Biblioteca central.

5. Normas de funcionamento en todas as dependencias da biblioteca (Biblioteca principal, Parnasillo e Terraza) - dirixido ao alumnado-

Que se pode facer na biblioteca?

- Podemos ler libros ou revistas,
- estudar,
- facer deberes,
- desenvolver traballos manuais (de forma individual ou en grupo),
- consultar calquera obra exposta na sala,
- buscar información nos ordenadores,
- levar en préstamo calquera obra dos fondos (libros, DVD, xogos),
- asistir a conferencias,
- participar nas actividades propostas polo centro,
- participar nos xogos cooperativos permitidos (*),
- socializar cos compañeiros/as...

(*) Lembra: **NON** están permitidos os naipes, os dados ou calquera outro xogo de azar deste tipo.

Como nos debemos comportar na biblioteca?

- En primeiro lugar, débese coidar o material e o mobiliario, coa fin de que nos dure e de que siga sendo un lugar agradable para estar e convivir.
- En segundo lugar, débese manter una conduta respetuosa cos demais e procurar non empregar un ton de voz excesivamente alto.
- Por outra banda, cando te vaias, deixa a cadeira colocada e a mesa limpa para a persoa que a poida usar a continuación.
- Para finalizar, non se pode comer nela e hai que tirar o lixo na papeleira, non deixalo na

mesa nin no chan.

Con respecto ao uso dos ordenadores,

- podes usalos para buscar en internet,
- para facer algún traballo de clase,
- para entrar no teu correo académico ou na Aula Virtual,
- para enviar ou recibir algún documento,
- ou para facer actividades co profesorado durante as clases.

(*) Lembra: **NON** está permitido o uso do ordenador para actividades de carácter privado: chatear cos amigos, consultar as redes sociais, visitar páxinas impropias nun centro educativo, etc.

Con respecto á orde dos libros nos estantes,

- é necesario que cando saques un libro do estante volvas colocalo exactamente onde estaba. Podes empregar para iso o marcador disposto para este fin ou preguntar ao encargado/a da biblioteca nese momento.

Con respecto ao uso do móbil,

- debe estar sempre en silencio,
- podes usalo para escoitar música mentres estudas (con auriculares)
- e tamén podes empregalo puntualmente, sempre con supervisión dun profesor/a,
- pero **NON** queremos alumnado permanentemente conectado.

(*) Lembra: “Disconnect to reconnect”.

- A utilización da biblioteca supón a aceptación destas normas. O **incumprimento dalgunha delas** pode supoñer o desaloxo total ou parcial da biblioteca e pode impedir temporalmente o acceso a ela a aqueles alumnos ou alumnas que perturben o seu normal funcionamento.

6. Servicio de préstamo a usuarios

- **Como nos indentificamos para acceder a un préstamo?** Cada lector/a ten un **código**

persoal que o identifica e que aparece no carné de usuario/a. Pódese indentificar tamén indicando o nome e os apelidos.

- **Cando se pode efectuar o préstamo ou a devolución de obras?** O servizo de préstamos e devolucións realizarase preferentemente **durante os recreos**.
- **Cantos días dura o préstamo?** O alumnado pode ter a obra prestada **durante 15 días**, o profesorado, ata tres meses.
- **Pódese renovar a obra despois dos 15 días?** Pódese renovar a obra por **outros 15 días máis**, excepto se hai petición de reserva ou se é unha obra de lectura obrigatoria (con moita demanda).
- **Que pasa se non devolvo a obra na data indicada?** Se isto ocorre e non hai unha xustificación adecuada, pódese suspender o préstamo a este usuario/a. O equipo de biblioteca poderá reclamar a obra non devolta ao alumno e mesmo chamar ás familias se fora necesario.
- **Como debe estar a obra logo do préstamo?** A obra, sexa esta material textual, audiovisual ou tridimensional (xogos), debe ser devolta en perfectas condicións, igual que a atopou cando foi prestada. Para a correcta conservación e uso dos libros, non se pode escribir, subliñar, colorear ou abrir en exceso os mesmos. O dano por deterioro ou extravío do material de biblioteca en préstamo será **asumido polo lector/a**, que deberá restauralo ou substituílo por outro igual ou equivalente.

7. Uso da plataforma de préstamo de contidos dixitais E-LBE.2

- La plataforma E-LBE.2 (<https://bega-elbe2.edu.xunta.es>) procura ampliar as experiencias lectoras da comunidade educativa a través da lectura dixital e as posibilidades que ofrece para a mellora da competencia lectora e dos hábitos de lectura entre os máis novos.
- Pódese acceder á plataforma a través do ordenador ou mediante una aplicación móbil.
- O acceso á plataforma dixital está vencellado directamente á biblioteca. Para iniciar sesión nesta plataforma é necesario, **identificarse** e indicar o **contrasinal**, o cal será facilitado a alumnado e a profesorado cando así o solicite. Estes datos aparecen no carné de usuario da biblioteca. A primeira vez que se accede hai que **actualizar a conta de usuario**. Unha vez

introducidos os datos xa podemos comezar a utilizar a plataforma.

- **Unha vez que esteamos autenticados**, aparecerán os datos de “Nome” e “Apelidos” na barra de información. Nesta situación de autenticados, se prememos sobre o rótulo “Conta”, podemos acceder a unha pantalla desde onde teremos acceso a **diversas funcionalidades**: préstamos en liña, reservas, datos do/a lector/a, historial de préstamos, as miñas listaxes, buscas e notificacións. Para saír da sesión debemos premer sobre o botón Saír, situado na mesma zona.

8. Obxectivos xerais e particulares do noso centro neste curso 2023-24

En relación coa organización e xestión...

- O primeiro obxectivo é **seguir defendendo** ano a ano un **horario de biblioteca amplo para a persoa coordinadora e para o equipo**. Parece que a dirección ten vontade de seguir manténdoo (gardas de biblioteca, fomento da implicación do profesorado).
- **En canto o equipo de biblioteca, hai que seguir insistindo na importancia dunha participación de calidade no mesmo**.
- **En canto á labor do centro, é necesario volver insistir aínda máis no feito de que a biblioteca é de todos**, de que todos debemos construíla, fomentala e dinamizala no máis amplo sentido da palabra, porque todos imos obter beneficios dela en moitos ámbitos. Debe darse a coñecer o blog da biblioteca e o seu uso por parte dos titores e titoras. Deben levarse a cabo actividades en horas lectivas na biblioteca, que teñan que ver coa celebración das efemérides, coa lectura e o seu fomento, coa búsqueda de información, coa creación e presentación de traballos, co uso das novas tecnoloxías, etc.
- En canto á **xestión dos espazos**, temos pensado **seguir** conformando o novo espazo da **Terraza**, cun aumento de mobiliario (máis cadeiras e mesas) ou co progresivo acondicionamento do espazo. Por outra parte está o **Parnasillo**, que necesita con urxencia estantes novos e un solo novo. Esta era unha prioridade o ano pasado, pero aínda non tivemos presuposto para iso. De todas formas, recentes obras no centro melloraron a habitabilidade da Terraza, por exemplo. Tentaremos tamén facer cambios na decoración e distribución da **Biblioteca Central**. Queremos, tamén, buscar un lugar próximo á biblioteca para a **Radio Escolar**.
- En canto á **xestión da catalogación, préstamos e devolucións**, continuaremos co sistema **KOHA** que nos axuda en moitos sentidos. Hai que seguir colocando etiquetas e

códigos de barras aos exemplares, hai que ensinar a usalo, tanto a profesorado como a alumnado e hai que exprimir todas as súas posibilidades.

- Este ano pretendemos incluír o **carne da biblioteca** xunto co carne do centro. Isto facilitará, así mesmo, o uso eficiente do **catálogo ELBE-2** polo alumnado o ter incluído o número de usuario/a.

En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca...

- Seguiremos **difundindo e promovendo as actividades que poidamos** nos distintos **espazos** do centro, nos **blogs** da biblioteca e en **Instagram**. Tamén debemos seguir difundindo a necesidade de que todo o profesorado do centro **promova o uso destes espazos dixitais** como parte da aprendizaxe en distintos ámbitos.
- **Todas as actividades que se van propoñer na biblioteca estarán incluídas no currículo das materias e desenvolven a totalidade das competencias básicas.** Por unha banda, o feito de que sigamos propoñendo anualmente un **tema eixo da biblioteca** favorece que o profesorado seleccione actividades adecuadas ao seu currículo á vez que participan nun **proxecto común**. Por outra banda, as exposicións orais de carácter científico, as lecturas compartidas ou a creación literaria, a celebración de efemérides como o Día do Libro ou o Día das Letras galegas, entre outras, mesmo a escoita de charlas por expertos nunha materia axudan á **Comp. en Comunicación Lingüística**. A **Comp. Matemática, Comp. básicas en Ciencia e Tecnoloxía e Comp. Dixital** acádanse a través de exposicións orais de temas científicos, exposicións de obxectos creados polo alumnado, a selección e búsqueda de información nos fondos materiais e virtuais, celebrar o valor das mulleres científicas e matemáticas, o fomento de obradoiros impartidos polo propio alumnado a grupos de outros cursos, etc. Mellorarase o uso de ferramentas dixitais por dúas razóns: a participación no **Edixgal** en 1º e 2º de ESO desde o curso 2023-24 e a continuidade e desenvolvemento dos **Polos Creativos**. A relación co Departamento de Tecnoloxía é fundamental nestes casos. A **Comp. Social e Cívica** tamén se fomenta permitindo nos distintos espazos da biblioteca o traballo en grupo, así como o feito de compartir un lugar agradable no seu tempo de lecer. A biblioteca central e a Terraza favorecen este aspecto. A **Comp. de Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor**, así como a de **Aprender a Aprender** conséguense proporcionando os medios adecuados para que o alumnado por si mesmo busque información, se saiba desenvolver no uso da biblioteca, etc. A formación dos usuarios é básica para aprender a usar os catálogos e para desenvolverse sós nos distintos espazos. A **Comp. de**

Conciencia e Expresión Cultural acádase desenvolvendo actividades como exposicións de arte do alumnado, promocionando a participación en concursos de creación literaria ou artística, dentro ou fóra do centro, fomentando o uso das distintas linguas e manifestacións culturais diversas, etc. A maioría dos **temas transversais** se desenvolven tamén a través de actividades da biblioteca.

- Seguiremos contribuíndo á **alfabetización múltiple** recollendo en diversas entradas do blog **oalfineteiroamigo.blogspot.com** as referencias dixitais pertinentes para temas concretos ou asignaturas, recollendo no blog enlaces a distintos medios (radio, televisión, prensa, sobre todo relacionado con temas de actualidade e coa cultura) facilitando o uso dos equipos informáticos e creando materiais para a búsqueda de información, tratamento da información e comunicación do coñecemento. Hay que difundir adecuadamente o **catálogo dixital ELBE-2** e fomentar o seu uso para mellorar na autonomía e na mellora da competencia lectora.

En relación coa formación de usuarios e adquisición da competencia informacional...

- En canto á **formación de usuarios**, xa hai un compromiso coa directiva para facer que nas primeiras semanas do curso se organicen visitas á biblioteca para coñecer a súa distribución, funcións, normas de comportamento, etc. Isto será, fundamentalmente cos primeiros cursos da ESO, pero tamén é necesario para o resto do alumnado. Tamén debemos organizar visitas á **Biblioteca Pública** Carlos Oroza, de Pontevedra.
- Grazas á colaboración cos **Polos Creativos**, a biblioteca buscará aproveitar o uso das novas tecnoloxías e a formación que implica isto para mellorar no ámbito da **ALFIN/AMI** entre alumnado e profesorado. O tema do próximo curso, **Xogar na biblioteca escolar**, vai requirir a participación constante co Dpto. de Tecnoloxía e co equipo de Polos Creativos.
- A presenza da Biblioteca nun **espazo definido na Aula Virtual do centro** favorece que se aloxen aí tanto videotutoriais como documentos en PDF que ensinan a coñecer e a usar o catálogo da biblioteca ou o de ELBE-2 a profesores/as e estudantes.
- Incluiremos este ano as **Normas da Biblioteca** e a **Guía de Uso da Biblioteca** nas **axendas** para o alumnado, que se reparten a principio de curso.

En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector...

- Os fondos do PLAMBE e o presuposto do centro favorece que se merquen para a

biblioteca obras necesarias para ir enriquecendo o seu contido. Mesmo o tema que se propón cada ano tamén xenera una serie de compras especiais para desenvolvelo adecuadamente. Estas novas adquisicións serven para programar **actividades de lectura compartida**, lectura **coas familias** (que hai que mellorar), conmemoración de certas **datas, lembranzas** de autores e autoras, coñecemento de figuras significativas na nosa **historia**, exposicións nos andeis e mesas da biblioteca, etc. Por outra banda, son especialmente importantes as **suxestións** do alumnado (mangas, libros actuais, películas ou xogos) e seguir **fomentando a lectura**.

- Quizais este ano procuraremos un **lugar especial para os mangas** ou para obras en outras **linguas**.

En relación cos avances cara a unha biblioteca inclusiva.

- Temos que continuar a compra de obras co selo **Lectura fácil**, versións en **cómic** de clásicos da literatura, **xogos** inclusivos, fomento de **actividades grupais e participativas** adaptados a alumnado con dificultades de aprendizaxe, con necesidades especiais, inmigrante, etc. Poderíanse organizar actividades cos **grupos de reforzo** ou de **PMAR/Diversificación**, sempre que contemos coa colaboración do profesorado.

Outras actuacións.

- Con respecto ao **alumnado voluntario de biblioteca**, está organizado en torno a colaboracións puntuais e que xorden dos nosos propios grupos de clase. Este ano poderíamos aproveitar o sistema KOHA para ensinar as novas posibilidades de xestión da biblioteca e fomentar a colaboración do alumnado máis responsable.
- **Tema eixo que pon en relación o labor da maioría dos departamentos didácticos**, que ademáis pode xerar un **Proxecto Documental Integrado** moi interesante. No próximo curso o equipo elixiu o seguinte tema: **Xogar na biblioteca escolar**. Algunhas propostas: **Colaboración co Dpto. de Tecnoloxía** para o emprego de materiais dixitais ou robots para complementar a creación de xogos de todo tipo (desde outros departamentos, por exemplo, os de **linguas**). Aproveitamento das ferramentas de **Polos Creativos** (cortadora láser, máquina de chapas, impresora 3D, etc.) para crear xogos novos. **Bibliosuxestións** lectoras que teñan que ver co tema. Merca de **xogos cooperativos novos**, xa que son do gusto do alumnado. **Obradoiros** entre alumnado. Competicións de **Xadrez**. Uso dos xogos **que fomentan o coñecemento da lingua galega e a nosa cultura**. Charlas que desenvolvan o tema do **xogo como adicción**, etc.

○ **Ideas engadidas tras a reunión do equipo de biblioteca de finais do curso pasado**

(25/06/23):

- Participación na semana CAM (a mediados de marzo), organizado polo IES A Xunqueira II, evento sobre cómic, anime e manga, organizado polo seu club de lectura de manga e cómic do equipo de biblioteca desde o 2020. Nesta semana organízanse, por exemplo, obradoiros de haiku, origamis e *hama beads* (fichas de plástico cilíndricas que se funden), contacontos xaponés, kahoot, combates virtuais, pasapalabra, cosplay (disfrazarse dunha persoa de ficción) e exposicións de libros e figuras de acción.
- Antes das notas de Nadal ou Semana Santa poden propoñerse Torneos de Xadrez (xeral), campionatos de Tangram entre grupos (1º ESO), competición de cubos de Rubik -Olga y Marcos, alumnos de 4º ESO que pueden ayudar-.
- Desenvolver un de Trivial grande (taboleiro, dado gigante, queixiños, preguntas...) a partir de preguntas de dous libros (a escoller).
- Falar con César sobre un xogo que el mesmo inventou (¿pode ser o Día da Filosofía?)
- Scape Books (dentro do Club de Lectura). Avisar á coordinadora para que me informe de cando e como se levará a cabo.
- Conferencia sobre adicións ao xogo e/ou internet (¿policía?).
- Lectura de *A lebre mecánica*, de Leticia Costas, Premio Lazarillo de Creación Literaria 2021, que desenvolve os seguintes temas: as incertidumes vitais da adolescencia, o problema dos xogos de azar entre os adolescentes e a igualdade e a amizade sincera. A autora podería vir ao centro.
- Visita ao MUVI, museo do videoxogo, en Cangas, ao comezo do Casco Vello. Teñen visitas en grupo para centros de ensino, con cita previa.
- Desenvolver de novo o Día de Pi na biblioteca, actividade na que se se empregan varios xogos do gusto do alumnado e do Dpto. de Matemáticas.
- Empregar o ploter de corte para facer xogos (tres en liña, por exemplo) ou regalos para premios (marcadores, etc.)
- Preguntar aos compañeiros do Dpto. De Educación Física qué podería aportar ao tema dos xogos, en calquera sentido (mesmo se pode aproveitar o Día da non violencia para falar do deporte feminino).
- Preguntar á Vicedirección cando van ter lugar os xogos tradicionais, para incluílos como parte do tema da biblioteca. Pódese, mesmo, facer algún obradoiro ou

selección de obras relacionadas co tema.

- Pequenos cambios no espazo da Biblioteca central: usar o ploter de corte para facer novos carteis de biblioteca, preparar estante de magas, aumentar compra de xogos, comprar unha bola do mundo.

9. Actividades previstas, organización das mesmas e funcionamento

• 1º TRIMESTRE

- **Revisión do espazo da biblioteca. Exposición no contexto do Claustro / CCP / Consello Escolar** do funcionamento xeral da biblioteca, dos seus obxectivos e primeiros pasos. O novo claustro aposta por seguir mantendo o proxecto PLAMBE, e o equipo directivo colabora activamente na mellora tanto do espazo da biblioteca como no fomento das actividades e a participación do profesorado. **Elaboración do horario de biblioteca. Divulgación das “Normas da Biblioteca”, a “Guía para o Uso da Biblioteca” e desenvolvemento do programa de formación de usuarios:** Nas primeiras semanas do curso, sobre todo para os máis cativos, deberá organizarse, xunto coa Vicedirección, un Plan de formación de usuarios, que debería ser levado a cabo ou por membros do equipo de biblioteca ou polos propios titores e titoras. **1ª reunión do equipo de biblioteca¹ Formación do grupo de alumnado voluntario². Aprobación do Plan Anual de Lectura**, no que o papel da biblioteca ten esencial relevancia. Comezo do **PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO (PDI)**, interdisciplinario e coordinado desde a biblioteca: **“Xogar na biblioteca escolar”³. Mantemento activo e á vista do**

- 1 Este ano tentarei informar, a finais de mes e a través de medios dixitais, das posibles celebracións o mes seguinte, a ver se así nos enteramos todos.
- 2 Temos dúas opcións: a) colaboración ocasional, en función das necesidades de cada actividade; b) participación na Convocatoria do programa de Bibliotecas Escolares Solidarias. Debemos seleccionar ben ao grupo de alumnos e alumnas que colaborarán coa biblioteca. Debemos prefixar con anterioridade cales serán as súas funcións e cando nos poderemos reunir para levar un seguimento que nos beneficie a todos no bo funcionamento da biblioteca. É necesario estar atentos á Convocatoria do programa de Bibliotecas Escolares Solidarias para este curso, que soe saír sobre o 30 de novembro: Voluntariado na Biblioteca Escolar (Secundaria): *Recoñecemento de horas de voluntariado na biblioteca escolar, para o alumnado colaborador, mediante a emisión de diplomas de acción voluntaria correspondentes.*
- 3 Hai que ter en conta que o texto da convocatoria para traballo por proxectos (se queremos participar) sae arredor do 15 de abril, e o prazo de presentación de memorias remata o 10 de xullo -datas de anos anteriores-.

“buzón de suxestións” do alumnado. Difusión das primeiras “Novas de interese” (por Instagram): cartel e autor do lema deste ano de Bibliotecas Escolares, novidades literarias, exposicións e cine en Pontevedra, concursos convocados por outras entidades, etc. Especial interese teñen as novas relacionadas co tema eixo do ano. **Primeiras compras de libros:** lecturas trimestrais, relacionados co PDI, etc. **Radio na biblio** ⁴ Este ano cremos que temos un espazo novo para o novo material para a radio que chegou ao centro por parte do proxecto de Polos Creativos. Agardamos non só un espazo, senón tamén unha formación en radio escolar para o centro.

- **Comezar a xestionar a biblioteca:** Seguir co expurgo + Crear paquetes de películas por temática + Recoller enlaces a curtametraxes (educación en valores) que propón “Educación 3.0” (<https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/cortometrajes-educar-en-valores/>).
- **Celebración das efemérides** correspondentes ao 1º trimestre:
 - **OUTUBRO. Día das escritoras (luns 16 de outubro):** Celebración na semana do luns 16 ao venres 20. Información do evento nunha entrada do blog; selección de obras de poesía escrita por mulleres, entre elas novidades en poesía galega e os últimos premios literarios; lectura de poemas para Instagram (#amamosapoesía); lectura compartida na biblioteca. (recital de poesía + instrumento musical). Mercaranse novas obras que teñan que ver con mulleres escritoras e se proxectarán vídeos na biblioteca sobre o tema. **Día das Bibliotecas (martes 24 de outubro).** Celebración na semana do martes 24 ao venres 28. Pódense reunir fotos dos nosos rapaces/as lendo e facer unha exposición de fotografía nas paredes da biblioteca. Pódense reunir frases que ensalcen o valor da biblioteca. Pódense expoñer obras de temática sobre bibliotecas/librerías (pódese mercar algunha máis). **Do 23 ao 27 de**

4 Arredor do 5 de setembro (ata o 15 de outubro) sae a convocatoria do proxecto RADIO NA BIBLIO: participaremos a ver se este ano conseguimos entrar nel e dar visibilidade ás actividades da nosa radio.

outubro é a Semana da AMI (Alfabetización Mediática Informativa): Se podemos ter esa semana algo feito sobre ALFIN/AMI sería estupendo (vídeo, selección de páxinas, tríptico, libros, etc.). Se o alumnado das TIC pode facer algunha actividade proposta polo Dpto. de Tecnoloxía, moito mellor. **O mundo das ánimas, a Noite de Defuntos os magostos (noite do martes, 31 de outubro, - mércores, 1 de novembro).** Información no blog sobre estas datas na tradición galega (<https://narracionoral.es/index.php/gl/noticias-e-documentos/411-o-mundo-das-animas-os-defuntos-e-a-noite-de-defuntos-na-tradicion-galega>); convocatoria do “Concurso de contos de terror”, relacionado co tema eixo da biblioteca, (todo o mes de outubro para escribir os contos e entrega de premios o venres 3 de novembro); se é posible, lectura compartida das creacións gañadoras o día da entrega de premios.

- **NOVIEMBRE. Mes da ciencia en galego:** Bibliosuxestión de obras (en galego e en castelán, libros formativos e de ficción, para todas as idades, ilustrados ou non) relacionadas coa ciencia no sentido máis amplo do termo. Preguntaremos aos profes de ciencias que poden facer durante este mes para conmemorar esta data tan importante. Podemos mercar algunha obra recente a partir das suxestións de ELBE.2 . **Día Mundial da Filosofía (xoves 16 de novembro):** entrada no blog, exposición de libros na biblioteca e posible actividade do departamento de Filosofía (¿Xogo de César?); pódese consultar a seguinte ligazón para ideas (<https://www.educaciontrespuntocero.com/recursos/dia-mundial-filosofia/>). **Día Internacional contra a Violencia de Xénero (sábado 25 de novembro):** Celebración na semana do luns 20 ao venres 24. Durante toda a semana conmemoramos este día coa publicación dunha nova entrada no blog, con información xeral, enlaces de interese, actividades na cidade de Pontevedra, música, artigos periodísticos, etc. Tamén se ofrecerá unha selección de obras (películas,

ensaios, de ficción, informativos ilustrados...) que forme parte da Bibliosuxestión correspondente, e a convocatoria dun “Concurso de microrrelatos” que este ano levaría por título “Violencia a través da rede: enrédate sen machismo” (comentarios á entrada do blog; escribirán os microrrelatos do luns 6 ao luns 20 de novembro, e o venres 24 pódense ler na biblioteca na entrega de premios. Pódese suxerir aos profes de debuxo que participen nalgún concurso (¿Delegación de Goberno de Pontevedra?) ou se pode propoñer un concurso particular, “Ilustra o texto”, que consistiría en seleccionar distintos textos relacionados co tema para que o alumnado illustre. Outra proposta para traballar en titoría ou Valores Éticos: Creación dun mural colaborativo (mensaxes de rexeitamento contra a violencia de xénero + búsqueda de noticias na prensa relacionadas co tema + análise de letras de certas cancións para detectar mensaxes discriminatorias ou que favorezan a violencia + estudo de anuncios sexistas, etc). Pódese facer un tríptico con información -apps (“Libres”, “Agresión off”, “SOS Emergencias”, “Enrédate sen machismo”- ou recursos (“Equitrivia” -xogo-, “Pillada por ti” -cómic gratis en pdf-, “Redes cubrindo Galicia”, “Pantallas amigas” -promoción do uso seguro e saudable da internet e outras TIC)-. Pódese facer unha “Maratón de lectura” na biblioteca con fragmentos de obras significativas (*Feminismo para torpes*, de Nerea Pérez de las Heras; *Manual para incendiar el paraíso. La revolución prohibida de las mujeres*, de María Murnau; *El hombre que no deberíamos ser*, de Octavio Salazar; *Morder la manzana*, de Leticia Dolera, etc -poño estes títulos porque non os temos na biblioteca -pódense mercar- pero poderían escollerse outros-). Pódense prantar flores ou prantas por cada muller asasinada durante o ano (¿cos rapaces de reforzo?). Pódese, tamén, pintar camisetas con referencia ao tema e colgalas polo centro (de verdade ou de cartulina).

- **DECEMBRO. Día Internacional das Persoas con Discapacidade (sábado 3 de**

decembro): Compra e exposición (toda a semana) de obras na biblioteca, relacionadas coa inclusión, a diversidade funcional e de “Lectura fácil”; nova entrada no blog. **Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (sábado 10 de decembro):** Celebración, a semana seguinte. Exposición de obras, bibliosuxestións e posible lectura compartida coas familias (falar coa directora da AMPA para ver se len algún día. **O Nadal (venres 23 de decembro – luns 9 de xaneiro):** Decoración a semana anterior coa figura do Apalpador, que trae consigo unha chea de libros para escoller (novidades dese mes). Exposición e posible Bibliosuxestión lectora en papel / dixital para o Nadal. Suxerir á AMPA que tamén decore a biblioteca do centro.

- ¿Torneos de xadrez ou cubos de Rubik?
- **Outras exposicións:** de **novidades**, temáticas específicas baixo distintos **cancelos** en *Instagram* (#mesiñascuquis, #bocadiñosdelecturas, #estantesdabiblioxún). **Concursos:** **Os indicados arriba;** normalmente, haberá tres modalidades e tres tipos de premios: 1º/ 2º ESO, 3º/4º ESO e Bacharelato. **Concursos doutras entidades.**
- **En novembro soen ter lugar **Xornadas de Bibliotecas Escolares de Galicia****, no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela. Poden ir os que se apunten na páxina de Formación de Profesorado.
- **Exposición ao claustro de profesores/as das actividades** levadas a cabo na biblioteca durante o trimestre.

• 2º TRIMESTRE

- **2ª reunión do equipo da biblioteca.**
- **Celebración das efemérides** correspondentes ao 2º trimestre.
 - **XANEIRO. Día de Martin Luther King Jr (martes 16 de xaneiro):** Entrada

especial con información no blog e posible charla-debate sobre o tema (dependerá da dispoñibilidade dos/as profes de inglés). **Día Internacional da Conmemoración das Vítimas do Holocausto e Día Escolar da Non Violencia e a Paz (sábado 27 e martes 30 de xaneiro).** Celebración durante toda la semana (do luns 22 ao martes 30 de xaneiro). Información no blog; bibliosuxestión lectora e creación duns bonitos marcadores de libros que buscan a concienciación e a importancia da educación e a cultura para combatir as inxustizas; comprar e expoñer películas sobre tema antibelicista ou de banda deseñada pola paz. **Día da Ilustración (luns 30 de xaneiro):** Recuncho na biblioteca adicado á persoa correspondente e á figura de Castelao. Bibliosuxestións. Se o departamento de Galego fai algunha actividade, estupendo.

- **FEBREIRO. Día Internacional de Internet Segura (martes 6 de febreiro):** Entrada no blog con información e presentación dalgún material feito polo departamento de Tecnoloxía + Bibliosuxestión lectora (libros informativos mercados o ano pasado) **Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia (domingo 11 de febreiro):** Celebración na semana que vai do luns 5 ata o 10 de febreiro. Bibliosuxestión lectora do tema e información sobre mulleres científicas polos corredores do centro; e lectura compartida de alumnado da ESO, de biografías de mulleres científicas de todas as épocas, organizado polo Dpto. de Matemáticas. Ver a curtametraxe “Científicas en corto” (2017/18) en bibliotecasafo.wordpress.com e propoñer un debate nalgunha clase. **Entroido (luns 12 – mércores 14 de febreiro):** Posible decoración da biblio ou algunha outra celebración que propoña a vicedirección. Se quere o Dpto. de Debuxo facer algunha intervención co día, perfecto tamén. **Día dos namorados / Día dos amores di-versos (martes 14 de febreiro):** Pódese colocar un panel para a escritura voluntaria nalgún espazo da

biblio ou na entrada do centro co lema “Amores di-VERSOS” para que o alumnado escriba poemas/frases sobre o tema. Proposta de “Love Letters” para algún profe/grupo de inglés. Tamén se pode aproveitar o día para celebrar os amores dentro do ámbito LGTBI+ xa que cara o final de curso soe quedar diluída a celebración, e pensamos que é un día importante. **Día de Rosalía (venres 23 de febreiro):** Propoñer algunha actividade ao Departamento de Galego (o ano pasado fíxose unha volta ao rosco de “Pasapalabra”, por exemplo, e tería que ver co tema da biblioteca). Outra idea: propoñer ao departamento de música que calquera día desta semana se toque/cante algo de raíces galegas.

- **MARZO: Día internacional da Muller (mércores 8 de marzo):** Celebración durante a semana do 6 ao 10 de marzo. Información no blog, bibliosuxestións lectoras (libros de coeducación). Photocall de mulleres (a exposta o ano pasado desde o Departamento de Debuxo). Pódese propoñer o estudo e a realización dunha presentación sobre un personaxe feminino de calquera ámbito. Na materia de TICS, posible exposición de traballos acerca de mulleres informáticas no Parnasillo. Pódese buscar a colaboración co equipo de Igualdade. Con outro grupo de titoría pódese propoñer a colaboración coas familias: que o alumnado grave un pequeno vídeo mentres as mulleres da familia respondan á pregunta “Cal cres que é a muller da túa familia da que se debería tomar exemplo e por que?”. Calquera proposta que se nos faga desde o profesorado será benvinda. **Semana da prensa (do luns 4 ao venres 8 de marzo):** Traballo na aula con xornais un día desa semana, as noticias falsas, o papel dos medios de comunicación no día a día... Pódese relacionar co Día Internacional da Muller. Día de Pi (14 de marzo): Organizado polo Dpto. De Matemáticas, e directamente relacionado co tema eixo da biblioteca, estableceranse uns días para que alumnado da ESO acuda á biblioteca para participar en xogos

matemáticos variados e de moita aceptación. **Día Mundial da Poesía (jueves 21 de marzo)**: O alumnado voluntario pode axudar a facer unha exposición de libros de poetisas. Creación de vídeo-poemas (#amamosapoesía), por parte de alumnado de 2º Bacharelato na materia de Lingua Castelá. Alumnado da ESO volvería a coller a árbore creada o ano pasado, “O Rumoroso”, para colgarlle as polas-poemas. **“V Xogos Florais do IES A Xunqueira I”: concurso de poesía**; poderanse escribir os poemas, en castelán e en galego, do 1 ao 18 de marzo, e entregar os premios mais a lectura compartida diante do Rumoroso o propio día da poesía, ou o venres 22. Posible lectura acompañada dalgunha peza musical, polo tanto ver que propoñen no departamento de Música. Pódense escribir poemas con rotulador branco nas ventás. Pódese propoñer un obradoiro de poesía. Pódese facer un concurso de fotografía: facer un poema cos títulos dos lomos de libros distintos, compoñelos e facerlle una fotografía. O Dpto. de Debuxo fixo o ano pasado a exposición de poemas en carteis por todo o centro, coma se fosen grafitis, poderíase repetir.

- **Outras exposicións:** **“Estantes de libros para a ESO”**, **“O tendal dos aniversarios”** (Desde xaneiro, exposición e conmemoración do nacemento ou a morte de diversos persoeiros a través de carteis na biblioteca, mencións en *Instagram*, exposición dalgunha obra literaria ou formativa publicada recentemente, mesmo algunha lectura compartida). **Xogos Cooperativos**. **Novas de interese**. **Charlas:** **“Educación sexual”**, impartida pola Cruz Vermella. **Concursos:** **V Xogos Florais do IES A Xunqueira I de Pontevedra**. Hay que pensar o tema, pero sempre ha de xirar ao redor do tema da biblioteca este ano. **Concursos doutras entidades**.
- **¿Torneos?**
- **Deberase cubrir a solicitude para a CONTINUIDADE NO PLAMBE**. Antes, aprobación polo **Claustro**.

- **Exposición ao claustro de profesores/as das actividades.**

• 3º TRIMESTRE

- **3ª reunión do equipo de biblioteca.**
- **Celebración das efemérides** correspondentes ao terceiro trimestre.
 - **ABRIL. Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil” (martes 2 de abril):** Se non se fixo antes, pódense expoñer á vista libros xuvenís para a ESO. **Día Mundial do Libro (martes 23 de abril):** Celébrase toda a semana (“Semana do libro”, desde o luns 22 ata o 26 de abril). Pódese proxectar no corredor un vídeo con vídeo de bibliosuxestións de todo o ano. Este ano pensaremos algunha forma distinta de celebrar o día, porque as recomendacións no recreo fanse xa repetitivas.
 - **MAIO. Día Internacional contra o Acoso Escolar (xoves 2 de maio):** pódese preguntar á vicedirección se pode organizar á semana seguinte algunha charla con respecto a este tema (do 8 ao 12 de maio. Tamén se pode facer unha exposición de obras nun recuncho. **Día das Letras galegas (venres 17 de maio):** Celébrase toda a semana (desde o luns 13 ata o venres 17). Ademais da correspondente bibliosuxestión lectora nos andeis da biblioteca, o Departamento de Galego pode propoñer algunha actividade relacionada co persoeiro homenaxeado este ano (acrósticos de..., postais para..., “rede de afectos” cara a lingua galega, cocurso “Completa unha frase de...”, regueifas con Kike Estévez, lecturas dramatizadas de obras en galego...).. Sería interesante preguntar ao EDLG, por se teñen algo preparado. **Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia (venres 17 de maio):** Soe quedar diluído no final de curso, pero sempre hai ocasión de suxerir obras e visibilizalas nun recuncho (unha idea: ¿na Terraza, xunto cunha bandeira e un panel para escribir mensaxes sobre o tema?). Pódese botar man da

serie de libros de coeducación.

- **Outras exposicións:** Exposicións fotográficas, “O tendal dos aniversarios”... **Visita de autores:** O ENLG soe traer algún autor/a galego/a de obras lidas no Club de Lectura este ano. **Dentro do programa de PONTECIENCIA**, non sei se este ano se fará algo coma o pasado. **Concursos:** Contemos con que arredor do 2 de abril sairá o **Concurso de Podcasts (Radio na biblio)**; Se hai profesorado encargado, sería bo participar. **Concurso Ven veñas Maio**, organizado pola Consellería de Normalización Lingüística en colaboración coa Coordinadora de equipos de Normalización Lingüística dos institutos públicos de Pontevedra, que acolle traballos de narración curta, banda deseñada, teatro, música, fotografía ou poesía. Propostas de **concursos doutras entidades** no panel informativo da biblioteca. **Elaboración do boletín de suxestións de lecturas para o verán. Publicación da revista do instituto, Xuncos**, que recolle textos de creación literaria, artigos de opinión, textos expositivos, bandas deseñadas, ilustracións, etc. realizados polo alumnado do centro; comentarios sobre persoeiros que teñen a ben amosarnos as súas experiencias, coñecementos e creacións; as actividades que se fixeron durante o ano co gallo de celebracións, concursos, certames, etc; as viaxes culturais e de lecer; as actividades da Orquestra e do Coro do centro...
- **Encontros PLAMBE:** Celebraranse arredor do 15/16 de abril. Só vai a responsable da biblioteca.
- **Avaliación** das actuacións levadas a cabo este ano pola biblioteca (enquisa para o alumnado na Aula Virtual). **Elaboración da Memoria da Biblioteca**. Ata o de agora, o 10 de xuño era a data límite para entregar a memoria, a avaliación e a xustificación económica. O 10 de xullo, ata o de agora, era a data para facer a solicitude de renovación do PLAMBE e as liñas prioritarias para o ano que vén. **Revisión do préstamo e dos posibles atrasos ou perdas de libros.**

- **Exposición ao claustro de profesores/as das actividades** levadas a cabo na biblioteca durante o trimestre.

- **ACTIVIDADES DURANTE TODO O CURSO:**

- **Desenvolvemento do PDI:** Tema eixo que pon en relación o labor da maioría dos departamentos didácticos, que ademáis pode xerar un **Proxecto Documental Integrado** moi interesante. No próximo curso o equipo elixiu o seguinte tema: **“Xogar na biblioteca escolar”**. XA expuxemos propostas ao inicio deste documento.
- **Lecturas compartidas** no “Punto de lectura”, **Contacontos**, **Encontros e charlas** con autores e autoras de literatura en galego. **Obradoiros literarios, artísticos, etc.** **Expurgo e catalogación progresiva.** **Difusión** de eventos, actividades e biblosuxestións **Actualización regular** do blog e da conta de *Instagram*.

Plan anual de lectura

IES A XUNQUEIRA I
(PONTEVEDRA)

CURSO 2023-24

SUMARIO

1. Achegas dos departamentos didácticos ao Proxecto Lector.....	3
2. A Biblioteca.....	4
• Espazos físicos da biblioteca:	4
3. Obxectivos do Proxecto Lector.....	7
4. Actividades	7
4.1. Actividades do Plan Anual: Curso 2023-24.....	7
5. Proxecto do Club de lectura “A Esmorga”	10
Presentación do club.	10
2. Finalidades. Relación co Proxecto Lector de Centro e a Biblioteca Escolar. E A BIBLIOTECA ESCOLAR	10
3. Actividades programadas	11
4. Composición e número de participantes aproximado.	12

O Proxecto Lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. **É a referencia para a programación do Plan Anual de Lectura**, que se incorpora cada ano á **Programación Xeral Anual do centro**.

1. Achegas dos departamentos didácticos ao Proxecto Lector

Revisadas as programacións didácticas dos departamentos para o curso académico 2023-24, atopamos diversas aportacións ao proxecto lector, que resumimos a continuación:

- **Lectura de diversos textos:**

- Lectura do libro de texto da materia coa axuda do profesor/a para a comprensión do mesmo.
- Lectura de textos diversos (libros, artigos,...) relacionados coas materias.
- Lectura de textos literarios, de biografías...
- Lectura dramatizada de obras teatrais na clase.
- Lectura da prensa diaria en clase.

- **Elaboración de textos por parte do alumnado:**

- Transformación de textos en colaboración cos departamentos de linguas estranxeiras. Ditos departamentos aportan letras de cancións de onde os alumnos/as extraerán conceptos que representarán plasticamente nas diferentes materias impartidas polo departamento de debuxo.
- Realización de guións de banda deseñada, fotonovela, corto de vídeo, montaxe de diapositivas, presentacións de Power Point, etc.
- Narracións feitas polos propios alumnos e alumnas.

- **Actividades relacionadas coa competencia comunicativa/lectora:**

- Realización de encrucillados, sopas de letras, acrósticos...
- Xogos que desenvolvan aspectos relacionados coa materia (creación de historias, xogos cooperativos, xogos de aprendizaxe, etc.)
- Traballo con cancións: música, letra, significados...

- Teatro: facendo dos textos un motivo de participación e integración de todo o alumnado na aula.
- Cinefórum.
- Realización de traballos sobre: anuncios gráficos, publicidade escrita ou recollida dos medios de comunicación (radio, televisión, Internet,...).
- Participación con actividades de distinto tipo, relacionadas co tema eixo da biblioteca (integrador, interdisciplinario).

2. A Biblioteca

- **Espazos físicos da biblioteca:**

- A Biblioteca do centro ten unha superficie de **206 m²** entre a “Biblioteca principal” (104 m²) o “Parnasillo” (102 m²) e a “Terraza” (...m²). Os tres son complementarios e están en espazos contiguos na planta baixa do centro.
- **“BIBLIOTECA PRINCIPAL”**: Consta de varios espazos funcionais: os **ESTANTES** (recollen un exemplar de cada obra, e estas están colocadas por orde alfabética e distribuídas segundo a CDU; ás veces dispóñense estantes especiais con novidades ou suxestións de lectura), a **ZONA DE PRÉSTAMO** (para solicitar ou devolver as obras), **ZONA DE ORDENADORES** (para consultar internet, facer traballos, buscar información...), a **ZONA DE MESAS E CADEIRAS** (para estudar, ler, traballar, xogar...), os **ESPAZOS INFORMAIS DE LECTURA** (pufs ou sofás para ler libros, periódicos, revistas...) e o **PUNTO DE LECTURA** (atril dende onde alguén pode ler en alto, facer unha exposición, etc.).
- **ESPAZOS CONTIGUOS E COMPLEMENTARIOS**: Complementan o espazo principal na mesma planta mellorando a accesibilidade e diferenciando usos e funcións.
 - **“O PARNASILLO”** recolle o resto dos exemplares das obras de que falabamos no punto anterior e tamén é un espazo de lectura informal, de expresión, de lecer, de exposicións, actividades grupais, etc., para o aproveitamento e uso de todo o centro. Aos fondos deste espazo da biblioteca de momento só accede o profesorado encargado da mesma.
 - **“A TERRAZA DA BIBLIOXÚN”** é un novo espazo informal de lectura estreado este ano. Segundo o uso que se lle de, será adaptado a novas funcións ou distribucións espaciais.

- **OUTROS ESPAZOS:** Poden albergar máis obras que forman parte igualmente dos fondos da biblioteca.
 - **“DESPENSA DO SABER”:** Serve de almacén para aquelas obras que, tras os sucesivos expurgos, serían de escaso uso hoxe en día (mesmo as consideradas como parte do chamado “fondo histórico”, isto é: obras que merezan conservarse polo seu valor).
 - **“AULAS MATERIA”:** En canto poida retomarse o seu uso (a pandemia o impide), cada aula poderá dispoñer dunha **biblioteca de aula**, con obras especializadas nas distintas materias impartidas.
 - **“DEPARTAMENTOS”:** Albergan algunhas obras de carácter didáctico e son xestionadas polos membros de cada departamento didáctico.
- **Espazos dixitais da biblioteca:**
 - O **centro** ten unha **páxina web** (<http://www.iesxunqueira1.com>), na que se atopan as referencias á biblioteca e a varios blogs do profesorado. No **blog da biblioteca** (<http://biblioxun.blogspot.com>) atópase o enlace ao **Catálogo Meiga** e tamén enlaces a outros blogs como o **de Recensións e suxestións de obras**, elaborado por alumnado e profesorado do centro (<http://horasalegresquepasadesvoando.blogspot.com>); o **blog de Materiais educativos e repositorio dixital** (<http://oalfineteiroamigo.blogspot.com>), en continua renovación ; ou o **blog do Club de lectura** (<http://aesmorgaxunqueira1.blogspot.com>) no que aparecen con regularidade os libros que se len en cada trimestre, guías de lectura, traballos do alumnado, etc.
 - O blog da biblioteca inclúe **ACTIVIDADES**, referenciadas nas etiquetas da dereita do mesmo, por orde alfabética e segundo as distintas **conmemoracións anuais** que se leven a cabo (“Día Internacional contra a Violencia de Xénero”, “Día mundial da Poesía”, “Día do Libro”, “Día das Letras Galegas”...), segundo o departamento didáctico ou outros temas. É especialmente recomendable a etiqueta **“Itinerario lector”** ou **“Bibliosuxestións”**, onde se recollen recomendacións literarias en función de distintas temáticas: libros nos que se aborda a diversidade sexual, a violencia de xénero, libros de poesía, de mulleres, sobre dereitos humanos, sobre viaxes, ciencias, de medo, etc.
 - O blog inclúe igualmente enlaces ao seguinte: **CONCURSOS**, o **AUTOR/A DO MES**, o **CONTO DO MES**, a **RADIO ESCOLAR** do centro (https://www.ivoox.com/escuchar-ies-a-xunqueira-1_nq_308678_1.html), **programas literarios**, **revistas de literatura xuvenil**,

xornais e revistas de varios temas ou o **BLOG DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA** (<https://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>).

- **Uso e funcionamento da biblioteca:**

- Un dos obxectivos do proxecto lector é incrementar o interese polo uso da biblioteca por parte da comunidade educativa, de xeito que non só sirva para o préstamo de libros e películas, senón tamén para a realización doutras actividades relacionadas co fomento da lectura.
- Horario de utilización: a biblioteca mantense aberta durante toda a xornada escolar e ademais en horario de tarde: de luns a xoves de 9 a 14:30, e venres, de 9 a 14:30. O acceso é libre para calquera persoa da comunidade educativa.
- Horario de préstamos: durante os recreos, todos os días de 11:30 a 12:00h.
- Actividades que se realizan habitualmente na biblioteca:
 - lectura e consulta de libros;
 - estudo e realización de traballos individuais e colectivos;
 - consultas en internet;
 - actividades lúdicas de diverso tipo (xogos colaborativos, xadrez...).
 - exposición de traballos artísticos, literarios ou científicos nos estantes ou nas paredes;
 - exposicións dixitais (axudados do proxector e o micrófono, diante dos compañeiros e compañeiras);
 - actividades relacionadas co tema eixo dese ano na biblioteca, coas efemérides seleccionadas no plan anual ou con celebracións significativas que reforcen os contidos transversais do currículo;
 - reunións da CCP, do Consello Escolar, da AMPA;
 - reunións do club de lectura e do equipo de apoio da biblioteca;
- Tres profesores son responsables da súa xestión: fichar, ordenar, facer préstamos, dar altas e baixas...

- Non contamos con bibliotecario/a, pero si cunha responsable das actividades da biblioteca, a profesora Julia Verdullas Fernández, que recibe a colaboración dun equipo de apoio e a supervisión do Equipo Directivo.

3. Obxectivos do Proxecto Lector

- Desenvolver a competencia lectora do noso alumnado.
- Favorecer a competencia literaria.
- Educar no uso crítico da información.
- Fomentar o hábito da lectura.
- Apoiar a adquisición das competencias básicas, especialmente:
 - comunicación lingüística,
 - tratamento da información e competencia dixital,
 - competencia cultural e artística,
 - competencia para aprender a aprender.

4. Actividades

Dentro do **Proxecto Lector**, establecemos tres grandes liñas de traballo, ou actividades-marco:

- Fomento do hábito de lectura en todas as áreas.
- Actividades de educación documental e de formación de usuarios/as, na biblioteca.
- Ensinanza de estratexias de comprensión lectora en todas as áreas.

Para cada curso, no correspondente Plan Anual de Lectura, concretaranse actividades que desenvolverán eses aspectos.

4.1. Actividades do Plan Anual: Curso 2023-24.

- **Fomento do hábito de lectura (en todas as áreas):**
 - Oferta atractiva de libros e películas, adaptados aos gustos e necesidades de toda a comunidade escolar.
 - Adquisición de libros diversos, fomentando unha biblioteca inclusiva: recomendacións de libros co selo “Lectura fácil”, temática coeducativa, formatos distintos aos habituais de

lectura -novelas gráficas, álbumes ilustrados...-, libros formativos atractivos ás necesidades do alumnado en diversos campos, etc.

- Elaboración de guías de lectura ou recomendacións (“bibliosuxestións”) durante todo o ano e tamén con vistas ao lecer do alumnado (vacacións, fins de semana...).
 - Presenza da prensa e de revistas actualizadas e de actualidade.
 - Actividades na biblioteca (contacontos, xogos, charlas, lectura compartida, celebración de efemérides...).
 - Utilización da biblioteca para impartir algunha clase, así como para os días ou momentos adicados á lectura.
 - Colaboración directa co Club de Lectura, co Grupo de Normalización Lingüística ou co Departamento de orientación nas súas actividades anuais relacionadas co fomento da lectura, adquisición de bos hábitos e valores esenciais (exposicións, lecturas, charlas...).
 - Animar ao uso da biblioteca por parte das familias, sobre todo a través da lectura compartida.
- **Actividades de educación documental e formación de usuarios/as (biblioteca):**
 - Coñecer a biblioteca do IES A Xunqueira. Visitas do alumnado, charlas informativas: normas de uso, CDU, colocación dos libros... Este ano a actividade sustitúese por un vídeo que cada titor ou titora deberá poñerlle ao seu alumnado nas clases (organización, funcionamento, fondos, espazos físicos e dixitais, sistema de préstamos, etc.).
 - Propoñer tarefas de aprendizaxe onde se teñan que consultar libros da biblioteca dun xeito guiado.
 - Mellora do proceso de alfabetización informacional a través de actividades ou información nos espazos dixitais do centro.
 - Potenciar e lograr a autonomía do alumnado no uso da Biblioteca.
 - **Ensinanza de estratexias de comprensión lectora (en todas as áreas):**
 - Actividades específicas de comprensión lectora en cada unha das áreas, mediante o comentario e análise de diferentes textos.
 - As actividades de comprensión lectora deben integrarse no contexto da clase e no traballo diario e responder as características e necesidades propias de cada unha das áreas.

- A lectura comprensiva debe traballarse conxuntamente coa escritura e a expresión oral.
- Aproveitar as oportunidades lectoras que se presenten na clase e fóra dela: titorías, traballos na aula, tarefas na casa...
- Proponse a elaboración dun glosario común realizado nun mesmo caderno alfabético, no que se poida incluír os termos comúns a cada área e os seus diferentes significados.
- Presenza de dicionarios das diferentes linguas nas aulas.
- O profesorado debe, ademais, establecer unhas estratexias comúns para axudar ós alumnos con problemas de comprensión lectora, que poderíamos resumir así:
 - Analizar con profundidade os textos até acadar a súa comprensión.
 - Comprobar sistematicamente se realmente o entenderon.
 - Analizar o vocabulario.
 - Implicar a todo o alumnado no proceso de comprensión dos textos, e fomentando que sexan eles os que expliquen os mesmos.
 - Fomentar no alumnado que entenda a importancia que ten no seu aprendizaxe o comprender o que le e acostumalo a empregar o dicionario.
 - O alumnado debe esforzarse en deducir o significado dunha palabra mediante o contexto.
 - É moi importante fomentar no alumnado unha cultura da lectura e inculcarlle a importancia da comprensión lectora e a idea de que, aínda que ler require un esforzo, é gratificante.
 - É conveniente practicar a lectura en voz alta, xa que unha correcta lectura axuda a comprensión e nos permite comprobar se un alumno entendeu o texto. A lectura en voz alta, ademais, mellora a dicción, a capacidade de expresarse en público con soltura e propiedade. Permite, tamén, axudar ó alumno a vencer a timidez e o medo o ridículo.

5. Proxecto do Club de lectura “A Esmorga”

Presentación do club.

O Club de Lectura “A esmorga” funciona sen interrupción desde o ano 2007, e cada curso retoma a súa actividade con azos renovados, buscando sempre lectoras e lectores dispostos a compartir unha experiencia que ano tras ano se revela enriquecedora para todas e todos. No curso pasado houbo grupos de todos os niveis da ESO e tamén de 1º BACH.

No funcionamento do club tentamos implicar a maior variedade posible de departamentos didácticos para compartir a experiencia co alumnado desde diferentes ópticas e para transmitirles tamén que o goce lector, o espírito crítico, o debate e a aprendizaxe son tarefa de todos e todas.

2. Finalidades. Relación co Proxecto Lector de Centro e a Biblioteca Escolar. E A BIBLIOTECA ESCOLAR

As finalidades principais do club serán: fomentar hábitos de lectura entre as e os participantes, crear un bo ambiente para compartir a experiencia lectora, promover a lectura en galego para crearmos vínculos entre o lectorado e a lingua e literatura galegas, e incorporar novo alumnado pouco interesado pola lectura.

O tema das bibliotecas escolares este curso é “A biblioteca escolar ten a palabra”, que pretende poñer o foco na palabra e na oralidade. Así, por unha banda, a comunidade que creamos no club de lectura é un xeito de transformar esa experiencia individual da lectura nunha vivencia compartida, para a través do diálogo promover a reflexión e o debate, nunha forma de acercar tamén novo léxico e temas a todo o alumnado participante. Por outra banda, tamén a biblioteca do noso centro escolle un tema eixo cada curso, que neste ano académico é: “Publicidade e comunicación”, e que tamén incorporamos á selección de lecturas especialmente a través do cómic.

Así pois, arrancam os proxectos con esas dúas temáticas xa dadas, e poñendo o foco especialmente en dous sectores: o alumnado masculino, habitualmente menos afeccionado á lectura, e o alumnado con problemas de adaptación e/ou aprendizaxe. Para atraer a atención destes dous grupos, así como do resto da comunidade educativa, coidarase especialmente a esollas dalgunhas obras con temáticas próximas a eles, así como a realización de actividades motivadoras (creación de materiais propios, actualizacións nas redes sociais, conversas con autoras e autores...).

O Club de Lectura “A Esmorga” é, en efecto, unha das actividades principais do Proxecto Lector de Centro, pois contribúe a fomentar a lectura e a escritura dun xeito lúdico e a adquirir as competencias básicas.

Obxectivos:

- Traballar en prol da inclusión e na defensa da diversidade.
- Desenvolver o pensamento crítico e a vontade de debater e compartir as propias opinións desde o respecto e a tolerancia cara aos que pensan diferente.
- Desenvolver habilidades de interacción ao crearmos novos grupos de conversa e relación, diferentes dos grupos-aula.
- Potenciar a participación do alumnado masculino e do alumnado con problemas de adaptación e aprendizaxe.
- Favorecer a percepción da lectura como unha actividade formativa, lúdica e interdisciplinar, pois permite que nos acheguemos a ela e que a compartamos en múltiples formas e linguaxes.
- Fomentar a escrita individual e colaborativa para facer nosas esas lecturas e facelas medrar.
- Fomentar un uso responsable, creativo e formativo das redes sociais.
- Colaborar coa Biblioteca e co Equipo de Dinamización Lingüística.
- Facer partícipe ao resto da comunidade educativa das actividades e propostas que se estean levando a cabo no club.

3. Actividades programadas

1. Elección das lecturas. A persoa coordinadora do club levará algunhas propostas á reunión co profesorado colaborador e explicará os puntos fortes de cada unha delas, pero a elección final dependerá tamén dos docentes participantes.
2. Difusión do proxecto na procura da implicación, directa ou indirecta, de toda a comunidade educativa.
3. Encontros dos membros de cada grupo do club de maneira semanal/quincenal (presencial ou telematicamente) para comentar as lecturas en curso.
4. Actividades complementarias:
 - Lecturas públicas en distintos espazos.
 - Interaccións entre o alumnado participante e o resto da comunidade educativa.

-Participación en actividades para conmemorar datas como o 25 de novembro (Día contra a Violencia de Xénero), o 21 de febreiro (Día da Lingua Materna), o 21 de marzo (Día da Poesía), o 27 de marzo (Día do Teatro), o 23 de abril (Día do Libro), o 17 de maio (Día das Letras Galegas).

-Creación literaria inspirada nas lecturas: recensións, sínteses, recomendacións e publicacións no blog.

-Lecturas teatralizadas.

-Encontros (presenciais ou telemáticos) con autores/as.

Todas estas actividades contemplan como **primeiro e máis desexable escenario a presencialidade**, pero trataranse de manter a distancia sempre e cando os participantes teñan os medios técnicos para continuar, se amosen dispostos/as a facelo e non se perciba unha sobrecarga no alumnado. O Plan de Ensino Virtual insiste no respecto dos períodos de descanso do alumnado, así que se procurará atopar un equilibrio entre a continuidade das actividades do club e esoutra premisa na medida do posible. Por outra banda, no escenario de illamento favorecido pola pandemia, cremos que os encontros do club en formato telemático (de teren que producirse así e de seren factibles) poden ser un xeito máis de contribuír ao benestar emocional dos participantes, así como de manter a actividade educativa do centro, máis alá dos horarios e dos currículos establecidos.

No caso de suspendérense as clases presenciais, cada profesora ou profesor colaborador poñeráse en contacto co alumnado participante no grupo de lectura que acompaña, para explorar os posibles horarios e formatos en que continuar a actividade. De haber dificultades para conseguir ou compartir os libros a distancia, valoráranse opcións como a lectura de libros liberados polas editoras ou libres de dereitos, o uso de plataformas como Galicia Le, e mesmo a procura conxunta de textos para compartir mediante chats, chamadas ou videoconferencias.

4. Composición e número de participantes aproximado.

Lingua Galega e Literatura: Fernando Pazos García.

Lingua Castelá e Literatura: Carla Blanco Ballón e Cristina Corral Soilán

Biología: Maximino Piñeiro Vidal.

Física e química: Brais Santamaría Álvarez.

Francés: Carlota Penelas Grela.

O club de lectura quedou organizado por temáticas dende o curso 21-22.

. Club Matemático. Formado por alumnado da ESO e é levado pola profesora Sonia Freire. Entre 6 e 8 alumnas e alumnos. Reunións semanas os luns ás 16 horas na biblioteca.

. Club Feminista-LGTBI. Formado por dúas seccións. A primeira, por alumnado da ESO e a segunda por alumnado de Bacharelato. Estas seccións son levadas polas profesoras Cristina Corral e Carla Blanco. Entre as dúas seccións contamos con un total 39 alumnos e alumnas. As reunións son semanais os mércores e os venres respectivamente, de 11.30 a 12.00.

. Club Ecoloxista: formado por alumnado de ESO e Bacharelato. Será levado polo profesor Maximino Piñeiro. As reunións son quincenais, no departamento de

Bioloxía e conta con 8 alumnas/os. Reúnense os xoves ás 11.30.

. O Club Xéneros Literarios, está formado por alumnado de ESO. Este club será levado pola profesora Carlota Penelas e o profesor Brais Santamaría, que conta con 16 alumnas/os de ESO, que se van reunir na aula de apoio, os mércores ás 11.30

. Club Manga/Cómic: Levado polo profesor Fernando Pazos, na que participa alumnado da ESO e do Bacharelato. Este club está conformado por 16 alumnos e alumnas. Teñen reunión quincenais os martes ás 11.30, na aula de apoio.

Todo o alumnado que pertence ao club de lectura é dado de alta a través da secretaría do centro, e esta formalidade, máis o feito das vantaxes de pertencer ao club, como participar en actividades e saídas diversas que o resto do alumnado non ten, e de compartir intereses con outros iguais, xera no alumnado un sentimento de vínculo do que sentirse orgulloso.

A periodicidade das xuntanzas vai variando en función das lecturas, normalmente son semanalmente, pero tamén poden ser quincenais.

Nos vindeiros trimestres variarán as lecturas e tamén o profesorado participante irá alternado, dado que

este curso contamos con moito profesorado participante.

Entre as actividades do Club de Lectura estarían:

1. Difusión do proxecto na procura de implicación, directa e indirecta, de toda a comunidade educativa.
2. Elección das lecturas. A persoa coordinadora do club e o profesorado participante levarán propostas e explicarán os puntos fortes de cada unha delas.
3. Encontros dos membros de cada grupo do club de maneira semanal/quincenal para comentar as lecturas.
4. Actividades complementarias: interaccións co alumnado doutros centros, encontros cos autores/as, saída a librarías para mercar fondos, actividades para conmemorar datas sinaladas, colaboración do alumnado no blog do club, participación no Salón do Libro de Pontevedra, e roteiros literarios.

O equipo encargado do seguimento e desenvolvemento do club de lectura é o seguinte:

- Carla Blanco Ballón será a coordinadora das actividades desenvolvidas polo club.
- Enrique Rey Rodríguez, como director, coordinará a avaliación do plan proposto nos distintos órganos (CCP, Claustro, Comisión de Biblioteca e Consello Escolar).
- José Manuel Ramos González, como secretario do centro, coordinará a xestión económica do presente plan.
- José Carlos Novo Comba, como xefe de estudos, coordinará o seguimento e consecución do obxectivo de poñer en práctica o plan de lectura.
- María Jesús Abilleira Rodríguez, como vicedirectora, coordinará aqueles aspectos relacionados coas actividades que non se realicen no centro de ensino (de ser posibles).
- Alberto Lago, como responsable de Dinamización Lingüística, axudará a difundir as actividades relativas ao Club de Lectura na revista escolar *Xuncos* e nas reunións do equipo de Dinamización.

Todo o profesorado participante colaborará na coordinación de lecturas co alumnado e na realización de actividades relacionadas.

COORDINADORA

A persoa coordinadora será Carla Blanco Ballón, do Departamento de Lingua castelá e literatura.

FORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTAS

O profesorado implicado coordinará as lecturas, suxerirá actividades e fomentará a participación do alumnado de forma oral e escrita. As reunións celebraranse nos lugares que acorde cada profesor co seu grupo do club.

As reunións cos autores serán levadas a cabo na biblioteca do centro.

O equipo coordinador será o encargado de conseguir os exemplares dos libros necesarios, de elaborar material de apoio para a comprensión das lecturas, e de publicar as actividades programadas, así como de avaliar o resultado destas para mellorar o funcionamento do club.

Por outra banda, de haber dificultades para conseguir ou acceder aos libros estes poderían ser substituídos por outras lecturas mentres durase esa situación, a fin de manter a comunidade lectora e de intercambio xa establecida por riba da escolla bibliográfica prevista.

HORARIO E CALENDARIO PREVISTOS PARA AS REUNIÓN DE CARÁCTER PRESENCIAL

As reunións, para o comentario das obras propostas, terán unha periodicidade semanal ou quincenal, en función da dispoñibilidade dos participantes, e realizaranse nos recreos (de 11:30 a 12 h.) e/ou os luns, de 16 a 16:30 h.

Na segunda quincena de novembro procederase ao reparto dos grupos de lectura por temáticas e á adjudicación das aulas ou espazos para as reunións. De seguido, o profesorado presentaralles as lecturas aos seus grupos e comezarán as actividades do club.

As actividades durarán todo o curso e procurarase ler en cada grupo unha obra por trimestre.

MEDIOS PREVISTOS PARA A SÚA DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE ESCOLAR

- O profesorado do centro, especialmente os titores e titoras e o profesorado colaborador, que animará o alumnado a participar.
- A través das pantallas instaladas nos corredores, onde se farán todo tipo de anuncios.
- O blog do “club de lectura” na páxina web do centro.

- O taboleiro de novidades da biblioteca para informar dos libros que se van ler, os corredores, as portas das aulas...
- A exposición de creacións do alumnado do club de lectura.
- A participación dos membros do club na revista do centro: Xuncos.

6. Temporalización “hora de ler”:

Como ferramenta de fomento da lectura establécese durante o segundo e o terceiro trimestres do curso unha sesión semanal de lectura nos curso de 1 e 2º ESO.

Esta sesión será rotatoria de tal xeito que vaia cambiando cada semana co fin de evitar que estas sesións de lectura afecten sempre aos mesmos docentes.

O alumnado poderá escoller a lectura que vai a desfrutar durante esas sesións. Para aqueles alumnos/as que esqueceran o seu libro existe a posibilidade do empréstimo dalgún exemplar do fondo da biblioteca o cal deberá entregar unha vez rematada a sesión.

As quendas rotatorias de lectura quedan establecidas do seguinte xeito:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª SESIÓN	15 DE XANEIRO	5 DE MARZO	8 DE MAIO		
2ª SESIÓN	22 DE XANEIRO	12 DE MARZO	15 DE MAIO		
3ª SESIÓN	29 DE XANEIRO	19 DE MARZO	22 DE MAIO		
RECREO					
4ª SESIÓN	5 DE FEBREIRO	9 DE ABRIL	29 DE MAIO		
5ª SESIÓN	19 DE FEBREIRO	16 DE ABRIL	5 DE XUÑO		
6ª SESIÓN	26 DE FEBREIRO	23 DE ABRIL	12 DE XUÑO		

Plan de Acción Titorial

IES A XUNQUEIRA I
(PONTEVEDRA)

CURSO 2023-24

CONTENIDO

2.SITUACIÓN ACTUAL	3
3. OBXECTIVOS.....	3
4.- ASPECTOS ORGANIZATIVOS	4
4.1.- Criterios para a elección de Titores e Titoras.	4
4.2.- Organización e coordinación de titores e titoras.	5
4.3.- Horarios	6
5. PROGRAMA OPERATIVO.....	8
5. 1. Actuacións de apoio do Departamento de Orientación ao PAT	8
5.2. Actuacións do titor/a	8
5.3. Actuacións xerais para todos os cursos.	8
5.3.1. ACOLLIDA, INTEGRACIÓN, COÑECEMENTO (INDIVIDUAL E GRUPAL), ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO GRUPO CLASE.	8
5.3.2.AVALIACIÓN DO PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE E COORDINACIÓN CO EQUIPO DOCENTE ..10	
5.3.3.INTEGRACIÓN DOS TRANSVERSAIS E VALORES A TRAVESO DOS DÍAS DE ESPECIAL INTERESE EDUCATIVO E CULTURAL, AS FESTAS TRADICIONAIS E CELEBRACIÓN PROPIAS DO CENTRO.	13
5.3.4. PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS. XUNTA DE GALICIA E DO CONCELLO DE PONTEVEDRA	14
5.3.5.ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL	15
5.3.6.COMUNICACIÓN E INTERRELACIÓN COAS FAMILIAS	17
5.4.COMPETENCIAS BÁSICAS A DESENVOLVER DESDE A TITORÍA.....	18
6. CRONOGRAMA.	25
1º Trimestre	25
2º TRIMESTRE	27
3º TRIMESTRE	28
7. RECURSOS E MATERIAIS.	30
8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.	30

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Tutorial, (PAT), inxerido no Proxecto Educativo, é a estrutura coa que organizamos o conxunto de accións, de orientación e seguimento, dirixidas a todo o noso alumnado ao longo da súa escolaridade cuxo obxectivo é o logro das competencias básicas. Ten como finalidade o autoconecemento do alumnado; que mellore o seu proceso de socialización, aprenda a decidir, a resolver os seus problemas de aprendizaxe, e se sinta protagonista do seu propio proxecto persoal e profesional.

Neste plan organizamos os contidos curriculares de orientación a desenvolver a nivel grupal, na hora de titoría. Sistematizamos, así mesmo, a intervención do titor/a nos diferentes ámbitos de seguimento individual e grupal do alumnado, a relación coas familias, a coordinación co profesorado e con outros axentes externos.

A súa elaboración corresponde ao departamento de orientación, en colaboración co equipo de titores/as. A súa aprobación pasa polo claustro, e o seu seguimento e fomento pola Comisión de Coordinación Pedagóxica. O desenvolvemento é responsabilidade do titor/a en coordinación co equipo docente e todos os axentes que incidan no seu grupo clase. Conta co apoio da orientadora para favorecer e garantir a atención á diversidade do alumnado e, xunto co equipo directivo, a innovación e mellora da acción tutorial.

2. SITUACIÓN ACTUAL

1. A normativa actual centra moita responsabilidade e carga de traballo na elaboración e execución do PAT na figura do titor/a.
2. En ningún caso as obrigas legais son distintas ou menores para estes profesionais, si a valoración do mesmo que se constata nunha maior carga lectiva como profesor/a, e menor tempo recoñecido á labor específica de titor/a.

3. OBXECTIVOS.

Sen prexuízo dos obxectivos xerais fixados no Plan de Orientación, para este curso buscaremos o logro destes obxectivos específicos:

- Integrar as competencias básicas no PAT
- Potenciar as tarefas do titor/a.
- Desenvolver as propostas derivadas do Plan de Convivencia.

4.- ASPECTOS ORGANIZATIVOS

4.1.- CRITERIOS PARA A ELECCIÓN DE TITORES E TITORAS.

O sentido que ten a figura do titor/a é a de coordinar a acción titorial e conseguir o traballo conxunto de todo o equipo de profesorado. Na medida do posible facemos:

En canto ao profesor/a titor/a:

- Elección das titorías primando os criterios pedagóxicos sobre outros criterios.
- Que o titor/a asuma a tarefa formativa que leva a titoría.
- Que faga unha avaliación continua da actividade titorial para ir introducindo elementos de mellora.
- Que teña interese na formación continua no ámbito titorial.

En canto ás condicións docentes que debe cumprir:

- Impartición, como mínimo, dunha materia común a todo o grupo.
- Asignación lectiva que non impida a adicación necesaria á titoría.
- Permanencia do titor/a co seu grupo ao longo de todo o curso (profesorado con destino definitivo no centro ou interino).

Tendo en conta o anterior, o cadro de titores/as para o presente curso é:

NIVEL ESO

1º A: BEGOÑA TORRES RIVAS
1ºB: BEATRIZ SEOANE TARRÍO
1º C: CRISTINA CORRAL SOILÁN

2º A: ALBA LOUREIRO OLLERO
2º B: CARLOTA PENELAS GRELA
2º C: AMANCIO PRADO MEIS
2º D: ANTONIO PELETEIRO ANTAS

3º A: MERCEDES MORA CALVO
3º B: ÓSCAR PÉREZ
3º C: BRAIS SANTAMARÍA
3º ESO PDC: Mª VICTORIA SAGASTIZABAL

4º A: ANDRÉS PEAGUDA
4º B: GABINO PÉREZ
4ºC: JULIA VERDULLAS FERNÁNDEZ
4ºD: BENITO HERMIDA
4º PDC: FERNANDO PAZOS

NIVEL BACHARELATO

1ºBAC A: RAQUEL COVACHO
1ºBAC B:UXÍA ESMERALDA CASABIANDA
1ºBAC C: JOAQUÍN MORALES LEYVA
1ºBAC D:CÉSAR VALLEJO

2ºBAC A: MARÍA REY

2ºBAC B: JAVIER MARTÍNEZ ALEJANDRE

2ºBAC C: XOAN XOSÉ PÉREZ VIEITEZ

2º BAC D: IGNACIO VILA LÓPEZ

2º BAC E: SONIA SOTO

NIVEL CICLOS FORMATIVOS

1º Ciclo Medio de Laboratorio: ANA ISABEL MARIÑO ARIAS

2º Ciclo Medio de Laboratorio: MARÍA GLORIA IGLESIA CABANEIRO

4.2.- ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DE TITORES E TITORAS.

Os procedementos para a organización e funcionamento das titorías serán os seguintes:

- ❖ As titorías organizaranse por cursos. Cada nivel constitúe un equipo de titores/as que traballan uns aspectos comúns e outros específicos a criterio de cada titor/a en función das características do seu grupo. O Departamento de Orientación colabora no seu traballo. A coordinación exercea a Xefatura de Estudos.
- ❖ Un titor/a de cada curso (preferentemente de distinto ámbito científico) actuará de coordinador/a do nivel respectivo e formará parte do Departamento de Orientación.
- ❖ Establécese unha reunión de traballo trimestral ao principio do trimestre coa orientadora e a xefatura de estudos, que será convocada en forma pola mesma, para analizar o borrador presentado polo Departamento de Orientación, unificar criterios, recibir o material que precisen para a súa acción titorial, tomar acordos que afecten ao curso e etapa e que, ao mesmo tempo, sirva de retroalimentación dos resultados do trimestre anterior, cando proceda. Quedarán así fixadas as actuacións concretas.

Convén que na programación das actividades se respecten os acordos tomados. Preténdese así que haxa coherencia, que os contidos das sesións sexan variados e non se repitan ao longo dos cursos. Recoméndase entón, ter en conta o modelo orientativo de programación de acción titorial que ofrece o Departamento de Orientación, tendo sempre en conta, dada a especial complexidade da labor titorial, que en calquera momento hai que reaxustar as actividades preparadas para atender a problemática puntual do grupo.

- ❖ Reunións periódicas necesarias (cando menos unha mensual) de titores/as-orientadora-xefe de estudos fixada na PXA. Sen prexuízo das mesmas, faranse de xeito individualizado orientadora-titor/a todas as necesarias; especificadas ao efecto nos horarios individuais das titorías implicadas. O contido das mesmas non estará predeterminado, dependendo en cada momento das necesidades e demandas de cada titor/a.

4.3.- HORARIOS

Os titores disporán dunha hora de dedicación a titoría, para a titoría lectiva e o ideal sería que contasen con outra para a preparación da mesma, como esa hora de preparación non se contempla a nivel horario lectivo propoñemos que o profesorado aproveite a hora de atención aos pais, cando sexa posible.

No presente curso quedan así distribuídas as horas de titoría:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
9 – 9:50	1º ESO C 2º ESO C 3º ESO B			2º ESO B		
9:50- 10:40						
10:40- 11:30		3º ESO C				
	R	E	C	R	E	O
12-12:50	2º ESO D 4º ESO D	3º ESO D				
12:50- 13:40		3º ESO A	1º ESO D		4º ESO PDC	
13:40- 14:30	2º ESO A 3º PDC		4º ESO A 4º ESO C			
	T	A	R	D	E	



16:30- 17:20					
17:20- 18:10	1º ESO A 1º ESO B 4º ESO B				

5. PROGRAMA OPERATIVO.

5.1. ACTUACIÓNS DE APOIO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN AO PAT

As fixadas con carácter xeral no Plan de Orientación, nas Normas de Organización e Funcionamento e na Programación Anual 2023-2024 do Departamento de Orientación.

5.2. ACTUACIÓNS DO TITOR/A

As fixadas con carácter xeral na lexislación vixente LOE 2/2006, LOMCE8/2013, LOMLOE 3/2020

5.3. ACTUACIÓNS XERAIS PARA TODOS OS CURSOS.

A Titoría desenvolverase nas seguintes dimensións comúns para todos os cursos:

- Acollida, integración, coñecemento (individual e grupal), organización e funcionamento do grupo clase.
- Avaliación do proceso ensino-aprendizaxe e coordinación co profesorado, detección de necesidades individuais e grupais.
- Competencias Básicas
- Temas Transversais e valores co gallo dos días de especial interese educativo e cultural, as festas tradicionais e celebracións propias do centro.
- Programa de Prevención do Consumo de Drogas. Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Pontevedra.
- Temas de coeducación e corresponsabilidade.
- Orientación académico-profesional- orientación vocacional.
- Relacións cos pais e nais, apertura do centro á comunidade, implicación doutras entidades e organismos educativos, obradoiros de familia.

5.3.1. ACOLLIDA, INTEGRACIÓN, COÑECEMENTO (INDIVIDUAL E GRUPAL), ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO GRUPO CLASE.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

o Coñecer, organizar e analizar funcionalmente os datos e características esenciais dos alumnos/as e do grupo-clase.

o Facilitar o coñecemento e utilización axeitada das instalacións e recursos do centro (especialmente en 1º e ao alumnado de novo ingreso)

Dar a coñecer a biblioteca do centro, así como todas as actividades que se poden desenrolar nela

o Promover o compromiso e integración de todos os alumnos/as no desenvolvemento das accións

titoriais.

ACCIÓNS A REALIZAR

- o Facilitar ao alumnado de novo ingreso e de incorporación tardía un titor/a-igual que guíe polas instalacións do centro e facilite o contacto cos compañeiros.
- o Recoller e sintetizar os informes do titor/a anterior.
- o Cubrir e comentar cuestionarios, enquisas, sociogramas...
- o Facer a avaliación inicial establecida na lexislación educativa vixente, co equipo docente.

ESTRATEGIAS E RECURSOS DISPOÑIBLES

- o Debatendo e consensuando as normas básicas de convivencia partindo das directrices para o curso.
- o Elixindo os delegados de clase.
- o Explicitando claramente como grupo clase as respostas ás preguntas: ¿Quen somos?, ¿Que queremos?, ¿Como o imos conseguir?
- o Exposición en gran grupo
- o Visitas guiadas
- o Dinámicas de interacción
- o Informes Académicos Individuais
- o Expediente académico
- o Cuestionarios
- o Informes en xeral
- o Entrevista semiestructurada
- o Sociograma
- o Rexistros de observación
- o Dossier informativos
- o Traballo en pequeno grupo
- o Posta en común
- o Role-Playing
- o Votación
- o Murais
- o Contratos de convivencia
- o Carpeta do titor/a

- o Chuvia de ideas
- o Phillip-6.6

TEMPORALIZACIÓN

- o Setembro-outubro, nas sesións necesarias (non menos de 3-4)
- o Ao longo do curso, cando o titor/a o estime necesario para conseguir os obxectivos fixados.

RESPONSABLES

- o Titor/a
- o Profesorado en xeral
- o Xefa de estudos
- o Orientadora

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- o Grao de recollida de información relevante de cada alumno/a.
- o Nivel de sistematización e estruturación da información da avaliación inicial en bloques que faciliten o coñecemento do grupo-clase. Carpeta titor/a. Informes de avaliación final.
- o Grao de adecuación do protocolo na elección de delegados/as: debate normas, acordo, candidatos/as, propostas, elección. Acta
- o Nivel de compromiso explícito do grupo-titor/a con tres puntos: quen, que e como. Documento.

5.3.2. AVALIACIÓN DO PROCESO ENSINO-APRENDIZAXE E COORDINACIÓN CO EQUIPO DOCENTE

Obxectivos específicos

- o Promover que o proceso de avaliación estea baseada na normativa vixente ao respecto garantindo en todo caso o dereito do alumnado a que o seu rendimento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.
- o Potenciar a participación do alumnado no seu proceso de ensino-aprendizaxe e avaliación analizando o traballo realizado e adoptando compromisos para correxir os desaxustes xurdidos.
- o Realizar unha eficaz coordinación (intercurso, interciclos, interetapas)
- o Recoller e sistematizar información inicial útil sobre o grupo e de cada alumno/a referida prioritariamente ao seu rendimento, aptitudes, actitudes e intereses.
- o Obter e contrastar información, opinións e suxestións de cada profesor/a.

Accións a realizar

- o Coordinar o paso de etapas, cursos.
- o Avaliar inicialmente, con especial fincapé en 1º ESO e ao novo alumnado.
- o Con periodicidade, reflexionar sobre a marcha do curso atendendo ao conxunto de factores que actúan sobre o proceso educativo: traballo persoal, funcionamento do grupo, actuación do profesorado, programas..., buscando solución ós problemas que se plantexen.

o Preavaliación:

- . Proporcionando información relevante sobre a xunta de avaliación: datas, criterios compartidos, acordos de avaliación, criterios de promoción.
- . Autoavaliando o funcionamento do grupo-clase, individual e do proceso ensino-

aprendizaxe.

. Recollendo a información obtida e acordada co alumnado para a xunta de avaliación.

o Postavaliación:

- . Entregando os informes de avaliación.(Farase na última clase do período lectivo do correspondente trimestre)
- . Valorando cualitativa e cuantitativamente os resultados
- . Poñendo ao corrente ao grupo dos acordos tomados: asunción de compromisos e responsabilidades; Plans individuais de RE.

o Avaliación continua, formativa e orientadora:

- . Organizando as sesións de avaliación (É importante lembrar que todo o profesorado ten a obriga de pasar aos titores/as a información da marcha do alumnado na súa materia no tempo e modo fixado na PXA e no cronograma do PAT.
- . Coordinando as sesións de avaliación do grupo.
- . Cubrindo as actas de avaliación de maneira que reflecta adecuadamente o verdadeiro propósito da avaliación.

o Avaliación final: De diagnóstico-orientativa, cumplimentación dos IAI, Informe Orientador, no seu caso.

o Desenvolver e avaliar os acordos tomados: responsabilidades compartidas.

o Elaborar plans de actuación específicos para o tratamento da diversidade: Organizando actividades de RE, agrupamentos, apoios, adaptacións, programas individuais de RE...

o Orientar ao alumnado de maneira consecuente cos resultados de cada avaliación, idade, expectativas e intereses do alumno/a; especial fincapé na 2ª avaliación e na extraordinaria de setembro.

o Analizar e mediar nos conflitos profesor/a-clase que poidan xurdir (na materia, metodoloxía, conducta...) seguindo estratexias e protocolos preestablecidas.

Estratexias e recursos dispoñibles

- Reunión periódica de coordinación de titorías.
- Sesións de avaliación educativa.
- PAT, POAP e PAD
- IAI. Informes do D.O
- Cuestionarios
- Técnicas de observación.
- Rexistros
- Entrevistas individuais
- Técnicas grupais
- Ficha de seguimento do alumnado
- RE: horario escolar e extraescolar
- Apoios: dentro e/ou fóra da aula

- Agrupamentos
- Adaptacións curriculares
- Programas Individuais de RE
- Cuestionarios de autoavaliación
- Planillas
- Actas-resumo de avaliación
- Exposición en grupo/pequeno grupo
- Boletíns
- Contratos de convivencia.
- Intercambios orais regulares
- Probas de competencia curricular nas materias instrumentais.
- Probas de avaliación diagnóstico-orientativas sobre os variados aspectos que afectan ao grupo e/ou a cada alumno en particular.
- Coordinar estratexias e criterios cos equipos docentes para dar resposta á diversidade.
- Organizar, coordinar e presidir as sesións de avaliación educativa do grupo.
- Implicar ao profesorado nas tarefas de RE/Apoio.
- Axustar a resposta educativa ás necesidades, tanto grupais como persoais, do alumnado aplicando as necesarias adaptacións curriculares e metodolóxicas.
- Mediar ante situacións difíciles entre o profesorado e o alumnado.

Temporalización

- Primeiro mes: coordinación interetapas, cursos...
- Segundo mes: avaliación inicial.
- Datas fixadas para os avances na PXA
- Datas fixadas para as avaliacións na PXA
- Datas fixadas para a coordinación titorial na PXA
- Último mes e setembro: avaliación final orientadora.

Responsables

- Titor/a
- Equipo docente
- Orientadora
- Familias/Titores legais
- Administración Educativa.

Criterios de avaliación

- o Nivel de intercambio de información etapa-etapa, curso-curso entre os responsables de pasala e recibila. Avaliación inicial. Informes avaliación final, listados, actas.
- o Grao de posta en común co equipo docente a información obtida en sesión formal. Acta.
- o Grao no que se estableceron decisións, liñas claras e comúns de traballo a nivel individual e grupal. Plans individuais, axuste programacións, compromisos formais.
- o Medida na que se realizaron no grupo clase sesións específicas de avances, preavaliacións e postavaliacións. Formalización de propostas e compromisos.
- o Grao no que se constata nas sesións de avaliación que a avaliación é continua e ten carácter formativo e orientador. Actas das sesións de avaliación que reflicten ese carácter nas decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno ao grupo no seu conxunto e ao profesorado.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- o O profesorado, individualmente e como equipo docente, autoavalía a súa práctica docente nas sesións de avaliación.
 - o O titor/a que coordinou e dirixiu a avaliación do seu grupo.
 - o O alumnado como destinatarios en canto á correcta información dos resultados do seu proceso educativo.
 - o O titor/a como mediador nos conflitos profesor/a-clase seguindo protocolo.
- Os acordos das sesións de avaliación,
- o Os documentos oficiais de avaliación.
 - o Os informes de orientación(en función dos seus resultados, intereses, capacidades e idade, do alumnado).

5.3.3. INTEGRACIÓN DOS TRANSVERSAIS E VALORES A TRAVESO DOS DÍAS DE ESPECIAL INTERESE EDUCATIVO E CULTURAL, AS FESTAS TRADICIONAIS E CELEBRACIÓNS PROPIAS DO CENTRO.

Obxectivos específicos

- o Introducir nas actividades da titoría unha ensinanza que dea resposta aos problemas sociais actuais de transcendencia e que demandan á educación unha atención prioritaria e permanente que teña presente a formación en valores básicos e actitudes que enfatizen o para que da educación.
- o Contribuír de maneira especial á educación de valores morais e cívicos, entendida como un proceso coeducativo ao servizo da formación de persoas capaces de construír racional e autonomamente o seu propio sistema de valores e, a partir deles, capaces tamén de facer xuízos críticos da realidade que lles toca vivir, e intervir para transformala e melloralala.
- o Desenvolver os temas transversais, con independencia do seu carácter multidisciplinar e integrador, por medio do significado das tradicións populares e dos días sinalados como de especial interese educativo.

Accións a realizar

- o Saídas educativas
- o Xornadas de cine fórum
- o Celebracións teatrais, charlas, conferencias, obradoiros...no centro educativo e fóra do mesmo
- o Desenvolvemento de unidades didácticas elaboradas ao efecto.

Estratexias e recursos dispoñibles

- o Dinámicas de grupo
- o Cine fórum
- o Unidades didácticas
- o Web do Centro.
- o Proxectos solidarios.

Temporalización

- o Con independencia do seu carácter multidisciplinar, globalizador e integrador, en sesións distribuídas ao longo do curso seguindo a programación de cada nivel e titoría.

Responsables

- o Titores/as
- o Profesorado
- o ANPA
- o Directiva do IES, en especial a vicedirección.
- o Dep. de Orientación

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- o Comprobar que nas programacións docentes hai referencia explícita aos contidos desta dimensión.
- o Nivel de desenvolvemento das saídas educativas previstas.
- o Grao de tratamento específico na titoría, dos días de especial interese educativo fixados na programación.
- o Grao de consecución en canto ao enfoque das celebracións do centro como modo de interiorizar os valores democráticos.

5.3.4. PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONDUCTAS ADICTIVAS. XUNTA DE GALICIA E DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**Obxectivos específicos**

- o Mellorar a competencia persoal dos e das adolescentes a través da aprendizaxe de certas habilidades (formas de resistir a presión social cara ao consumo, estratexias para solucionar problemas interpersoais, formas de enfrentarse á ansiedade, adestramento en estratexias cognitivas, etc).
- o Involucrar na tarefa de prevención do consumo de drogas e alcohol aos axentes que en maior medida inflúen na educación da mocidade: as familias e o profesorado, analizando os outros axentes que polas súas características debemos ter en conta na presión exercida na adolescencia (medios de comunicación, rutinas de ocio, videoxogos...)

Accións a realizar

- o Desenvolver na titoría grupal o Programa de Prevención Escolar e Familiar elaborado pola Xunta de Galicia e desenvolvido polo Concello de Pontevedra.
- o Obradoiros de Familia como parte do programa, e que se levan realizando dende hai anos no centro dun xeito xa consolidado.

Estratexias e recursos dispoñibles

- o Escola de Pais e Nais.
- o Asesoramento dos técnicos en prevención do Concello.

Temporalización

- o En sesións distribuídas nos primeiro, segundo e terceiro trimestres do curso seguindo a

programación de cada curso e titoría.

Responsables

- o ANPA
- o Titores/as

- o Concello de Pontevedra (Servicio de Prevención de Drogodependencias)

- o Vicedirección

- o Dep. Orientación

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- o Nivel de cumprimento das sesións previstas.
- o Grao de satisfacción dos colaboradores externos en función dos seus propios indicadores. Memoria final de actividade.

- o Nivel de valoración de participantes e colaboradores/as nas actividades e grao de satisfacción nas mesmas. Enquisas de valoración das actividades

- o Grao de mellora en canto a actitudes críticas, asertividade, e resistencia á presión grupal por parte do alumnado participante. Cuestionario de valoración pre e post-intervención.

5.3.5. ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

Obxectivos específicos

- o Axudar ao alumnado na súa autoavaliación facilitando recursos e estratexias para a adquisición dun maior coñecemento de si mesmos, a estrutura do sistema ducativo e do mundo laboral
- o Avaliar as ventaxas e inconvintes das distintas alternativas académicas e profesionais na búsqueda da mellor opción persoal.
- o Interiorizar un proceso de toma de decisións

Accións a realizar

De autoconecemento

- o Desenvolvemento dun plan de toma de decisións.
- o Cuestionarios autoaplicables e autoavaliabes de personalidade, valores, relacións persoais, intereses, aptitudes..
- o Autoinformes persoais .
- o Aplicación de tests e inventarios sobre capacidades, aptitudes intelectuais, intereses profesionais...
- o Análise da traxectoria escolar.

De coñecemento do mundo educativo e laboral

- o Comentario e análise de dossier informativos (estudos, carreiras, profesións, xacementos de emprego...)
- o Folletos coas ofertas educativas propias do centro e do entorno.
- o Informes das materias optativas.
- o Manexo e consulta de programas informáticos.
- o Charlas de ex alumnos/as e profesionais.

- o Observación de profesións e traballos.
- o Visualización de material con información académico-profesional.
- o Visitas a empresas e centros de interese.

DE TOMA DE DECISIONS

- o Desenvolvemento dun plan de toma de decisións
- o Realización de guías semiestructuradas
- o Entrevistas coa orientadora e/ou titor/a

Estratexias es recursos dispoñibles

- .Web do Centro e do Departamento de Orientación
- .Cadernos de orientación-información
- .Inventarios de Intereses Profesionais
- .Cuestionarios
- .Autoinformes
- .Tests
- .Guías, folletos, bibliografía específica
- .Programas informáticos
- .Entrevistas grupais e individuais con familias e alumnado.
- .Técnicas de grupo
- .Apoio psicopedagógico
- .Vídeos
- .Visitas
- .Análise de casos
- .Guión de actividades orientadoras dende os distintos departamentos didácticos.
- .Internet
- .Charlas informativas

TEMPORALIZACIÓN

- o En sesións distribuídas ao longo do curso seguindo a programación de cada nivel e titoría.

Responsables

- o Titor/a
- o Profesor/a de área
- o Orientadora
- o Xefa de Estudos

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- o Grao de realización de sesións de titoría específicas directamente relacionadas coa orientación académica e profesional.
- o Nivel e sentido en que os resultados da avaliación continua tiveron un carácter orientador.
- o Grao de disposición do titor/a de coñecementos, recursos e materiais axeitados para a realización das sesións.
- o Nos momentos precisos marcados nos programas, grao de acceso que o alumnado tivo en canto a información clara e relevante facilitadora da toma de decisións.

o Nivel de efectividade na entrega ao alumnado nos cursos necesarios de informes ou consellos orientadores.

o Grao de recollida dos resultados das tomas de decisión do alumnado que facilitan a organización do centro durante o curso.

5.3.6.COMUNICACIÓN E INTERRELACIÓN COAS FAMILIAS

Obxectivos específicos

o Contribuir á axeitada relación e interacción entre os distintos compoñentes da comunidade educativa: alumnado-pais/nais-profesorado.

o Informar aos pais/nais de todos os temas relacionados coa educación dos seus fillos/as.

o Dar a coñecer os dereitos e deberes dos pais/nais en relación coa educación dos seus fillos no contexto escolar segundo a normativa vixente e as NOF do Centro.

o Implicar aos pais e nais nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.

o Intercambiar información sobre o alumnado para profundizar nas situacións que o precisen enfocada a unha mellor orientación e formulación conxunta e corresponsable dun plan individual de intervención.

Accións a realizar

o Elaboración de documentos informativos e citación aos pais/nais expoñendo os obxectivos da reunión e incluíndo a orde do día

o Reunión/s colectivas periódicas cos pais/nais dos alumnos/as de grupo ou nivel para informar sobre:

- . Programación xeral anual: obxectivos do Centro, Etapa, Ciclo
- . Programación de aula
- . Proceso de avaliación. Pautas de conducta
- . Actividades extraescolares e complementarias
- . Organización do plan de traballo individual
- . Propostas de colaboración

o Reunións para informar e pedir colaboración aos pais/nais en relación a diversos programas: técnicas de traballo intelectual, orientación vocacional

o Colaboración dos pais/nais en visitas, actividades extraescolares, festas, actividades culturais...

o Reunións operativas cos pais/nais do alumnado con n.e.a.e.

o Entrevista coa familia para intercambiar información sobre:

- . Actitude, comportamento, hábitos, intereses...
- . Rendimento escolar
- . Necesidades educativas
- . Integración no grupo
- . Traballo persoal
- . Deseño plan de intervención
- . Seguimento e avaliación

o Charlas-coloquio sobre temas que inciden directamente sobre a problemática actual no ámbito escolar.

Estratexias e recursos dispoñibles

o Citacións

o Documentos informativos

- o Plans de traballo individualizados para alumnos/as
- o Reunións de inicio de curso
- o Reunións durante o curso, previamente convocadas
- o Cuestionarios dirixidos ás familias
- o Charlas-coloquio
- o Exposición e debate
- o Reunións en pequeno grupo
- o Contactos e colaboración coa ANPA
- o Protocolos de entrevista individual
- o Contratos de convivencia.

Temporalización

- o Ao longo do curso segundo planificación fixada na PXA e necesidades puntuais da titoría.

Responsables

- o Titor /a
- o Profesorado
- o Equipo Directivo
- o ANPA
- o Orientadora

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- o Realizáronse as sesións informativas previstas.
- o Pasóuselles información sobre os aspectos novedosos do curso e de interese xeral.
- o Facilitouse información individualizada cada trimestre.
- o Establecéronse programas colaborativos coas familias do alumnado con: necesidades específicas, repetidores, problemas de adaptación-conducta.
- o Hai protocolo de entrevista con pais/nais.
- o Rexistros cuantitativos e cualitativos das reunións mantidas cos pais/nais en cada titoría.

5.4. COMPETENCIAS BÁSICAS A DESENVOLVER DESDE A TITORÍA

A construción das competencias establecidas no Currículo da Educación Básica realízase dunha forma interdisciplinar, globalizada. Desde a titoría traballaremos de forma máis específica:

COMPETENCIAS	ACCIÓNS DE INTEGRACIÓN NO PAT
AI Autonomía e iniciativa persoal AC Social e Cidadá	. Promovendo unha organización do grupo clase responsable, democrática e participativa. . Desenvolvendo o valor do curso. . Adicando atención específica aos días de especial interese educativo. . Favorecendo a realización das accións previstas nas festas tradicionais e de carácter xeral marcadas no PAT.

AA Aprender a Aprender	<ul style="list-style-type: none"> . Desenvolvendo o POAP. . Promovendo Programas Individualizados de Reforzo. . Valorando criticamente os resultados das avaliacións do grupo-clase. . Creando sinerxias que integren a labor do equipo docente nos procesos de ensinanza-aprendizaxe.
------------------------	---

Dende a titoría, ademais, coordinarase e dinamizarase as competencias educativas que son comúns en todas as áreas, colaborando con todos os axentes implicados na comunidade educativa. Establecemos as seguintes competencias a desenvolver ao longo da Secundaria e estes criterios para avalialas:

Obxectivos-competencias	Criterios de avaliación
1. Indagar no coñecemento de se mesmo e reflexionar sobre a realidade sociolaboral con autonomía, para que poida chegar a definir o seu proxecto persoal de futuro de maneira adecuada ás súas capacidades e valores.	<ul style="list-style-type: none"> . Formula calidades persoais con realismo. . Elabora de forma razoada unha listaxe de estudos e traballos futuros que percibe como posibles para el. . Analiza puntos a favor e en contra de diferentes posibilidades de futuro. . Recoñece o que é importante para si mesmo e para o que quere conseguir. . Describe razoadamente o que pensa que pode ser a súa realidade dentro duns anos. . Manifesta ilusión e desexo de esforzarse por conseguir as metas que se propón.
2. Analizar e contrastar as propias experiencias e a valoración de persoas significativas da súa contorna co fin de desenvolver unha imaxe positiva de si mesmo e sentimentos de autoconfianza e eficacia.	<ul style="list-style-type: none"> . Recoñece a importancia da axuda dos demais. . Identifica de forma axustada calidades, destrezas e logros persoais. . Mantén relacións de igualdade cos seus compañeiros/as sen caer nin na dominación nin na dependencia. . Expressa as súas ideas, opinións e sentimentos de maneira asertiva.
3. Analizar con criterio experiencias da vida e situacións conflitivas persoais e sociais, valorando distintas alternativas para chegar a tomar decisións responsables desde o diálogo, a construción con outros/as e a coherencia cos seus valores e modos de pensar.	<ul style="list-style-type: none"> . Identifica os elementos que interveñen nas situacións conflitivas da vida cotiá. . Toma postura persoal ante dilemas que se presentan na vida. . Opina de forma razoada ante acontecementos e problemáticas sociais do momento. . Resolve de forma persoal e autónoma problemas conflitos interpersoais da vida cotiá. . Manifesta unha confianza básica en resolver os seus propios problemas. . Busca o diálogo cos compañeiros/as cando non está dacordo con algo.

<p>4. Participar con entusiasmo na vida da aula e do centro respectando as normas de convivencia e implicándose nas actividades e decisións do seu funcionamento, para comportarse como unha persoa responsable, respectuosa e crítica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> . Manifesta as súas opinións. . Implícase nas actividades propostas no grupo clase. . Acode aos eventos que se promoven no centro. . Responde as convocatorias de actividades xerais. . Propón novas actividades. . Responsabilízase das tarefas comúns. . Executa até o final as tarefas que se derivan dos compromisos adquiridos. . Cumpre as normas de convivencia.
<p>5. Reflexionar con actitude aberta sobre o seu modo de desenvolver as prácticas escolares, o seu esforzo, para que avalíe o seu rendemento escolar e introduza as melloras necesarias valorando o traballo ben feito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> . Acepta a dificultade e mesmo a frustración sen abandonar a tarefa. . Analiza o seu modo de responder as obrigacións escolares. . Utiliza a axenda de forma sistemática. . Distribúe o seu tempo dacordo ás súas obrigacións. . Prepara as tarefas antes de realizalas. . Revisa periodicamente a organización das súas actividades e introduce melloras dacordo aos resultados. . Coida e mantén ordenados os materiais escolares. . Selecciona e clasifica a información. . Goza coa tarefa terminada e ben feita. . Realiza as tarefas escolares de forma responsable e ordenada.
<p>6. Colaborar de forma creativa coas persoas do contorno valorando a necesidade de construír pensamento con outros, compartir ideas e experiencias, traballar en equipo e establecer redes comunicativas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> . escoita e reformula o escoitado para asegurar a súa comprensión. . Razona a súa postura en confrontacións de diferentes formulacións. . Valora a achega dos seus compañeiros/as. . Pregunta e solicita datos ante situacións de debate. . Colabora cos compañeiros/as nos traballos en grupo. . Coas súas achegas, axuda a avanzar nas tarefas comúns. . Asume responsablemente a parte do traballo que lle corresponde na elaboración de equipo. . Mostra satisfacción ante o traballo con outros.

7. Mostrarse crítico ante situacións sociais de inxustiza ou violencia recoñecendo e respectando a pluralidade, para que o seu comportamento responda os valores de xustiza, igualdade, paz e solidariedade nunha sociedade intercultural.

- . Percibe e describe os valores que están detrás das situacións sociais da vida cotiá.
- . Analiza criticamente as situacións sociais.
- . Expresa a súa postura de rexeitamento ante situacións de inxustiza ou falta de respecto dos dereitos humanos.
- . Ten xestos solidarios ante necesidades do seu entorno próximo.
- . Manifesta o seu desexo de axuda e apoio futuro ante necesidades Sociais.
- . Identifica na súa contorna actitudes de tolerancia, solidariedade, xustiza, etc.
- . Valora e mostra interese pola riqueza das diversas culturas.

CONTIDOS

Bloques	TEMAS
---------	-------

<p>1- O desenvolvemento persoal:</p> <ul style="list-style-type: none">. Crecemento persoal.. Disposición para afrontar problemas.. Toma de decisións.. Elaboración do proxecto persoal ao longo da vida.	<p>A AUTOESTIMA E AUTOCONCEPTO</p> <ul style="list-style-type: none">.Expectativas propias e alleas..Variables que inciden..Autocoñecemento. <p>OS SENTIMENTOS E AS EMOCIÓNS</p> <ul style="list-style-type: none">.Identificación e manexo das súas emocións que experimenta en relación cun mesmo e cos demais.. Autorregulación e Regulación. <p>IDENTIDADE DE XENERO</p> <ul style="list-style-type: none">.Os Roles..Autoimaxen..Sistemas sexo xénero. <p>HABILIDADES SOCIAIS</p> <ul style="list-style-type: none">.Desenvolver habilidades sociais (eu e os outros)..De interacción social..De expresión de sentimentos, emocións. <p>POTENCIACIÓN DE CAPACIDADES</p> <ul style="list-style-type: none">.Tipos de intelixencia..Motivación..Esforzo e rendemento. <p>OS DEREITOS HUMANOS</p> <ul style="list-style-type: none">.As ideas de homoxeneidade e diversidade..A interculturalidade: identidade, diversidade cultural, racismo.
--	--

2.- As relacións cos outros:**. A comunicación, o traballo en equipo e a resolución de conflitos.**

(conceptos, procedementos e actitudes relacionadas co funcionamento dos

grupos humanos).**.As normas de convivencia.****.A análise e a resolución de conflitos.****O GRUPO**

- .Líder e liderado.
- .Roles no grupo, grupo e agrupamento.
- . Sentimento de pertenza.
- . Xogos de coñecemento, distensión e de confianza.
- . Xogos de comunicación e afirmación.

AS RELACIÓNS COS OUTROS

- .Normas de convivencia.
- . Organización e funcionamento da clase:
 - Elixir responsable ou delegados/as
 - Elixir democraticamente as normas de aula
- . Entrevista
- . As conversacións : escoitar ás demais persoas
respectar a quenda
de palabra
- . Relaciones entre iguais: sociograma ao grupo.

OS CONFLITOS

- .Estilos ante o conflito: cooperación, competición, negación, agresión, pasividade.
- . Transformación do conflito.
- . Resolución positiva dos conflitos: mediación, negociación, asemblea de clase.

HABILIDADES SOCIAIS

- .Habilidades comunicativas: asertiva, pasiva, agresiva
- .Presentacións.
- .Entrevistas.
- .Tipos de conduta social
- .A empatía

3.-Os procesos de aprendizaxe:

- . Competencias que optimizan o rendemento escolar no seu conxunto.
- . O uso da axenda.
- . Os grupos cooperativos e colaborativos.
- . Aplicación de técnicas de estudo e estratexias de metacognición.

- Mapas conceptuais

- . Identificar o concepto principal
- . Extraer conceptos substanciais ou palabras clave do tema
- . Establecer relacións entre conceptos
- . Agrupar conceptos
- . Jerarquizar grupos de conceptos
- . Representar gráficamente os conceptos e establecer relacións.

- Esquemas

- . Aproximarse á idea xeral do contido da información
- . Ver a organización do texto e as xerarquías de ideas. Distinguir apartados e subapartados.
- . Anotar a idea central do texto
- . Descender a detalles
- . Ordenar e distribuír as ideas de forma lóxica
- . Organizar gráficamente as ideas.

- Resumos

- . Comprender o texto
- . Tomar notas, recoller as ideas fundamentais
- . Diferenciar as ideas principais e secundarias
- . Construír frases enlazando as palabras máis importantes que inclúe o sentido do texto
- . Atopar o fío condutor, organizar e enlazar as ideas
- . Redactar en estilo narrativo dando sentido e continuidade

- Organización e planificación do estudo.

- Os modos de aprender (metacognición)

- Aprendizaxe por proxectos

<p>4- A orientación profesional: A medida que progresa a escolarización van cobrando importancia as decisións que o alumnado tomará con relación ao itinerario académico e ao seu futuro profesional, partindo do coñecemento de si mesmo e do mundo laboral.</p>	<p>- Proxecto profesional</p> <ul style="list-style-type: none"> . Metas e obxectivos . Itinerario formativo . Formación regulada e non regulada. . Traballo e emprego . O mercado laboral <p>- Selección de información referente ao futuro profesional</p> <ul style="list-style-type: none"> . Buscar información utilizando diferentes fontes . Ordenar e clasificar a información . Actualizar a información gardada . Valorar a relevancia da información obtida <p>- Toma de decisións</p> <ul style="list-style-type: none"> . Identificar e definir a decisión a tomar . Coñecer o que é importante para a persoa e para o que se quere conseguir . Revisar a información que se ten e buscar nova información . Valorar os riscos e vantaxes que supón a elección de cada alternativa . Elaborar un plan de acción para conseguir o obxectivo proposto . Diferenciar e valorar a decisión e resultado
---	--

6. CRONOGRAMA.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1º TRIMESTRE

Mes	Semana	Accións co alumnado
Setembro	1 ao 8 11 ao 15 18 ao 29	.Non presencial co alumnado Inauguración curso: Acollida nas clases Presentación do curso: Xornada de acollida para pais/nais. A titoría, convivencia, NOF-normas básicas, delegados/as. Presentación da mediación no centro Presentación por parte dos titores da Biblioteca do centro, funcionamento Recollida de datos na titoría. A organización da titoría: responsabilidades, elección delegados, propostas para o curso.
Outubro	2 ao 31	Avaliación marcha do curso; comentarios, recomendacións...Propostas en positivo.

Novembro	2 ao 5 6 en diante	Festas tradicionais: O magosto. Dereitos humanos Actividades relativas ao 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero.
Decembro	1 ao 15 19 ao 21	Entrega notas ao alumnado, 1ª avaliación Constitución e Estatuto de Autonomía. Titoría: Posta en común da 1º avaliación Preparación do Nadal

Observacións: O titor/a dispón de material propio ou do departamento de orientación para adicar as sesións valeiras na táboa a:

- Desenvolver contidos relacionados coas competencias básicas; orientalos á convivencia, celebracións comúns, festas tradicionais, días de especial interese educativo.
- Temas de actualidade e/ou demandados polo alumnado.
- Necesidades detectadas no grupo.

Mes	Semana	Accións dos Titores/as- Profesores/as
Setembro	1 ao 8	. Atención a pais/nais. Orientación Preparación do curso: Claustro, Departamentos, Plans..., organización clases, burocracia libros de texto...
	11 ao 29	Programacións, plans titoría...
Outubro	2 ao 7	Posta en común: avaliación inicial. Fincapé en 1º ESO. Reunión titores/as: Preparación reunión informativa cos pais/nais. Seguimento dos plans Reunión titores
	9 ao 21	
	23 ao 31	
Novembro	2 ao 30	Colaboración nas actividades do 25 de novembro, Día internacional contra a violencia de xénero. Seguimento dos plans Xuntas de avaliación
Decembro	1 ao 8	Seguimento dos plans Entrega de notas Reunión de titores/as
	11 ao 21	

Mes	Semana	Accións cos Pais/Nais
-----	--------	-----------------------

Setembro	1 ao 15 18 ao 22 18-22 25 ao 29	Contacto coas familias de alumnado NP nas probas extraordinarias. Atención aos pais/nais que o demanden. Entrevista, presentación co alumnado de novo ingreso no centro Reunión informativa cos pais/nais. Información-propostas de reforzos, programas, agrupacións
Outubro	2 ao 13 16-20 16 -31	Información-propostas de reforzos, programas, agrupacións Titoría semanal individualizada. Entrevista coas familias do alumnado con n.e.a.e.
Novembro	2 ao 3 6 - 30	Actualización acordos de compromiso. Titoría semanal. Atención a Pais/Nais Colaboración coas actividades do 25 de novembro.
Decembro	1 ao 21	Titoría semanal Atención a Pais/Nais

2º TRIMESTRE

Mes	Semana	Accións co alumnado
Xaneiro	1 ao 7 7 ao 12 15-19 Día 30	Vacacións de Nadal Posta en común: directrices para o 2º trimestre Posta en común: Convivencia, directrices para o 2º trimestre Día da Paz. Accións específicas
Febreiro	1 ao 5 6 -29	Avaliación marcha do trimestre. Preparación Entroido Posta en común, comentarios, recomendacións.... Propostas.
Marzo	1 ao 8 13-22	Actividades con motivo do 8 de marzo, día da muller traballadora Entrega notas 2ª avaliación Titoría: Posta en común da 2º avaliación Consumismo e temática relacionada (prensa, publicidade...) Programa Prevención de Drogodependencias Preparación 3º trimestre
Abril	2 -30	Orientación académica e profesional

Observacións: O titor/a dispón de material propio ou do departamento de orientación para adicar as sesións valeiras na táboa a:

- Desenvolver contidos relacionados coas competencias básicas; orientados á convivencia, celebracións comúns, festas tradicionais, días de especial interés educativo.
- Temas de actualidade e/ou demandados polo alumnado.
- En 1º e 2º, entre o segundo e terceiro trimestre, adicaranse un mínimo de dúas sesións especificamente a orientación; en 3º e 4º, 5 sesións.

Mes	Semana	Accións cos titores/as- profesores/as
Xaneiro	1 ao 7 8 ao 12 15-19 22 -31	Vacacións de Nadal Posta en común: directrices para o 2º trimestre Posta en común: Convivencia, directrices para o 2º trim. Reunión titores/as Seguimento dos plans
Febreiro	1 ao 9 12 -29	Avaliación marcha do trimestre. Posta en común, comentarios, recomendacións.... Propostas. Reunión titores/as
Marzo	1-22 18 ao 21 10	Seguimento dos plans Xuntas de avaliación do 2º trimestre Entrega notas 2ª avaliación. Seguimento dos plans

Mes	Semana	Accións cos Pais/Nais
Xaneiro	1 ao 7 8 ao 12 15-19 22-- 31	Vacacións de Nadal Entrevistas cos pais/nais do alumnado con n.e.a.e. Actualización acordos de compromiso.
Febreiro	1 ao 9 12-16 19-29	Titorías e atención a pais/nais Entrevistas cos pais/nais do alumnado con n.e.a.e Actualización acordos de compromiso.
Marzo	1 -22	Titorías e atención a pais/nais Entrevistas cos pais/nais do alumnado con n.e.a.e. Posta en común: directrices para o 3º trimestre
	11 -22	Titorías e atención a pais/nais Entrevistas cos pais/nais do alumnado con n.e.a.e.

3º TRIMESTRE

Mes	Semana	Accións co alumnado
Abril	2 ao 12 15 -30	Posta en común: Convivencia, directrices para o 3º trimestre. Reunión titores/as Día do Libro Seguimento dos plans

Maio	2 ao 3 6 –10 13-31	Avaliación marcha do trimestre. Posta en común, comentarios, recomendacións.... Propostas. Reunión titores/as Día das Letras galegas Seguimento dos plans Optatividade: recollida das opcións elixidas. Acto despedida Bacharelatos
Xuñ o	19-21 21	Xuntas de avaliación do 3º trimestre Entrega notas 3º trimestre 1º BAC Exámenes extraordinarios Seguimento dos plans Acto despedida do curso

Observacións: O titor/a dispón de material propio ou do departamentote de orientación para adicar as sesións valeiras na táboa a:

- Desenvolver contidos relacionados coas competencias básicas; orientados á convivencia, celebracións comúns, festas tradicionais, días de especial interes educativo.
- Temas de actualidade e/ou demandados polo alumnado.
- En 1º e 2º , entre o segundo e terceiro trimestre, adicaranse un mínimo de dúas sesións especificamente a orientación; en 3º e 4º, 5 sesións.
-

Mes	Semana	Accións co titor/a- profesorado
Abril	2 ao 12 15–21 22-30	Posta en común: directrices para o 3º trimestre Posta en común: Convivencia, directrices para o 3º trimestre. Reunión titores/as Seguimento dos plans
Maio	2 ao 3 6–10 13-31	Avaliación marcha do trimestre. Posta en común, comentarios, recomendacións.... Propostas. Reunión titores/as Seguimento dos plans
Xuñ o	3-21	Seguimento dos plans Xuntas de avaliación do 3º trimestre Entrega notas 3ª avaliación. Xunta avaliación final Entrega memorias titorías Acto despedida do curso

○

Mes	Semana	Accións cos Pais/Nais
-----	--------	-----------------------

Abril	2 ao 12 15 –30	Entrevista cos pais/nais do alumnado con n.e.a.e. Actualización acordos de compromiso. Orientación. Titorías / Atención a pais-nais.
Maio	3 ao 5 6-10 13- 31	Entrevista cos pais/nais do alumnado con n.e.a.e. Actualización acordos de compromiso. Orientación. Titorías / Atención a pais-nais.
Xuño	1 -21	Titorías / Atención a pais-nais. Entrevistas cos pais-nais para orientación vocacional

7. RECURSOS E MATERIAIS.

Recursos confeccionados e/ou adaptados polo departamento. (Colabora nas adaptacións o Equipo de Normalización Lingüística).

- . Fichas persoais do alumnado
- . Unidades específicas para as sesións de titoría
- . Material informativo: dípticos, cadernillos ...
- . Cuestionarios para familias, alumnado e profesorado.

Fontes:

- . Material confeccionado polos Centros Educativos Vicencianos.
- . Páxina Web do IES A Xunqueira I
- . Propias do Departamento
- . Recursos páxinas web cnice.
- . Cadernos Xunta de Galicia: Programa de prevención do consumo de drogas.

Recursos externos:

- . Concello de Pontevedra
- . EOE
- . Centro Quérote +.
- . ANPA
- . Consellería de Sanidade
Secretariado Xitano
CIM Pontevedra
Cruz Vermella Pontevedra

8. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

1º A través das reunións periódicas dos titores/as coa Xefatura de Estudos e a Orientadora previstas, articularanse os recursos persoais e materiais e o asesoramento e apoio necesario para que sexa posible o desenvolvemento dos plans dunha forma efectiva e coordinada.

2º Ao longo do curso, a Xefatura de Estudos e a Orientadora irán facendo un seguimento do desenvolvemento dos plans para introducir os axustes necesarios.

3º O Departamento de Orientación terá presente estes criterios de avaliación:

Procedencia de datos

Pensamos utilizar os datos suministrados por:

- Persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento: departamento, titores/as, profesores/as.
- Destinatarios: profesores/as, alumnos/as, pais/nais.

Instrumentos para a recollida de datos

- Intercambios orais
- Escalas e cuestionarios. Protocolos de avaliación.
- Entrevistas

Criterios:

Como criterios de avaliación para determinar a calidade do Plan de Orientación consideraremos os seguintes aspectos:

- Nivel de logros acadados co referente dos obxectivos previstos.
- Grao de adquisición das competencias segundo os criterios de avaliación establecidos.
- Nivel de relevancia dos contidos e das sesións de titoría.
- Grao de adecuación das actividades para lograr as competencias.
- Nivel de pertinencia das accións realizadas nos distintos ámbitos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Cos datos recollidos trimestralmente elaborárase a memoria ao finalizar o curso.

Nesta memoria recollerase unha síntese das observacións realizadas polos titores/as, os/as alumnos/as e outros axentes implicados, sobre aqueles aspectos que funcionaron ben, as dificultades atopadas, e aqueles aspectos que serán necesarios modificar. As conclusións obtidas da avaliación serán tidas en conta para introducir as modificacións e axustes necesarios no curso seguinte.

Pontevedra, 21 de setembro de 2023

A Xefa do Departamento de Orientación

Ana M^a González Correa





Plan de hábitos de vida saudable

IES XUNQUEIRA I
PONTEVEDRA

IES XUNQUEIRA I
PONTEVEDRA
Alexandre Bóveda s/n



ÍNDICE

1.- Introducción	3
2.- Características do centro	4
3.- Obxectivos	6
4.- Actividades	8

1.-INTRODUCCIÓN

Con este plan o que se pretende é favorecer o cambio e a transformación social baseándose na formación de cidadáns críticos e responsables coa súa saúde, dende un equilibrio entre emoción e cognición, e cos seguintes grandes retos:

- Dotar ó alumnado de competencias de vida e benestar.
- Xerar escenarios de ensino -aprendizaxe personalizados, creativos, inclusivos, emocionais e emocionantes.
- Transformar a estrutura e a dinámica do centro para avanzar cara contornas máis sostibles, saudables e resilientes.

A saúde é educable, as persoas podemos tomar decisión sobre o noso propio estilo e condición de vida, por elo, resulta fundamental capacitar ó alumnado para comprender como está organizada a súa vida e como se sitúa fronte o mundo (compoñente cognitiva da promoción da saúde), para mostrarse capaz de manexala (compoñente instrumental ou de comportamento) e para sentir que ten sentido (compoñente emocional), promovendo o aprendizaxe activo, a interacción e a integración social, o desenrolo da capacidade crítica e creativa, así como, a pescuda de solución ante situación de risco para a saúde.

2.- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O instituto A Xunqueira I foi inaugurado no ano 1978

É un centro de secundaria onde se imparten os catro cursos da ESO, as catro especialidades de Bacharelato e un CM de Laboratorio.

Conta con 62 profesores e profesoras e con 8 persoas desempeñando as tarefas de administración e servizos.

Está situado no Campus Universitario de Pontevedra e foi o primeiro centro que implantou a ESO na cidade e un dos dous co Bacharelato de Arte.

Conta tamén cunha longa traxectoria de participación en programas (PROA, Plan Valora-Igualdade, Interreg, Comenius,...) e en actividades innovadoras (Seccións Bilingües, programa CUALE, Obradoiros de Corresponsabilidade,...) e de intercambios europeos.

Dadas as características particulares do centro, que recolle alumnado de moi distintas procedencias (do ámbito rural, urbano e alumnado inmigrante) e de nivel socioeconómico medio-baixo é de vital importancia o traballo pola integración, pola convivencia e a igualdade promovendo as mesmas oportunidades as rapazas e os rapaces.

DAFO.

DEBILIDADES:

- Consumo excesivo de almozos non saudables, baixos niveis de actividade física e hábitos saudables mellorables.
- Participación desigual por parte do persoal docente nas actividades e na “vida” do centro.
- Pouca implicación dos pais e nais na AMPA o que dificulta a creación dunha escola de pais onde tratar diferentes temas de interese como son a igualdade de xénero, o uso das redes sociais e das novas tecnoloxías, as relacións paterno-filiais, o consumo de sustancias estupefacientes...

AMEAZAS:

- Venda na cafetería de produtos non de todo saudables.
- Clase pola tarde, o luns, o que fai que o alumnado que non queda ó comedor escolar en moitos casos queda a comer na cidade “comida rápida”.

- O uso do transporte escolar as veces condiciona que alumnado faga unha vida máis sedentaria.

FORTALEZAS:

- Participación do alumnado e de parte do profesorado nas actividades e proxectos propostos.
- Instalacións deportivas amplas e con dotación axeitada.
- Baixa conflictividade e percepción do Centro como un lugar agradable onde se respecta a todas as persoas.
- Porcentaxe alto de alumnado motivado, especialmente nos últimos cursos da ESO.
- Entorno do centro que invita as saídas tanto educativas como de lecer.

OPORTUNIDADES:

- Relación fluída e de colaboración coas Institucións da Cidade.
- A nosa ubicación, próxima ás universidades, ao Pazo da Cultura e a un entorno natural e a escasos minutos do centro o que fai que sexa moi accesible a asistencia a calquera evento para a formación do noso alumnado.

3.- OBXECTIVOS

Dende este enfoque positivo da saúde se propoñen os seguintes obxectivos xerais:

1.- Ofrecer un marco de traballo colaborativo con profesionais socio -sanitarios, que facilite ó centro a abordaxe das medidas de prevención e promoción da saúde en contextos de aprendizaxe inclusivos, múltiples e diversos, coa intelixencia emocional como elemento clave da intervención.

Accións relacionadas con este obxectivo: 8, 9, 11, 14, 16.

2.- Diseñar e implementar actividades transdisciplinares de ensino e promoción para a saúde no centro para facer do alumnado un axente activo e competente na prevención e mellora da súa saúde, e da comunidade educativa, favorecendo actitudes, habilidades e coñecementos que lle permitan afrontar unha conduta saudable de forma libre, informada e consciente.

Accións: todas

3.- Promover o desenvolvemento de competencias e habilidades como a empatía, a confianza, a regulación do estrés e a ansiedade, a conciencia emocional, a autonomía persoal e emocional, e en definitiva, a competencia para a vida e o benestar e promover actitudes que permitan tomar conciencia das emocións propias e dos demais, así como aprender a regulalas mediante estratexias que favorezan o desenvolvemento persoal e social.

Accións: 8, 9, 11, 14.

4.- Sensibilizar sobre a importancia de realizar actividades físicas e levar unha alimentación variada e equilibrada baseada na dieta mediterránea, facendo especial fincapé no aumento do consumo de froitas e hortalizas e na diminución do consumo de bebidas azucradas.

Accións: 1, 2, 3, 4, 5, 7, 15.

5.- Promover a adquisición de hábitos relacionados coa hixiene do sono, camiños escolares seguros, así como o resto de accións relacionadas cos autocoidados e a redución da accidentalidade.

Accións: 14.

6.- Promover o desenvolvemento de competencias relacionadas co sentido viario, observación visual ou auditiva, a noción espacial, a prudencia ou a propia decisión.

Accións: 12, 13.

7.- Ofrecer estratexias para o uso responsable das tecnoloxías educativas, fortalecendo a relación entre país, nais, fillos e fillas e fomentando valores e actitudes positivas cara as mesmas.

Accións: 10, 11, 14.

8.- Concienciar ó alumnado sobre o impacto do consumo de substancias aditivas, incidindo nos factores de risco e de protección que se relacionan coa probabilidade do uso do tabaco, alcol e de outras substancias ou condutas aditivas como os xogos de azar.

Accións: 14.

9.- Ofrecer ás persoas novas formación, educación e información en el ámbito afectivo-sexual para o desenrolo de condutas apropiadas tanto individual, como en parella e/o colectivamente.

Accións: 8.

10.- Establecer redes de colaboración interprofesionais, interdiscipliniais e interinstitucionais.

Accións: 4, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 16.

11.- Facer participes ás familias, fomentando a súa colaboración na promoción da saúde e da prevención de adicións.

Accións: 12, 13, 16.

12.- Mellorar o entorno do centro na súa dimensión medioambiental (física e social) mediante estratexias de estudo, valoración e actuación para a promoción da saúde e o benestar xeral da comunidade, de cara a incrementar os activos que protexen e melloran a saúde, accesos o centro, luz, ventilación, ruído, espazos, etc.

Accións: 6.

En definitiva preténdese adestrar e capacitar ó alumnado para o desenrolo de habilidades cognitivas -condutuais, que de forma adaptada a súa idade, lle permitan a adquisición e consolidación de hábitos saudables, mediante a toma de decisión razoadas e desenroladas no marco de contornas non sempre favorables á protección e o fomento da saúde, para que a elección máis sinxela sexa a máis saudable. Promover un cambio metodolóxico no profesorado cara unha metodoloxía activa baseada na investigación participativa, favorecendo e fortalecendo vínculos coa comunidade e fomentar contornas inclusivos máis sostibles e saudables.

4.- ACTIVIDADES

Obxectivo: 4			
ACCIÓN 1	Exposición: Azucre contido nos refrescos		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input type="checkbox"/>	3ºT <input type="checkbox"/>
CURSOS	ESO, Bacharelato e Ciclo		
RESPONSABLES	3º PDC		
RECURSOS	Latas de refrescos, azucre en gran, báscula,		
Obxectivo: 4			
ACCIÓN 2	Recreos activos		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>	3ºT <input checked="" type="checkbox"/>
CURSOS	ESO, Bacharelato		
RESPONSABLES	Departamento EF		
RECURSOS	Materiais de EF		
Obxectivo: 4			
ACCIÓN 3	Acondicionamento físico. Mellora da forma física		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>	3ºT <input checked="" type="checkbox"/>
CURSOS	1º ESO		
RESPONSABLES	Profesorado de EF de 1º ESO		
RECURSOS			
Obxectivo: 4,10			
ACCIÓN 4	Consumo de froitos do outono. Magosto		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input type="checkbox"/>	3ºT <input type="checkbox"/>
CURSOS	ESO		
RESPONSABLES	ANPA, vicedirección		
RECURSOS			
Obxectivo: 4			
ACCIÓN 5	Reparto de froita nos recreos		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>	3ºT <input checked="" type="checkbox"/>
CURSOS	ESO, Bacharelato e Ciclo		
RESPONSABLES	Grupo HVS		
RECURSOS	Froitas (orçamento do centro)		
Obxectivo: 12			
ACCIÓN 6	Recollida de residuos sólidos no patio nas horas de titoría		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>	3ºT <input checked="" type="checkbox"/>
CURSOS	ESO		
RESPONSABLES	Titores e equipo de HVS		
RECURSOS	Bolsas e luvas		
Obxectivo: 4			
ACCIÓN 7	Andainas nas titorías e nas gardas		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>	3ºT <input checked="" type="checkbox"/>
CURSOS	ESO: 1º, 2º, 3º		
RESPONSABLES	Titores e profesorado de garda		
RECURSOS			

Obxectivo: 1,2,3,9			
ACCIÓN 8	Charlas sobre hábitos sexuais		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT	<input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input type="checkbox"/>
CURSOS	4º ESO		
RESPONSABLES	Departamento orientación.		
RECURSOS			
Obxectivo: 1,3,10			
ACCIÓN 9	Charla: Diversidade afectivo-sexual contra a LGTBI-fobia		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT	<input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input type="checkbox"/>
CURSOS	1º ESO		
RESPONSABLES	Asociación Arelas		
RECURSOS			
Obxectivo: 1,7,10			
ACCIÓN 10	Plan director		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT	<input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input type="checkbox"/>
CURSOS	1º ESO, 2º ESO e 4ºC		
RESPONSABLES	Policía Nacional		
RECURSOS			
Obxectivo: 1,3,7,10			
ACCIÓN 11	Mulleres e novas violencias		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT	<input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input type="checkbox"/>
CURSOS	2ºA e 3ºC ESO		
RESPONSABLES	Orientación		
RECURSOS			
Obxectivo: 6,10			
ACCIÓN 12	Camiños seguros		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT	<input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>
CURSOS	ESO, Bacharelato e Ciclo		
RESPONSABLES	Vicedirección, protección civil, familias		
RECURSOS			
Obxectivo: 6,10			
ACCIÓN 13	Fomento do uso da bicicleta para acudir ó centro		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT	<input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>
CURSOS	todos		
RESPONSABLES	Departamento EF, policía local, familias		
RECURSOS			
Obxectivo: 1,3,5,8,10			
ACCIÓN 14	Quérote +		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT	<input type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>
CURSOS	3º da ESO		
RESPONSABLES	Orientación, Concello		
RECURSOS			

Objetivo: 4			
ACCIÓN 15	Almorzos saludables		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT <input type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>	3ºT <input type="checkbox"/>
CURSOS	3º ESO		
RESPONSABLES	HVS		
RECURSOS	Orzamento do centro		
Objetivo: 1,10			
ACCIÓN 16	Dietista		
	TEMPORALIZACIÓN		
	1ºT <input checked="" type="checkbox"/>	2ºT <input checked="" type="checkbox"/>	3ºT <input checked="" type="checkbox"/>
CURSOS	todos		
RESPONSABLES	E.F.		
RECURSOS	Orzamento do centro		



DIAGNOSE PARA A ELABORACIÓN DO 1º PLAN DE IGUALDADE I.E.S A XUNQUEIRA 1





1.INTRODUCCIÓN	3
2.CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	11
2.1- Contextualización lexislativa:	12
a) Normativa Estatal:	12
b) Normativa autonómica:	13
2.2. Contextualización da contorna:	14
2.3.Obxectivos coeducativos nos plans do Centro:	17
a)Dentro do Plan de Convivencia	17
b) Dentro do Plan de Acción Titorial	17
c) Dentro das Normas de Organización e Funcionamento do Centro	18
d) Dentro do Plan Educativo de Centro	18
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO,COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBFobia	20
3.1 Representación do profesorado nos órganos de decisión desagregado por sexo	20
3.2 Actividades coeducativas realizadas no curso 2018-2019	26
3.3.- Análise das enquisas realizadas a:	30
Profesorado	30
Alumnado	38
Familias	46
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN (despóis de realizada a diagnose)	56
5. CONSIDERACIÓNS FINAIS	57



1.INTRODUCCIÓN

A igualdade de oportunidades e de responsabilidades é un dereito de todas as persoas, polo que educar as diferentes xeracións para chegar a acadala, tamén é un deber das e dos docentes deste país. E o camiño vai ser o da coeducación, o único xeito de previr, desde idades moi temperás, as discriminacións derivadas da desigualdade entre mulleres e homes.

A coeducación é o conxunto de contidos, obxectivos e estratexias de intervención

educativa intencionada, desenvolvidos por calquera axente educativo, con obxecto de promover un desenvolvemento persoal libre da limitación imposta polos estereotipos de xénero e de producir cambios profundos no pensamento, as actitudes, o comportamento, a visión e interpretación do mundo nas persoas, Trátase de previr, compensar ou erradicar aquelas desigualdades nos seres humanos, que non teñen outra xustificación mais que a inercia da discriminación por razón de sexo propia da cultura androcéntrica e patriarcal.

Unha coeducación de calidade, desde un enfoque integral, debe asumir nos seus contidos todos los aspectos como son a inclusión das mulleres en nos currículums educativos (mulleres na historia e historia das mulleres), educación afectivo-sexual, a ensinanza do reparto das tarefas domésticas, a normalización e integración da diversidade sexual, el desenvolvemento de novos modelos de masculinidade alonxados do modelo patriarcal e violento, a resolución pacífica dos conflitos, a non deserción de mulleres cara as carreiras técnicas ou científicas por razóns de sexo, as medidas de discriminación positiva de xénero ou a análise e rexeitamento de estereotipos de xénero discriminatorios nos medios de comunicación, entre outros.

O primeiro paso para levar a práctica unha escola coeducativa é tomar conciencia, ademais de ser constante no obxectivo marcado. Mais tampouco son



boas as présas, pois esta é unha semente da que se tarda un chisco en ver os froitos.

Polo tanto, conseguir que o noso centro sexa coeducativo vai ser unha labor ardua, na maioría dos casos, pero tremendamente ilusionante e satisfactoria. Exixe cambios a nivel de organización, de metodoloxía empregada e de contidos curriculares, pero non debemos esquecer que este traballo vai supor un cambio de perspectiva na visión que ten da realidade o noso alumnado e esa é a maneira de construír un mundo máis xusto e igualitario, onde os proxectos de vida das nosas alumnas e alumnos se asentén sobre a liberdade e o respecto.

O IES A Xunqueira conta cunha traxectoria de traballo en temas de igualdade dende o ano 2000, detallado na páxina web do Centro, no ámbito de actividades, co historial que se especifica a continuación:

- Curso 2.000 – 01 un grupo de profesoras e profesores traballan entre eles e co alumnado para avanzar na igualdade de oportunidades de mulleres e homes; nese curso elabóranse dúas unidades didácticas baseadas no visionado das películas “Mi vida en rosa” de Alain Berliner e “Billy Elliot” de Stephen Daldry.
- No curso 2.001 – 02 preséntanse varios murais de gran formato, realizados de xeito colectivo polo alumnado de E.S.O. nas clases de Educación Plástica con motivo do día 8 de marzo; estes traballos estiveron expostos nos corredores do instituto.
- No curso 2.002 – 03 continúan a apoiarse na área de Educación Plástica para realizar, de novo, traballos gráficos e deseños relativos o día Internacional da Muller. Ese ano participan tamén as alumnas e alumnos de 2º de Bacharelato de Artes con elaboración de cómics, a partir dun texto da obra “Casa de muñecas” de Henry Ibsen.
- No curso 2.003 – 04 embárcanse nun proxecto experimental, ofrecido polo SGI a dous institutos de Galicia, a “Xunqueira 1” de Pontevedra e o “Otero Pedraio” de A Coruña, consistente en traballar con toda a comunidade



educativa, pais e nais, profesorado e alumnado, baixo o título de “Prevención da violencia de xénero na poboación adolescente”. Un equipo multidisciplinar, dirixido por Erick Pescador, responsabilizouse deste proxecto que durou de novembro a maio.

- No curso 2.004 – 05 voltan a decorar os corredores do instituto pero non só o día 8 de marzo; comezan xa o 25 de novembro, día “Contra a Violencia de Xénero”.
- No curso 2.005 – 06 constitúese, un grupo de traballo dependente do CEFORE, formado por 10 profesoras e profesores para afondar no tema “Organización e funcionamento dun centro educativo desde unha perspectiva de xénero e multicultural”; como resultado saíron tres aportacións elaboradas en pequenos grupos: Multiculturalidade, Violencia entre iguais e Discriminación sexista na linguaxe no ámbito educativo.
- No curso 2006 – 07 presentamos o proxecto “Mellorar en igualdade para previr a violencia de xénero” dentro do Plan Valora – Igualdade, que resultou premiado e permitiunos comezar a levar a práctica no noso centro as conclusións do traballo do ano anterior, expresadas a modo de decálogo.
- No curso 2007-2008 continúaase a traballar a prol da igualdade dentro do Plan Valora, de novo, para afondar en aspectos que quedaron iniciados como os obradoiros de corresponsabilidade, a biblioteca de igualdade ou a implicación das familias pero para abordar, fundamentalmente, os cambios necesarios do estereotipo masculino. Preséntase un proxecto para desenvolver ao longo de dous cursos, 2007-2008 e 2008-2009, titulado “Máis alá dos xéneros”, no que aínda está comprometido un amplo grupo de profesores e profesoras do centro.
- No curso 2008-2009 remátase o proxecto “Mais alá dos xéneros”, que dou pé a un gran número de actividades e moi diversas, que foron recollidas nunha completa memoria realizada polo coordinador do proxecto, Manuel Rozados e pola Vicedirectora, Luisa Fernanda Aris. Durante este mesmo



curso quedou incluído o "Decálogo ou Propostas para un bo funcionamento do centro desde unha perspectiva de xénero" no PEC do noso Instituto, e coñecemos os resultados da enquisa realizada pola Sociedade Galega de Sexoloxía ao alumnado do centro sobre "Educación e hábitos sexuais na adolescencia".

- No curso 2009-2010 continúanse a consolidar os "Obradoiros de Corresponsabilidade" que desde hai varios anos se veñen realizando no mes de marzo, coincidindo coa celebración do Día Internacional da Muller ; e tentamos conseguir unha maior implicación das familias neste tema coa colaboración dos obradoiros realizados desde o Servizo Municipal de Benestar Social, así como coa colaboración da ANPA en todas estas actividades.
- No curso 2010-2011 dase un novo pulo ao traballo dentro do centro coa creación dunha comisión ou grupo de profesorado que, coordinado por dúas profesoras responsables deste tema no seo do Consello Escolar, impulsa, propón e organiza as diversas actividades que ao longo do ano imos realizando; e ademáis coa intención de dar a estas propostas un carácter interdisciplinar e de interrelación cos outros proxectos que existen no centro como o Proxecto Lector, o Proxecto Lingüístico e o Plan de Convivencia, de xeito que a coeducación e a igualdade de homes e mulleres sexa algo transversal e presente no día a día do noso centro escolar.
- No curso 2011-2012, os esforzos de anos anteriores continuaron a enraizar dentro da comunidade educativa do Centro, e deste xeito no reaxuste que se tivo que realizar no equipo directivo polo traslado a outro centro da profesora Luisa Fernanda Aris, que viña desempeñando a función de vicedirectora, foi substituída pola profesora Belén Herrero, mantendo así a paridade na composición do equipo directivo. O recoñecemento a andaina do IES A Xunqueira pola igualdade e a coeducación teñen sona e por iso forman parte da Mesa Municipal contra



a Violencia de Xénero, representando aos centros de secundaria; un intento máis de xuntar vontades que eliminen as desigualdades entre homes e mulleres, comezando polo ensino.

Ademáis o centro foi premiado, xunto con outros dous centros galegos, na convocatoria do Premio Irene: “La paz empieza en casa”, convocado polo Ministerio de Educación, pola nosa traxectoria e compromiso na educación para a igualdade de homes e mulleres.

- No curso 2012-2013, continúase a traballar neste eido, a través do recentemente creado Plan PROXECTA para desenvolver as competencias básicas e a educación en valores, no Programa QUÉROTE+, responsabilidade da Consellería de Traballo e Benestar.

Dentro do Plan Educativo de Centro inclúense propostas para un funcionamento do centro dende unha perspectiva de xénero, tales como:

1. Paridade no equipo directivo
2. Garantir a formación en igualdade tanto ao profesorado como á dirección.
3. Na representación do alumnado debería procurarse que nos grupos mixtos houbera unha alumna e un alumno compartindo os postos de delegado/a e subdelegado/a
4. Debería terse en conta o número de alumnas e alumnos en cada grupo e procurar equilibrar a súa presenza como algo necesario para unha boa convivencia e unha boa aprendizaxe.
5. A promoción de xogos cooperativos no centro e actividades de lecer no horario non lectivo onde se favorezan as relacións igualitarias entre rapazas e rapaces.
6. Posibilidade nos primeiros cursos da ESO da realización de actividades que fomentarán a igualdade, como a realización de tarefas domésticas (pasar o ferro, lavar, cociñar, limpar, coser..) ou a aprendizaxe no coidado de familiares e maiores nas horas de titoría.



-
7. Enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente.
 8. Implicar ós pais e nais na educación non sexista dos seus fillos e fillas colaborando coas titorías.

Dentro do Plan de Convivencia

Na concreción do plan, no apartado de “obxectivos, fins e principios do plan”, o apartado b) especifica:

“A práctica de valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres,...)”

Dentro dos obxectivos xerais do plan, o quinto deles é mellorar as relacións de igualdade e evitar as discriminacións sexistas.

Dentro dos dereitos do alumnado atópase, coma primeiro punto, recibir unha formación integral e coeducativa que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.

Dentro das Normas de Organización e Funcionamento do Centro

Noméase a creación dun grupo de alumnado voluntario que formarían o Consello de Igualdade e da Muller Nova do Centro.

As funcións do Consello son:

1. Propor ou desenvolver diferentes actividades (traballo de investigación, enquisas, cartelería, cómics, prensa, guións para radio ou televisión), ou facer propostas de temas a tratar nas diferentes campañas conmemorativas como o 11 de febreiro Día da Muller científica, 8 de Marzo Día Internacional da Muller, 25 de novembro Contra a violencia de xénero, etc., cunha implicación activa en Igualdade.



2. Comprometerse a recoñecer, denunciar e loitar contra a violencia, o maltrato, o abuso e a desigualdade, e a informar ó resto do alumnado sobre esta temática.
3. Ter algún encontro con Consellos de Igualdade de outros centros de Pontevedra.
4. Asistir as xornadas de formación previa de 2 horas durante tres días, fora do horario lectivo, que serán impartidas por persoal do Concello.

Así para o noso Centro propoñemos que o Consello de Igualdade esté formado do seguinte xeito:

- As persoas representantes do alumnado serán entre 10/15.
- Sempre serán persoas voluntarias.
- No caso de existir maior número de solicitudes que prazas, buscaríase chegar a un acordo para axustarse ao máximo establecido pero que todos/as poidan colaborar nalgunha actuación das que se leven a cabo.
- No caso de baixas durante o curso, poderán ser cubertas por outro alumnado.
- O alumnado, prioritariamente, será de entre 2º da ESO e 1º de Bacharelato.
- Por parte do profesorado estarán presentes a Orientadora do Centro, así como a/o Coordinador/a do Centro para temas de igualdade, e tódalas persoas voluntarias que manifesten interese en participar.

Dentro do Plan de Acción Titorial,

Dentro do Programa Operativo, nas actuacións xerais para todos os cursos, noméanse temas de coeducación e corresponsabilidade.

No punto 5.3.3. "Integración dos módulos transversais e valores" a través dos días de especial interese educativo e cultural, as festas tradicionais e celebracións propias do centro. Dentro dos obxectivos específicos atópase a



contribución de maneira especial á educación de valores morais e cívicos, entendida como un proceso coeducativo ao servizo da formación de persoas capaces de construír racional e autonomamente o seu propio sistema de valores e, a partir deles, capaces tamén de facer xuízos críticos da realidade que lles toca vivir, e intervir para transformala e melloralala. O Centro conta cun protocolo de identidade de xénero elaborado tamén pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Todos estes contidos e obxectivos coeducativos atópanse aloxados na web do centro á disposición de quen queira consultalos como medio de difusión.



2.CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

O IES “A xunqueira I” atópase situado na rúa Alexandre Bóveda nº 1, na cidade de Pontevedra, nunha zona estudiantil, ao carón doutros centros de primaria e secundaria, as facultades do Campus de Pontevedra, o Centro de Formación e Recursos, e a Escola Oficial de Idiomas.

Polas súas características xeográficas e sociais, pódese incluír na categoría de “centro de carácter periférico mixto”, é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade, próximo ao ámbito rural circundante.

Na orixe, estaba destinado a acoller o excedente de poboación escolar de bacharelato dos últimos anos setenta e, coa súa creación, rompeuse a dicotomía tradicional representada polos institutos masculino e feminino da cidade. Co paso do tempo, adquiriu un carácter “rururbano” polas características do seu alumnado, procedentes nun

60% das parroquias rurais do municipio e das áreas rurais da periferia; nun 30%, da área suburbana de Pontevedra; e nun 10%, das áreas residenciais da cidade.

A creación de centros de ensino secundario na parroquia de Monteporreiro ou no veciño concello de Poio, así como o IES Torrente Ballester, contribuíu en grande medida á redución e modificación das características do alumnado.

No que atinxe ao contorno socioeconómico do centro, este é de carácter medio/baixo, no que predominan as familias con estudos primarios e pertencentes ao medio rural próximo ao instituto; de feito, a maioría do alumnado utiliza transporte para asistir a clase.

Atendendo ás profesións de pais e nais, predominan os que xiran arredor do ámbito manual-asalariado, é menos común o pai ou nai funcionarios, e só existe unha pequena cantidade de profesións liberais. Finalmente, hai que subliñar a elevada porcentaxe de nais que son amas de casa

No que respecta ao alumnado, reciben das familias o apoio e os medios para a súa formación e estudos. Sobre estes últimos, a maioría pensa continualos na universidade.



De especial interese é o feito de que se atopan adscritos ao IES “A Xunqueira I” os seguintes centros de educación primaria: “CEIP A Xunqueira I”, de Pontevedra, “CEIP Pedro Antonio Cerviño”, de Campo Lameiro, “CEIP de Parada-Campañó” y “CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez”.

Este instituto, na actualidade, acolle os seguintes grupos e modalidades de ensino: Educación Secundaria Obligatoria (1º, 2º, 3º e 4º), Bacharelato (Ciencias naturais e da saúde, Ciencias tecnolóxicas, Ciencias Sociais, Humanidades e Artístico) e un Ciclo Medio de Laboratorio.

Este ano atópanse matriculados ao redor de 600 rapaces e rapazas, e conta con 60 profesores e profesoras agrupados en 18 departamentos didácticos. A maior parte das horas lectivas concéntranse durante as mañás; por iso, entre as 9 e as 14:30, cun recreo de media hora ás 11: 30 horas, todos os cursos asisten a seis sesións de clase de 50 minutos. As restantes sesións, ata completar os seus horarios, sitúanse nas tardes do luns, a excepción dos grupos do Ciclo Medio, que presentan características especiais.

2.1- Contextualización lexislativa:

A fundamentación lexislativa para a elaboración do presente Plan de Igualdade baséase na seguinte normativa vixente:

a) Normativa Estatal:

- Constitución española de 1978.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.



-
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
 - Declaración universal sobre dereitos humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
 - Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno (BOE 14/10/2003. Núm. 246)

b) Normativa autonómica:

- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade • educativa.
- Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia.
 - Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.



- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).
- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

2.2. Contextualización da contorna:

O instituto A Xunqueira I, que foi inaugurado no ano 1978, é un centro de secundaria onde se imparten os catro cursos da ESO, as tres especialidades de Bacharelato e un CM de Laboratorio . Conta con 62 profesores e profesoras e con 8 persoas desempeñando as tarefas de administración e servizos.

Está situado no Campus Universitario de Pontevedra e foi o primeiro centro que implantou a ESO na cidade e un dos dous co Bacharelato de Arte.

Conta tamén cunha longa traxectoria de participación en programas (PROA, Plan Valora-Igualdade, Interreg, Comenius,...) e en actividades innovadoras (Seccións Bilingües, programa CUALE, Obradoiros de Corresponsabilidade,...) e de intercambios europeos.

Dadas as características particulares do centro, que recolle alumnado de moi distintas procedencias (do ámbito rural, urbano e alumnado inmigrante) é de vital importancia o

traballo pola integración, pola convivencia e a igualdade promovendo as mesmas oportunidades as rapazas e os rapaces.



Poboación segregada por sexo na localidade de Pontevedra

Segundo a gráfica que vemos a continuación na localidade de Pontevedra residen 39.189 homes e 43.613 mulleres.

Tabla	Gráfico	Mapa		
			Hombres	Mujeres
			2018	2018
36038 Pontevedra			39.189	43.613

Tabla recollida do INE o día 4 de novembro de 2019

Poboación no rango de idade dos I.E.S

Como podemos observar na gráfica, na localidade de Pontevedra hai 3.642 persoas que encaixan nos parámetros de idade dos IES, sendo 1.856 homes e 1.786 mulleres.

Tabla	Gráfico	Mapa	0-4	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44
Ambos sexos											
36038-Pontevedra			3.915	4.123	3.820	3.642	4.255	4.645	6.140	7.420	7.067
Hombres											
36038-Pontevedra			2.025	2.081	1.957	1.856	2.219	2.350	3.003	3.644	3.376
Mujeres											
36038-Pontevedra			1.890	2.042	1.863	1.786	2.036	2.295	3.137	3.776	3.691

Tabla recollida do INE o día 4 de novembro de 2019.



Taxa de emprego da poboación de Pontevedra

Na taxa de emprego na cidade de Pontevedra, como se observa na seguinte gráfica hai unha diferenza significativa entre a taxa de emprego entre homes e mulleres, sendo a dos primeiros dun 52,41% e a das mulleres un 42,27%, con case 10 puntos porcentuais de diferenza a favor da poboación masculina.

Tasa de empleo de la población							
	2019T3	2019T2	2019T1	2018T4	2018T3	2018T2	2018T1
Hombres							
36 Pontevedra	52,41 ¹	50,45 ¹	49,32 ¹	50,61 ¹	50,79 ¹	49,48 ¹	47,90 ¹
Mujeres							
36 Pontevedra	42,27 ¹	42,11 ¹	41,12 ¹	41,03 ¹	41,65 ¹	41,65 ¹	39,84 ¹

Tabla recollida do INE o día 4 de novembro de 2019. Taxa de actividade, paro e emprego en Pontevedra.

Taxa de actividade, paro e emprego en Pontevedra.

Tasas de actividad, paro y empleo por provincia y sexo

Unidades: Tasas

Tasa de actividad							
	2019T3	2019T2	2019T1	2018T4	2018T3	2018T2	2018T1
Hombres							
36 Pontevedra	59,07 ¹	58,64 ¹	58,06 ¹	58,40 ¹	58,58 ¹	58,22 ¹	57,81 ¹
Mujeres							
36 Pontevedra	49,87 ¹	49,33 ¹	49,37 ¹	48,58 ¹	49,66 ¹	50,68 ¹	49,98 ¹

Tabla recollida do INE o día 4 de novembro de 2019



2.3.Obxectivos coeducativos nos plans do Centro:

a)Dentro do Plan de Convivencia

Na concreción do plan, no apartado de obxecto, fins e principios do plan establécese:

a práctica de valores cívicos e democráticos (respecto polas demais persoas, respecto polo mobiliario, e polos bens comúns, tolerancia crítica, solidariedade, dereitos humanos, medio natural, igualdade entre homes e mulleres,...)

Dentro dos obxectivos xerais do plan, o quinto deles é mellorar as relacións de igualdade e evitar as discriminacións sexistas.

Dentro dos dereitos do alumnado atópase, coma primeiro punto, recibir unha formación integral e coeducativa que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade.

b) Dentro do Plan de Acción Tutorial

Incluído no Programa Operativo, nas actuacións xerais para todos os cursos noméanse temas de coeducación e corresponsabilidade.

No punto 5.3.3. "Integración dos módulos transversais e valores" a través dos días de especial interese educativo e cultural, as festas tradicionais e celebracións propias do centro.,dentro dos obxectivos específicos atópase a contribución de maneira especial á educación de valores morais e cívicos, entendida como un proceso coeducativo ao servizo da formación de persoas capaces de construír racional e autonomamente o seu propio sistema de valores e, a partir deles, capaces tamén de facer xuízos críticos da realidade que lles toca vivir, e intervir para transformala e melloralala.



c) Dentro das Normas de Organización e Funcionamento do Centro

Noméase a creación dun grupo de alumnado voluntario que formarían o Consello de Igualdade e da Muller Nova do Centro.

As funcións do Consello son:

1. Propor ou desenvolver diferentes actividades (traballo de investigación, enquisas, cartelería, cómics, prensa, guións para radio ou televisión), ou facer propostas de temas a tratar nas diferentes campañas conmemorativas como o 11 de febreiro Día da Muller científica, 8 de Marzo Día Internacional da Muller, 25 de novembro Contra a violencia de xénero, etc., cunha implicación activa en Igualdade.
2. Comprometerse a recoñecer, denunciar e loitar contra a violencia, o maltrato, o abuso e a desigualdade, e a informar ó resto do alumnado sobre esta temática.

d) Dentro do Plan Educativo de Centro

Inclúense propostas para un funcionamento do centro dende unha perspectiva de xénero, tales como:

1. Paridade no equipo directivo.
2. Garantir a formación en igualdade tanto ao profesorado como á dirección.
3. Na representación do alumnado debería procurarse que nos grupos mixtos houbera unha alumna e un alumno compartindo os postos de delegado/a e subdelegado/a.
4. Debería terse en conta o número de alumnas e alumnos en cada grupo e procurar equilibrar a súa presenza como algo necesario para unha boa convivencia e unha boa aprendizaxe.
5. A promoción de xogos cooperativos no centro e actividades de lecer no horario non lectivo onde se favorezan as relacións igualitarias entre rapazas e rapaces.



-
6. Posibilidade nos primeiros cursos da ESO da realización de actividades que fomentarán a igualdade, como a realización de tarefas domésticas (pasar o ferro, lavar, cociñar, limpar, coser..) ou a aprendizaxe no coidado de familiares e maiores nas horas de titoría.
 7. Enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente.
 8. Implicar ós pais e nais na educación non sexista dos seus fillos e fillas colaborando coas titorías.



3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBFobia

3.1 Representación do profesorado nos órganos de decisión desagregado por sexo

Composición do equipo directivo e profesorado	Mulleres	Homes	Total
Dirección do centro	2	0	2
Xefatura de estudos	1	0	1
Secretaría do centro	0	1	1
Composición do claustro	38	22	60
Coordinación do equipo/proxecto de igualdade	1	0	1
Profesorado do proxecto de igualdade	1	0	1
Orientación	2		2

Obsérvase na representación do profesorado nos órganos de decisión que a maioría están dirixidos por mulleres.



**Composición do alumnado por nivel formativo desagregado por sexo curso
2018 /2019**

2018/2019	Total	Mulleres	Porcentaxe	Homes	Porcentaxe
1º ESO	95	45	47,36%	50	52,64%
2º ESO	89	39	43,82%	50	56,18%
3º ESO	80	40	50%	40	50%
4º ESO	79	47	59,49%	32	40,51%
1º BACH					
ARTES	40	30	75%	10	25%
CIENCIAS/ TECNOLÓ- GICO	44	24	54,54%	20	45,46%
2º BACH					
ARTES	26	19	73,07%	7	26,93%
CIENCIAS/ TECNOLÓXIC O	23	15	65,21%	8	34,79%



Composición do alumnado por nivel formativo desagregado por sexo curso 2019/2020

2019/2020	Total	Mulleres	Porcentaxe	Homes	Porcentaxe
1º ESO	92	46	50%	46	50%
2º ESO	83	37	44,57%	46	55,43%
3º ESO	88	44	50%	44	50%
4º ESO	73	35	47,94%	38	52,06%
1º BACH	134	87	64,92%	47	35,08%
2º BACH	96	67	69,79%	29	30,21%
1º CICLO MEDIO LABORATORIO	22	14	63,63%	8	36,37%

Composición do profesorado desagregado por sexo

Profesorado total	Mulleres	Porcentaxe	Homes	Porcentaxe
60	38	63,33%	22	36,67%

Obsérvase unha clara feminización do profesorado



Distribución do profesorado por materias desagregado por sexo 2018 / 2019

Materia	Mulleres	Homes	Total
Ciencias da natureza	3		3
Debuxo	3	2	5
Economía		1	1
Educación física		3	3
Filosofía	1	1	2
Física e química	2	1	3
Inglés	3	3	6
Grego	1		1
Francés	2		2
Latín	1		1
Lingua castelán	4	1	5
Lingua galega	3	2	5
Laboratorio	4		4
Matemáticas	4	2	6
Música	1	1	2
Relixión	1		1
Tecnoloxía	2	1	3
Xeografía e historia	1	4	5



Obsérvase que a maioría do profesorado está composto por mulleres, con excepción do departamento de Educación Física composto exclusivamente por homes.

Composición do equipo directivo desagregado por sexos

Equipo directivo	Mulleres	Porcentaxe	Homes	Porcentaxe
Dirección	1	100%		
Subdirección	1	100%		
Xefatura de Estudos	1	100%		
Secretario/a			1	100%
Total	3	75%	1	25%

Obsérvase que a case a totalidade do equipo directivo está formado por mulleres, cun 75% do equipo directivo composto por mulleres.

Composición do persoal non docente desagregado por sexos

Persoal non docente	Mulleres	Porcentaxe	Homes	Porcentaxe
Persoal de limpeza	4	50%		
Persoal de conserxería			2	25%
Persoal administrativo			2	25%



Obsérvase que o persoal non docente é paritario en relación a cantidade de mulleres e homes. Aínda que o persoal de limpeza está feminizado e o de conserxería e persoal administrativo está masculinizado.

Nivel de titulación e resultados académicos obtidos desagregados por sexo

CURSO	Sexo	Promocionadas/os	Porcentaxe	Non promocionadas/os	Porcentaxe
1º ESO	mulleres	35	83,33%	7	16,67%
1º ESO	homes	40	86,95%	6	13,04%
1º ESO Prm. O.	mulleres	2	100%	0	
1º ESO Prm. O	homes	4	100%	0	
2º ESO	mulleres	36	97,29%	1	2,7%
2º ESO	homes	41	80,39%	10	19,60%
2º ESO PRM. O.	mulleres	2	100%	0	
3º ESO	mulleres	32	84,21%	6	15,78%
3º ESO	homes	34	89,47%	4	10,53%
3º ESO PRM. O.	mulleres	3	100%	0	
3º ESO PRM O.	homes	1	100%	0	
4º ESO	mulleres	44	97,77%	1	2,22%
4º ESO	homes	30	93,75%	2	6,25%
1º Bach.	mulleres	54	76,05%	17	23,94%
1º Bach.	homes	27	67,5%	13	32,05%



2º Bach.	mulleres	55	73,33%	20	26,66%
2º Bach.	homes	16	53,33%	14	46,66%
1º Ciclo medio	mulleres	6	42,85%	8	57,14%
1º Ciclo medio	homes	6	75%	2	25%

Nesta gráfica obsérvase que durante a educación obrigatoria os resultados académicos van alternando por cursos entre homes e mulleres, a diferenza e moi notable se falamos de bacharelato, onde as mulleres ocupan o maior número de prazas o mesmo tempo que obteñen mellores resultados.

3.2 Actividades coeducativas realizadas no curso 2018-2019

- Obradoiro afectivo sexual do concello de Pontevedra
- Obradoiro igualdade Asociación Nais/Pais
- Programa namorando CIM
- Charlas Quérote + Centros quérote +
- Prevención de condutas adictivas Concello de Pontevedra
- Plan Proxecta: Por 365 de respecto e igualdade
 - Cartas de amor: 15 artistas contra a violencia de xénero
 - Mostra cartas de amor
 - Exposición: A violencia de xénero... dille non
 - Exposición fotográfica "Express-Arte"
 - Folleto: De que lado estás'



- Espectáculo teatral sobre violencia de xénero
 - Charla de sensibilización “ A nova escravitude do S XXI: Trata de seres humanas con fins de explotación sexual, outra forma de violencia de Xénero”
 - Obradoiro educativo: “Violencia de Xénero e o novo contexto dixital”
 - Charla informativa sobre agresións sexuais e violencia sexual
 - Charla sobre o tratamento da violencia de xénero na publicidade e nos medios audiovisuais
- Plan Proxecta: Correspondentes xuvenís
 - Charlas programa mentor
 - Participación en concursos relacionados con violencia de xénero
 - Participación en el programa” Pulseras contra el matrimonio infantil” de Save the children
 - Plan director da Policía Nacional

Efemérides celebradas no IES A XUNQUEIRA I:

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 10 de outubro **Día internacional da biblioteca**
- 10 de outubro: **Día internacional dos dereitos humanos**
- 15 de outubro: **Día das escritoras**
- 10 de novembro: **Día da ciencia ou mes da ciencia en galego**
- 15 de novembro: **Día mundial da filosofía**
- 20 de novembro de 2019: **Día Universal da Infancia.**
- 25 de novembro de 2019: **Día Internacional contra a Violencia de Xénero.**



- Do 2 ao 9 de decembro de 2019: **conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.**
- 3 de decembro de 2019: **Día Internacional das Persoas con Discapacidade.**
- 10 de decembro de 2019: **Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.**
- 30 de xaneiro de 2020: **Día Escolar da non Violencia e da Paz.**
- 11 de febreiro: **Día da muller e da nena na ciencia.**
- 13 de febreiro: **Día da radio.**
- 8 de marzo de 2020: **Día Internacional da Muller.**
- 15 de marzo de 2020: **Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.**
- 21 de marzo: **Día da poesía**
- Do 9 ao 13 de marzo de 2020: **Semana da Prensa.** OBJ

Condutas contrarias á Convivencia

Dentro dos protocolos existentes no centro, non se atopa ningún específico contra o acoso sexual ou por razón de sexo. Sí se mencionan nun apartado do Protocolo de Prevención detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso elaborado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Neste protocolo defínese o acoso sexual físico e verbal dentro do maltrato, sen especificar que comportamentos ou actitudes son constitutivos de acoso sexual ou por razón de sexo.

O centro precisa de protocolos específicos contra o acoso sexual e por razón de sexo, accesibles e cunha linguaxe sinxela para que o alumnado que o sofre teña claro a quen acudir e como vai ser o procedemento.



Plan de atención á diversidade

Seguindo o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, os principios xerais de actuación serán:

1. A atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.
8. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.



O plan de Atención á Diversidade está en consonancia cos seguintes documentos que artellan a marcha do centro:

- Proxecto educativo de centro que recolle os plantexamentos xerais con respecto á atención da comunidade educativa.
- Plan de convivencia Programación xeral anual.
- Plan de acción tutorial.
- Programación de aula

3.3.- Análise das enquisas realizadas a:

Profesorado

A enquisa realizada ao profesorado, composto por 60 persoas, só foi contestada por 11, obtendo unha participación dun 18,33% do profesorado o cal amosa pouco interese e falta de implicación na diagnose do plan.


Os resultados obtidos clasifícanse deste xeito:

Participación xeral: 18,33%

Participación por áreas de ensinanza: as áreas que mais teñen participado na enquisa son as de tecnoloxía, ciencias da natureza, xeografía e historia e lingua castelán, cun 18,2% cada unha. Non participaron as áreas de relixión, música, latín, debuxo e filosofía.

Que asignatura impartes?

11 respostas






Participación desagregada por sexo: 63,6% foron mulleres e un 33,4% foron homes, o cal amosa unha maior interese das mulleres en relación coa promoción da igualdade de xénero no centro.

Cal é o tu xénero?

11 respostas



Sobre a linguaxe non sexista: un 72,7% do profesorado manifesta que na elaboración dos seus materiais non usa unha linguaxe sexista, e a mesma porcentaxe afirma que non usa o masculino xenérico para dirixirse a rapazas e rapaces, mentres que un 27,3%


recoñece que si o usa. O 27,2% recoñece que lle molesta que se use a dobre forma os/as para nomear as mulleres. Por outra banda, un 9,09% recoñece usar expresións sexistas como “eres un choromica / eres un machote”

Sobre se nos libros de texto utilizados se nomea habitualmente en masculino e feminino: un 45,5% do profesorado recoñece que non se fai e un 18,2% manifesta que si. Como conclusión extráese que a maioría de libros de texto non usan linguaxe inclusiva.



Nos libros de texto que utilizaches o pasado curso, se nomeaba habitualmente en masculino e feminino?


11 respostas



Sobre a inclusión das mulleres como referentes ou exemplos a seguir nos libros de texto: un 36,4% do profesorado manifesta que non e desa porcentaxe un 66,6% son mulleres e un 33,34 son homes, mentres un 45,% do profesorado enquisado manifesta que si se inclúen mulleres como referentes a seguir e dentro desa porcentaxe un 60% son mulleres e un 40% homes.

Os contidos dos libros de texto do curso anterior, fan referencia a mulleres como exemplos a seguir?

11 respostas



Sobre o papel que xogaban as mulleres nos libros de texto usados no curso pasado: un 36,4% do profesorado recoñece que as mulleres aparecen nun papel secundario, desa porcentaxe de respostas un 50% foron do sexo




masculino e un 50% feminino, un 27,3% pensa que hai un equilibrio entre papeis protagonistas e secundarios entre homes e mulleres desa porcentaxe un 75% foron mulleres e un 25% homes, e un 9,1% pensa que son as mulleres as que case sempre teñen un maior protagonismo e desa porcentaxe o 100% foron homes.

Referente ás imaxes contidas nos libros de texto:

- ❖ Ofrecen unha imaxe positiva para ambos sexos: un 81,8% considera que si e só un 18,25% considera que non é así, desa porcentaxe o 100% son mulleres.
- ❖ Desprézase a algún dos sexos aínda que sexa por omisión: o mesmo 81,8% responde que non e só un 18,25% considera que si dos cales un 50% son mulleres e un 50% son homes.

As mulleres que aparecen nos contidos dos libros de texto que usaches o curso pasado, que papel xogan por norma xeral?

11 respostas



- ❖ As mulleres reproducen roles ou estereotipos de xénero tradicionais: un 63,3% do profesorado enquisado considera que as imaxes femininas non reproducen roles nin estereotipos de xénero tradicionais, mentres que un 36,3% afirma que as imaxes de mulleres representadas nos libros de texto reproducen roles tradicionais, desa porcentaxe un 50% son mulleres e un 50% son homes




- ❖ As imaxes de mulleres son sempre mais pequenas cas dos homes: un 90,90% afirma que isto non é así mentres que un 9,01% afirma que observa esta diferenza nos libros de texto.
- ❖ Existe equilibrio entre o número de personaxes masculinas e femininas: un 63,6% do profesorado considera que o número de personaxes femininos e masculinos é equilibrado e dentro desta porcentaxe un 85,71% son mulleres e un 14,29% son homes, mentres que un 36,3% considera que existe un desequilibrio e dentro desta porcentaxe un 50% son homes e un 50% mulleres.

Sobre quen ocupa os espazos e as actividades do centro:

- ❖ Uso do patio: un 66,6% do profesorado considera que o patio é ocupado por rapazas e rapaces por igual, un 27,2% considera que é maiormente ocupado por rapaces e un 9,09% considera que o ocupan maiormente rapazas.
- ❖ Uso da biblioteca: un 72,7% do profesorado considera que é utilizada por ambos sexos por igual, un 18,1% considera que é maiormente utilizada por rapazas e un 9,09% que a usan mais os rapaces.
- ❖ Uso do ximnasio: un 63,6% do profesorado considera que é usado por ambos sexos por igual, nembargantes un 36,3% considera que é mais usado polo sexo masculino.

Quenes ocupan, por norma xeral, os espazos ou actividades (marca cunha x tu resposta, única para cada enunciado)






- ❖ Quen ocupa as primeiras filas da aula: un 66,6% do profesorado considera que adoitan sentarse nas primeiras filas ambos sexos por igual, mentres que un 27,2% considera que nas primeiras filas adoita haber mais rapazas que rapaces e un 9,01% afirma que son os rapaces quen ocupan as primeiras filas.
- ❖ Actividades culturais organizadas no centro: un 63,3% do profesorado considera que a participación en actividades é equilibrada entre rapazas e rapaces, mentres que un 27,2% considera que a participación é maior por parte das rapazas e un 9,01%

En referencia a implicación das familias, cando hai que tratar do alumnado quen adoita falar co profesorado maioritariamente: o 54,5% respondeu que son as nais quen principalmente adoitan vir falar co profesorado, un 36,4% contestou que ambos proxenitores por igual e un 9,1% a persoa titora nun fogar monoparental. Como conclusión extráese que son as nais quen na maioría das ocasións se implican nas cuestións relativas á formación escolar das súas fillas e fillos.

Referente á percepción do profesorado sobre o acoso escolar e outras formas de violencia que poidan sufrir as rapazas e rapaces nas súas clases: Un 90,9% considera que as rapazas non sufren este tipo de violencia mentres que un 9,1% afirma que ten percibido esas violencias cara as rapazas desa porcentaxe o 100% son mulleres. En referencia á mesma pregunta aplicada aos rapaces a porcentaxe de respostas é o mesmo.

Percibes que as nenas sufran acoso escolar ou outras formas de violencia na túa clase?
11 respostas





Respecto ás medidas tomadas polo centro en relación á promoción de igualdade de xénero e coeducación:

- ❖ Ten existido algunha actuación de fomento da educación en Igualdade ou coeducación: un 90,9% do profesorado afirma que se teñen realizado no centro actividades de fomento da educación en igualdade ou coeducación, mentres que un 9,1% afirma que non.
- ❖ Ten existido algún plan de fomento da Igualdade no Centro: un 90,9% do profesorado afirma que se ten realizado no centro algún plan de fomento de igualdade, mentres que un 9,1% afirma que non.
- ❖ Tomouse algunha medida respecto a linguaxe falada e escrita: un 72,7% afirma que se tomaron medidas, mentres un 27,3% afirma que non.
- ❖ Déronse instrucións para analizar o material didáctico de cara a comprobar que non incorpora contido sexista: un 81,82% do profesorado enquisado respostou que non, mentres que o 18,18% restante afirmou o contrario.
- ❖ Falouse entre o profesorado sobre a igualdade: o 81,8% do profesorado afirma que se lle ten falado acerca de igualdade, mentres que o 18,2% restante afirma que non.

Na escala de percepción sobre o sexismo obtéñense estes resultados:

- ❖ A afirmación de que a discriminación sexista é de orixe xenético: un 90,9% maniféstase totalmente en desacordo mentres que o 9,1% maniféstase bastante en desacordo.
- ❖ Na afirmación de que as características de cada un dos sexos non son determinantes discriminatorias: un 54,5% maniféstase totalmente dacordo con esta afirmación, mentres que un 27,27% afirma non estar nada dacordo coa frase ao tempo que un 9,1% está bastante dacordo coa afirmación e outro 9,1% bastante en desacordo.
- ❖ Na afirmación de sentirse enoxado/a coas mulleres que se queixan de que a sociedade é inxusta con elas: un 72,7% maniféstase totalmente en



desacordo con esta afirmación, un 18,18% afirma estar bastante en desacordo e un 9,1% dí estar totalmente dacordo coa afirmación.

- ❖ Na afirmación de que un home está perfectamente capacitado para responsabilizarse do traballo doméstico: un 81,8% afirma estar totalmente dacordo coa afirmación, mentres que un 9,1% manifesta estar bastante en desacordo coa frase e outro 9,1% expresa estar bastante dacordo con ela.
- ❖ Na afirmación de “gústanme as mulleres que non teñen pelos na lingua”: un 63,63% maniféstase totalmente dacordo ou bastante dacordo con esta afirmación, mentres un 36,36% maniféstase totalmente en desacordo ou bastante en desacordo.
- ❖ Na afirmación de que unha muller non debería aceptar un traballo se hai un cabeza de familia que o necesita: un 81,8% maniféstase totalmente en desacordo coa afirmación mentres que un 9,1% está bastante en desacordo e outro 9,1% está totalmente dacordo coa afirmación.
- ❖ Na afirmación de que as mulleres están mellor dotadas que os homes para criar nenas e nenos e coidar da infancia: un 72,7% do profesorado enquisado afirma estar totalmente en desacordo con esta afirmación, mentres que un 27,7% maniféstase bastante dacordo coa frase.
- ❖ Na afirmación de que os homes son instintivamente mais competitivos que as mulleres: un 90,9% maniféstase totalmente en desacordo con esta afirmación, mentres que un 9,01% dí estar bastante dacordo coa frase.




Alumnado

A enquisa realizada ó alumnado foi contestada por 454 alumnas e alumnos da cifra total de 600 con que conta o centro, obtendo unha participación do 75%, sendo a máis numerosa dos tres grupos ós que se lle enviou.

As porcentaxes desagregadas por cursos foron as seguintes:

Curso no que estas estudando
454 respostas



Participación desagregada por sexos: 54% xénero feminino, 43,6% xénero masculino, 2,4% outros


Sobre si o profesorado nomea os dous sexos: un 63% manifesta que non o fan e o 37% restante consideran que sí.

Sobre si o profesorado utiliza diminutivos ou aumentativos para dirixirse ó alumnado segundo sexan mozas ou mozos: o 90,5% afirma que non o fan, e o 9,5% restantes, dí que sí.



Sobre si os libros de texto amosan maioritariamente imaxes e vidas de homes: o 78% afirman que non están dacordo en que ocorra iso, e o restante 22%, pola contra, di que sí.

Nungha escala do 1 ó 4, indica o teu grado dacordo coas seguintes afirmacións, sendo 1 nada dacordo e 4 totalmente dacordo, tes que respostar en todas as afirmacións.




As respostas sobre quen ocupa os distintos espazos no instituto foron as seguintes:

- ★ En canto ó patio, un 87% pensa que ambos sexos ocupan o espazo por igual, fronte ó 11% que manifesta que son os homes e ó 2% que di que as mulleres.
- ★ Si preguntamos pola biblioteca, un 78% do alumnado considera que ambos sexos, un 2% que son os homes e un 20%, as mulleres.
- ★ En canto ó ximnasio, o 58% considera que ambos sexos o usan por igual, fronte ó 42% que afirma que son os homes os que ocupan maioritariamente este espazo.
- ★ En canto a quen senta nas primeiras filas da clase, o 75% do alumnado considera que ambos sexos por igual, o 4% di que os homes e o 21% restante, as mulleres.



No instituto, queνες ocupan, xeralmente, os seguintes espazos?(marca cunha x a tu resposta em cada frase)



Sobre si nas clases tenden a sentarse separadas por sexos: o 61,5% opina que non, fronte ó 20,7% que manifesta que sí.

Preguntadas si no recreo, mozas e mozos fan as mesmas actividades: o 41,6% das persoas aseguran que sí e o 28,6% que fan actividades distintas.

Sobre si hai diferenca nas actividades extraescolares que realizan mozas e mozos: o 27,1% pensa que sí hai esa diferenca fronte ó 35,9% que considera que non.

Sobre si pensan que os rapaces resoven as actividades prácticas antes que as rapazas: o 87% do alumnado non está dacordo con esa afirmación, e o 13% restante pensa que sí.

Sobre si os mozos son máis revoltosos cas mozas: o 58% pensa que non é certo fronte ó 42% que manifesta que sí.


Sobre si as mozas son máis constantes que os mozos: o 69% consideran que non é o 31% restante pensan que sí o son.

Con referencia á pregunta de si as mozas son máis traballadoras cos mozos: o 65% do alumnado nega que sexa así, fronte o 35%.

Sobre si os rapaces xeran máis conflitos que as rapazas: o 66% pensan que non é certo, e o 34% restantes consideran que sí.



Nunha escala do 1 ó 4, indica o teu grado dacordo con as seguintes afirmacións, sendo 1 nada dacordo e 4 totalmente dacordo




En referencia as tarefas do fogar, atopamos os seguintes resultados:

- ❖ Sobre a persoa encargada de facer arranxos na casa: o alumnado manifesta que no 25% é a nai, no 47% o pai, no 3% a avoa, no 7% o avó e no 18%, outra persoa distinta das anteriores.
- ❖ Sobre a pregunta de quen conduce nas casas: o 43% din que a nai, o 41% o pai, o 0,7% a avoa, o 1,3% o avó e o 14%, outra persoa.
- ❖ Preguntados sobre quen basoira, as respostas foron: o 38% manifestan que é a súa nai, o 17%, o pai, o 8% a avoa, o 2% o avó e o 34% restante, outra persoa.
- ❖ Na pregunta sobre quen leva o coche ó taller: o 25% dos casos é a nai, o 54% o pai, o 0,7% a avoa, o 4% o avó e o 15% din que a encargada é outra persoa.
- ❖ Sobre quen é a persoa encargada de pasar o ferro: 51% a nai, 16% o pai, 9% a avoa, 4% avó e o 20% restante, outra persoa.



- ❖ Na pregunta sobre quen é a persoa que axuda as crianzas a estudar ou facer as tarefas de clase: no 39% é a nai, no 14% é o pai, no 4% a avoa, no 1% o avó e no 42% dos casos é outra persoa.
- ❖ Preguntadas sobre quen cociña: din que o 52% a nai, o 19% o pai, 15% a avoa, 2% o avó e 12% outra persoa.
- ❖ Sobre quen vai á compra: o 57% a nai, 23% pai, 3% avoa, 3% avó e 14% outra persoa.
- ❖ Na pregunta sobre quen lava: o 61% din que as nais, o 12% os pais, o 10% as avoas, o 1% os avós e o 15% outra persoa.
- ❖ Quen leva as crianzas ó medico: 68% a nai, 17% o pai, 3% a avoa, 3% o avó e 9% outra persoa.
- ❖ Sobre quen compra a roupa as fillas e fillos: 72% as nais, 7% pais, 2% avoa, 1% avó e 17% outras persoas.
- ❖ Na pregunta sobre quen xoga cas crianzas: no 23% dos casos, a nai, 26% o pai, 4% avoa, 4% avó e 43% outra persoa.
- ❖ Quen leva ás crianzas o colexio: 35% nai, 25% pai, 2% avoa, 3% avó e 34% outra persoa.
- ❖ Cando preguntamos sobre quen asiste as charlas co profesorado: o 69% a nai, o 16% o pai, o 0,7% avoa, o 0,8% avó e o 13% restante, outra persoa.

Das seguintes tarefas, indica quenes as realizan na túa familia






Nas preguntas con referencia ó trato por razón de sexo

- ❖ Sobre a pregunta de si senten que o profesorado trata diferente ás persoas por dependendo do seu sexo: o 78,2% manifestan que non, fronte o 25,8% que contestan que sí.

Sintes que o profesorado te trata de maneira diferente por razón de o teu sexo?


454 respostas



- ❖ Sobre si coñecen a existencia de casos nos que algunha compañeira sufrira acoso ou outras formas de violencia na clase: o 56,4% din que non e o 25,8% contesta que sí.

Coñeces a existencia de casos nos que algunha/s rapaza/s sufrira acoso ou outras formas de violencia na túa clase?


454 respostas





Cando se lles fai a pregunta anterior, pero no caso de compañeiros: o
61,9% contestan que non e o 18,7% que sí.

E rapaces?
454 respostas



Nesta pregunta se lles da unha serie de verbas para que manifesten cal consideran que define a unha muller, a un home ou a ambos.

- ❖ Tenrura: 20% ás mulleres, 1% ós homes, 79% a ambos
- ❖ Abnegación: 9% mulleres, 9% homes, 82% ambos
- ❖ Actividade: 7% mulleres, 11% homes, 82% ambos
- ❖ Dinamismo: 8% mulleres, 12% homes, 80% ambos
- ❖ Intuición: 25% mulleres, 5% homes, 70% ambos
- ❖ Astucia: 17% mulleres, 9% homes, 74% ambos
- ❖ Sumisión: 10% mulleres, 8% homes, 82% ambos
- ❖ Dependencia: 10% mulleres, 9% homes, 81% ambos
- ❖ Pasividade: 14% mulleres, 12% homes, 74% ambos
- ❖ Valentía: 5% mulleres, 12% homes, 83% ambos
- ❖ Medo: 14% mulleres, 4% homes, 82% ambos
- ❖ Debilidade: 12% mulleres, 4% homes, 84% ambos



En canto a lista de profesións que se lles facilita para que digan si pensan que corresponden a unha muller, home ou ambos.

- ❖ Dirección de empresa: mulleres 3%, homes 10%, ambos 87%
- ❖ Periodismo: mulleres 11%, homes 4%, ambos 85%
- ❖ Avogacía: mulleres 7%, homes 7%, ambos 86%
- ❖ Persoa de limpeza: mulleres 19%, homes 1%, ambos 80%
- ❖ Ordenanza: mulleres 12%, homes 5%, ambos 83%
- ❖ Medicina: mulleres 10%, homes 5%, ambos 85%
- ❖ Enfermería: 15% mulleres, 4% homes, 81% ambos
- ❖ Puericultura: 11% mulleres, 5% homes, 84% ambos
- ❖ Hostalería: 9% mulleres, 5% homes, 86% ambos
- ❖ Inxeniería: 2% mulleres, 17% homes, 81% ambos
- ❖ Ensinanza: 9% mulleres, 3% homes, 88% ambos




Familias

Dun total de arredor de case 600 familias a enquisa foi contestada só por 67, obtendo unha participación dun 11,16% do total.

A enquisa foi contestada nun 80,6% polas nais e nun 14,9% polos pais, mentres que no outro 4,5% foi outra persoa quen a contestou.

1. Quen responde a enquisa?

67 respostas




Respecto a qué persoas compoñen a unidade familiar: o 67,16% está composto por nai, pai e fillas e fillos, dentro desa porcentaxe un 15,55% convive con avoas e avós tamén. Nun 26,86 a unidade familiar está composta pola nai sen incluír ao pai, dentro dese porcentaxe un 11,11% inclúe a convivencia con avoas e avós. Un 2,98% está composto só polo pai e fillas e fillas e dentro dese porcentaxe nun 50% dos casos, convive ademais con outra persoa.

Respecto á pregunta de se traballa fora da casa: un 25,9% das nais non traballan fora da casa, e un 12,9% traballa fora da casa só as veces, mentres que no caso dos pais o porcentaxe que non traballa fóra da casa é dun 10%.



3. Traballa fora da casa?

67 respostas



Respecto á pregunta de se pensa que os homes están menos capacitados que as mulleres para o traballo doméstico: un 95,5% das persoas enquisadas pensa que non, mentres un 4,5% pensa que si, dentro desa porcentaxe un 25% de quenes contestaron que os homes estaban menos capacitados que as mulleres para o traballo doméstico foron de sexo masculino e un 75% do sexo feminino.

Respecto á pregunta de se valora o traballo doméstico e de coidados coma un traballo mais: un 97% afirma que o valora igual que outro traballo calquera, mentres un 3% manifesta que non, desa 3% o 100% dos que contestaron que non o valoraban coma un traballo mais foron homes.

Respecto a se pensan que as mulleres poden acceder a calquera posto de traballo: un 76,1% manifestou que pensaban que si, mentres un 23,9% pensa que non, dentro desa porcentaxe un 7,1% foron homes mentres que un 92,9% foron mulleres.

Respecto a se lle darían mais importancia ou menos ao feito de que sexa o seu fillo ou a súa filla quen mantivera relacións sexuais: o 100% das persoas




enquisadas manifestou que lle daría a mesma importancia ao feito de que fora o seu fillo ou a súa filla quen mantivera relacións sexuais:

Respecto a se na casa surxen temas sobre sexualidade: un 84,6% manifesta que si mentres un 16,4% manifesta que non surxen eses temas.

8. Surxen na casa temas sobre sexualidade?


67 respostas



Respecto á pregunta de que cando surxen temas de sexualidade con quen o fala a súa filla:nun 81,1% a filla fálaos coa nai, nun 32,8% co pai e un 14,9% fálaos con outra persoa.

9. En caso de que surxan, con quen o fala a súa filla ?

67 respostas






Se facemos a mesma pregunta referíndonos aos fillos (sexo masculino) atopámonos con estes resultados: nun 80,6% tamén o falaría coa nai, un 35,8% co pai e un 13,4 con outra persoa.

9.1. E o seu fillo?

67 respostas



Como resumo establécese que a maioría, tanto de rapaces coma de rapazas, o falaría coa nai.

Cando se pregunta sobre quen fai que tarefas domésticas dentro do fogar obtéñense estes datos:

- ❖ Facer arranxos na casa: no 41,79% contestou que esta tarefa a fai a nai, un 50,74 que é o pai, nun 2,98% é o avó quen o fai, coa mesma porcentaxe que a avoa, ao tempo que nun 7,46% esta tarefa é realizada por outra persoa que non é ningunha das anteriores.
- ❖ Conducir: un 53,73% das persoas enquisadas manifesta que é a nai quen realiza esta tarefa, un 37,31% dí que é o pai, mentres que nun 7,46% esta tarefa é realizada por outra persoa que non é ningunha das anteriores
- ❖ Levar o coche ao taller: un 53,23% contesta que é o pai quen realiza esta tarefa, mentres que un 35,82% áfirma que é a nai quen a leva a cabo, nun




5,97% das veces é outra persoa distinta das anteriores quen realiza esta tarefa mentres que nun 2,9% é a avoa quen se encarga desta tarefa.

- ❖ Pasar o ferro: nun 73,13% esta tarefa é realizada pola nai, nun 16,41% é realizada polo pai e nun 7,46% quen pasa o ferro é outra persoa distinta das anteriores
- ❖ Axudar ás fillas e fillos coas tarefas: nun 74,62% das persoas enquisadas din que é a nai quen realiza esta tarefa, mentres que nun 20,89% é o pai quen se encarga e nun 2,98% é outra persoa distinta das anteriores quen se ocupa desta tarefa.
- ❖ Cociñar: nun 65,71% é a nai quen se encarga desta tarefa, nun 23,88% é o pai quen cociña e nun 7,46% é a avoa quen cociña.
- ❖ Ir á compra: nun 64,17% das persoas enquisadas contesta que é a nai quen se encarga desta tarefa, un 26,86% que é o pai quen vai a compra e un 4,47% das persoas enquisadas contesta que é a avoa quen realiza esta tarefa.
- ❖ Lavar: un 82,08% das persoas enquisadas contesta que é a nai quen se ocupa desta tarefa, un 13,43% contesta que é o pai quen lava e un 2,98% que é outra persoa distinta das anteriores quen se encarga desta tarefa.
- ❖ Levar ás fillas e fillos ao/a médico/a: un 77,61% das persoas enquisadas contesta que é a nai quen se encarga desta tarefa e un 20,89% que é o pai quen a realiza.
- ❖ Mercar a roupa: un 91,04% das persoas enquisadas contestaron que era a nai quen se encargaba desta tarefa e un 5,97% contesta que é o pai quen merca a roupa.
- ❖ Xogar cos fillos e fillas: o 64% das enquisadas din que a nai, o 32% o pai e o 4% restante, outra persoa.
- ❖ Levar ás fillas e fillos ao colexio: o 48% contesta que a nai, o 42% o pai, o 4% avoa e o 6%, outra persoa distinta das anteriores.
- ❖ Asistir a reunións có profesorado: 84% das enquisadas din que é a nai e o 16% restantes, o pai.




10. Das seguintes tarefas indique quen as realiza normalmente, nai, pai, avoa, avó, ambos ou outra persoa:



Respecto á pregunta de se as fillas cooperan nas tarefas domésticas: un 71,64% das persoas enquisadas contestan que si cooperan mentres que un 28,35% contesta que non.

Respecto a se os fillos cooperan nas tarefas domésticas: un 82,08% das persoas enquisadas contestan que os fillos cooperan nas tarefas domésticas mentres que un 17,91% contesta que non.

11. Nas tarefas domésticas, cooperan os seus fillos e fillas?



Respecto á pregunta de se na casa se comparten as tarefas domésticas e os problemas relacionados con fillas e fillos na parella: un 83,6% das persoas enquisadas contestan que si, mentres un 16,4% contesta que non.

Respecto á pregunta de se se lle berra ás fillas e fillos cando fai cousas que vostede cré que son propias do outro sexo: un 94% das persoas enquisadas



contesta que non, un 3% contesta que si lles berra e outro 3% contesta que lles berra ás veces.

Respecto á pregunta de se pensa que teñen a mesma liberdade os seus fillos e fillas á hora de saír ou pasar tempo coas súas amizades: un 89,6% das persoas enquisadas contestan que si mentres un 10,4% contesta que non.

Respecto á pregunta de que lle gustaría que foran os seus fillos e fillas cando sexan maiores: un 32,83% das persoas enquisadas manifestan que quixerían que os seus fillos e fillas foran o que elas e eles quixeran mentres que un 11,94% manifesta que o que queren e que sexan felices.

Respecto a que actividades extraescolares realiza a súa filla: un 19,40% das rapazas non realiza ningunha actividade extraescolar, dentro das actividades extraescolares mais realizadas polas rapazas atopase o estudo de inglés e outro idiomas cun 16,41% de rapazas que realizan esta actividade seguida por un 16,41,4% que realiza actividades relacionadas co deporte e un 11,94% actividades relacionadas coa música.

Preguntadas polas actividades extraescolares que realiza o seu fillo: un 17,91% manifesta que o seu fillo non realiza ningunha actividade extraescolar, mentres que un 32,82% coa actividade maioritaria son os que realizan algún tipo de deporte, a seguinte actividades mais realizadas polos rapaces son ás relacionadas coa música cun 8,95% dos rapaces que realizan actividades extraescolares relacionados con este ámbito. Pola contra hai unha minoría representada cun 7,46% realiza actividades relacionadas co debuxo e a pintura e un 1,67% que realiza actividades de teatro.


Respecto á pregunta de se dentro do Centro onde cursa estudos a súa filla ou fillo, ten detectado un trato discriminatorio cara a rapazas ou rapaces



por motivo do seu sexo: un 91% manifesta non ter coñecido casos de discriminación, mentres un 15% manifesta coñecer casos de discriminación, nun 9% dos casos realizado por profesorado, nun 3% cometidos pola dirección do centro e noutro 3% por parte do alumnado.

19. Dentro do Centro onde cursa estudos a súa filla ou fillo, ten detectado un trato discriminatorio cara a rapazas ou rapaces por motivo do seu sexo?

67 respostas



Respecto á pregunta de se considera que o centro fai unha labor suficiente en canto a acadar a igualdade de oportunidades entre rapazas e rapaces: un 52% das persoas enquisadas responde que si mentres que un 9% considera que non.



Suxerencias das familias para melloras no centro en relación coa igualdade e non discriminación.

- “É labor do profesorado corrixir comentarios e actitudes vexatorias cara ó alumnado nas aulas por razón de sexo ou tendencias sexuais, non poden consentir comentarios machistas entre os alumnos/as como tampouco que teñan cara a compañeiras/os comentarios que vulneran a súa liberdade sexual e non fagan nada”
- “Penso que o currículo oculto ten moita mais relevancia que calquera medida tomada expresamente para solucionar este tipo de problemas. Por outra
- banda, paréceme que se trata dun tema moi delicado no que é fácil caer en dogmatismos.
- “Eu creo que o importante é facer que os adolescentes pensen por si mesmos e sexan conscientes da realidade na que viven. Que entendan que todos temos os mesmos dereitos e deberes independentemente do sexo. E por suposto tamén que non se pode xeneralizar, sino tratar a cada persoa como un ente con as súas propias características. Por isto opino que o mellor que poden facer os docentes é simplemente dar exemplo”
- “Facer unha mellora na orientación dos rapaces e rapazas, xa que o o instituto debería ofrecer maior información no caso de igualdade e tamén nos temas de orientación de estudos, solicitar becas, e maior información cara o deporte de equipo que poden realizar despois das clases, xa que o deporte considero tan importante coma a educación. Hai moitas cousas que se poden facer e esa información non chega as familias”.
- “Facilitarlle máis información os rapaces e rapazas non só no tema de igualdade”
- “ É labor do profesorado corrixir comentarios e actitudes vexatorias cara os alumnos nas aulas por razón de sexo o tendencias sexuais, non poden consentir comentarios machistas ente os alumnos como tampouco que



teñan cara a compañer@s comentarios que vulneran a súa liberdade sexual e non fagan nada”

- “ Que o profesorado non faga distincións entre os rapaces”
- “Impartir clases de igualdade”
- “Algunha actividade que conciencie que homes e mulleres somos iguais”
- “Axudarlles a crecer no coñecemento de si mesmos”
- “Charlas”
- “Orientación”
- “Non facer “a vista gorda” cando se reciben queixas do alumnado respecto do tema”
- “Penso que deberían facer mesas de debate sobre igualdade entre as/os alumnas/os. Non sei se as fan”
- “En xeral e non só nese centro, educación sexual”
- “O centro organizase moi ben”
- “Recuperar obradoiros que se fixeron anos anteriores sobre coidados de fillos e fillas e reparto de tarefas na casa”



4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN (despóis de realizada a diagnose)

- 4.1 Fomentar un bo autoconceito e autoestima, baseada nas capacidades diversas e desmontando estereotipos.
- 4.2 Alentar unha actitude crítica entre o alumnado.
- 4.3 Evitar o desenvolvemento de relacións de dominio que supediten un sexo ó outro, ofrecendo ferramentas para un bo trato.
- 4.4 Reflexionar sobre o sistema sexo-xénero, buscando alternativas ás desigualdades.
- 4.5 Promover o respecto pola diversidade afectivo-sexual, prestando especial atención ós posibles casos de LGTBIfobia.



5. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Logo de facer un traballo exhaustivo de observación e estudo dos distintos factores que forman parte da familia educativa do IES A XUNQUEIRA I, podemos rematar cas seguintes conclusións para que, a partir delas, se podan tomar as medidas oportunas de cara a unha convivencia máis igualitaria, tendo en conta os obxectivos expostos no punto 4 da presente diagnose.

- Por regra xeral, o profesorado non utiliza a linguaxe inclusiva
- Un 36,4% do profesorado recoñece que as mulleres aparecen nun papel secundario nos libros de texto utilizados, desa porcentaxe de respostas un 50% foron do sexo masculino e un 50% feminino, un 27,3% pensa que hai un equilibrio entre papeis protagonistas e secundarios entre homes e mulleres desa porcentaxe un 75% foron mulleres e un 25% homes, e un 9,1% pensa que son as mulleres as que case sempre teñen un maior protagonismo e desa porcentaxe o 100% foron homes. Recoméndase incluír a historia das mulleres: científicas, filósofas, movementos políticos etc..
- Un 36,3% afirma que as imaxes de mulleres representadas nos libros de texto reproducen roles tradicionais, desa porcentaxe un 50% son mulleres e un 50% son homes. Recoméndase non utilizar imaxes nin historias que representen a mulleres en ámbitos tradicionalmente asociados ao feminino como o fogar, enfermería, mestras de educación primaria, coidadoras, etc. e fomentar imaxes de mulleres diversas, en postos de responsabilidade, científicas, deportistas, bombeiras, mecánicas, na construción, etc.
- Un 36,3% do profesorado enquisado considera que o ximnasio é máis usado polo sexo masculino que polo feminino. Recoméndase fomentar o deporte entre as rapazas e incluír referentes femininos no deporte como exemplos a seguir.



- Non existe no centro un protocolo específico de acoso sexual. Sería recomendable a elaboración deste tipo de protocolos con accesibilidade e visibilidade para todo o alumnado.
- A maioría das persoaxes que aparecen na cartelería do centro, son masculinas.
- O Plan Titorial, atopado na web do centro, non ten perspectiva de xénero.
- Das 97 actividades levadas a cabo no ano 2017-18, atopadas na web do centro, só catro estaban relacionadas ca igualdade, e dúas foron co galo das letras galegas que ese ano, casualmente, estivo adicado a unha muller, M^a Victoria Moreno.
- O protocolo de identidade sexual, que existe na web, debería ter mais accesibilidade e visibilidade para o alumnado, por exemplo, colocando infografías sobre o protocolo e a quen acudir no caso de sufrir acoso por razón de identidade de xénero.
- A estantería con material sobre igualdade, existente no centro, debería colocarse na biblioteca, con visibilidade para todo o alumnado e profesorado, e tamén ser renovado periodicamente.
- A participación nas enquisas por parte do profesorado foi significativamente baixa.
- En canto ó persoal non docente, se observa que o servizo de limpeza está formado por 4 mulleres e a conserxería é levada por 2 homes, o que perpetúa roles e estereotipos.
- A ANPA é levada exclusivamente por mulleres, representativo da implicación das familias na formación das súas fillas e fillos.
- Respecto ás enquisas contestadas polas familias podemos destacar que ao ser preguntadas por se se comparten na parella as tarefas domésticas e de coidado de fillas e fillos, a maioría de familias enquisadas respondeu que as tarefas eran compartidas pola parella, nembargantes ao nomear quen realiza cada tarefa no fogar a inmensa maioría é realizada por mulleres con excepción das pequenas reparacións e levar o coche ao



taller, tarefas tradicionalmente asociadas ao rol masculino, polo que se deduce que unha pequena participación do home nas tarefas do fogar é percibida como unha gran aportación, ou ben que a escasa participación masculina nas tarefas domésticas está tan normalizada que non é percibida como desigualdade.

- Podemos destacar tamén que un 19,40% das rapazas non realiza ningunha actividade extraescolar, fronte a un 17,91% de rapaces que tampouco o fan con case 2 puntos porcentuais de diferenza. Dentro das actividades extraescolares mais realizadas polas rapazas atopase o estudo de inglés e outros idiomas cun 16,41% de rapazas que realizan esta actividade mentres que no caso dos rapaces a actividade extraescolar maioritaria é a práctica dalgún deporte, cun 32,82% fronte a un 16,41% de rapazas que adican tempo a esta mesma actividade, e un 11,94 % das rapazas realiza actividades relacionadas coa música fronte a un 8,95% dos rapaces. Obsérvase que no ámbito das actividades extraescolares as principais actividades realizadas por ambos sexos están estereotipadas, mulleres lingua e idiomas e homes deporte. Recoméndase incentivar actividades diversas para ambos sexos poñendo como exemplo referentes masculinos en ámbitos como o teatro ou a poesía, e femininos nos deportes e a tecnoloxía.
- Referente ao material incluído na páxina web do centro para traballar a igualdade de xénero:

1. “Violación” é unha presentación totalmente inadecuada que culpabiliza ás vítimas e dá recomendacións para non ser violada cando o que se debe facer é educar aos homes para non violar, formando parte da cultura da violación. Por outra banda hai que visibilizar que o 80% das violacións son cometidas por coñecidos, amigos, familiares, parellas e exparellas valéndose de abusos de poder ou confianza e distintos tipos de intimidación.



2. “ O Sombreiro Vermello” da unha visión estereotipada das mulleres como superficiais e pendentes do seu aspecto. Sería mellor explicar as consecuencias desastrosas para a nosa autoestima, saúde e autonomía, da enorme presión social sobre o noso aspecto que nos impulsa a crer que só a nosa aparencia física nos valida como persoas. Sería bó poñer material sobre a cosificación e deshumanización que sufren as mulleres, hipersexualizadas dende nenas.
3. Ligazóns que non funcionan: “Bibliografía coeducación”, “ O conto mais corto “, “8 de marzo CGT”, “Burka”, “A dor ten cara de muller”, “Un sueño imposible”, “Tengo un problema”, “A cincenta que non quería comer perdices”, “Mulleres de Chihuahua” , “Mafalda”, “Mulleres España século XX” e “Mi currículum”. As ligazóns ás fichas de traballo para o alumnado tampouco funcionan.
4. O vídeo “Acabar coa violencia de xénero é responsabilidade de todos” pon o foco exclusivamente na vítima e obvia todos os outros tipos de violencia que non sexan a física. Recoméndanse usar materiais que poñan o foco no agresor e o seu comportamento e visibilicen todas as formas de violencia de control, verbal, económica, de control e sexual existentes contra as mulleres.
5. Respecto ao vídeo “violence domestique” é preciso aclarar que violencia doméstica non é o mesmo que violencia machista ou de xénero e non debe usarse como sinónimo de violencia contra as mulleres xa que só fai referencia ao lugar onde acontece dita violencia. Unha vez mais só visibiliza a violencia física impedindo que as vítimas se recoñezan noutras violencias e os agresores sexan sinalados por violencias que non deixan marcas físicas.
6. A presentación “Contra a violencia machista” pon o foco unha vez mais na vítima e reponsabiliza á muller a sair desa situación de maltrato. Deixemos de poñer o foco nas mulleres vítimas de



violencia, responsabilizandoas da súa situación e interpelemos directamente aos maltratadores.

7. “Dereitos das mulleres maltratadas” debería actualizarse, pois dende o 2007 mellorouse a lexislación e houbo cambios, como que na actualidade non é preciso interpoñer denuncia para acceder a recursos.



5.MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN EN DIFERENTES ÁMBITOS PARA CONTRIBUIR Á ELIMINACIÓN DA DISCRIMINACIÓN POR RAZÓN DE XÉNERO NO CENTRO E FAVORECER ASÍ A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES.

A-INTRODUCCIÓN:

O avance conseguido nas últimas décadas na igualdade entre homes e mulleres levou á nosa sociedade á unha maior incorporación e participación das mulleres en todas as esferas da vida política, social e cultural.

Non obstante, estes cambios non sempre estiveron acompañados de novos modelos de relacións entre os distintos xéneros. Aínda que se deron cambios importantes nos modelos de familia, podemos dicir que, mentres o modelo de feminidad tradicional sufriu unha importante transformación, as relacións de poder dominantes na nosa sociedade seguen a manifestarse en discriminacións laborais, e na violencia contra as mulleres, como o xeito máis arcaico de dominación e sometemento.

A educación integral das persoas implica a adquisición dun conxunto de capacidades básicas de tipo cognitivo, emocional e tamén ético. Isto supón que a necesidade incuestionable de educar en coñecementos, engádese a de educar en habilidades sociais e hábitos que non só nos procuren a todos e todas unha mellor calidade de vida senón que a estes hábitos os dotemos dun sentido ético e moral orientado ó respecto dos dereitos de todas as persoas por igual e á erradicación da violencia nas relacións persoais.

Nos, como centro educativo, debemos facernos cargo de crear as condicións necesarias para potenciar todos estes aprendizaxes, que son a base imprescindible para establecer unhas relacións baseadas na equidade, o respecto, a inclusión, a responsabilidade e a non violencia.



B-PROPOSTA DO PLAN DE IGUALDADE NO CENTRO:

Para acadar todo isto, **no IES “A Xunqueira I” propoñemos a implantación dun Plan de Igualdade contextualizado**, desde o que poidamos ir avanzando cara a equidade de xénero e cara a construción dun modelo educativo inclusivo e igualitario.

Este Plan de Igualdade propón actuacións a favor dos dereitos das mulleres que se ven conculcados na sociedade, e **incorpora actuacións concretas para que poidan incidir e influir dun xeito positivo na cultura que aínda sigue a sustentar a desigualdade, tratando de reforzar ás nosas alumnas e ós nosos alumnos para posibilitar o seu pleno desenvolvemento como persoas sobre os pilares da igualdade, da xustiza e da non violencia, de xeito que así gañemos todas e todos.**

- ESTAS ACTUACIÓNS SERÁN CONCRETADAS DE FORMA ANUAL A TRAVÉS DE MEDIDAS DE ACTUACIÓN PARA TRATAR DE ACADAR:

1. A sensibilización da Comunidade Educativa da necesidade de detectar o sexismo dentro do noso centro.
2. Impregnar toda a práctica educativa de valores coeducativos, como eixo fundamental da convivencia entre o alumnado.
3. Posibilitar a creación dun ambiente que propicie a materialización de valores como a tolerancia, o respecto e a igualdade e diversidade.
4. Favorecer en todo momento a empatía entre ambos sexos e o respecto polas diferenzas (LXTBI+).
5. Potenciar a incorporación das nais e pais a este proceso de acción para lograr a cohesión da acción educativa familiar e escolar.
6. Facer reflexionar ó alumnado sobre as limitacións que os estereotipos sexistas representan para a realización plena da súa formación educativa, a súa vida persoal, profesional e laboral, mediante a construción dun modelo de identidades libres das limitacións de xénero.



Plan de Igualdade IES “A Xunqueira I” de Pontevedra

Organización das aulas Tics e equipamento específico.

É imprescindible organizar o uso dos espazos común que teñen adicación específica ás novas tecnoloxías:

- ▲ **Radio Escolar:** A instalación de radio escolar consta de mesa de traballo con 4 micrófonos e os auriculares correspondentes e un quinto micrófono e auricular na zona de control onde se atopa a mesa de mezcla e o ordenador.
- ▲ **Polo Creativo:** dotado cos equipos necesarios para o desenvolvemento de proxectos dixitais.
- ▲ **Informática 1 e 2:** Serán de uso exclusivo para actividades que precisen do uso dos ordenadores por parte do alumnado. No inicio de cada curso elaborárase un calendario de dispoñibilidade da cada unha das aulas en las que se reservase o uso ou que necesiten as materias de Informática de cuarto de ESO, Tecnoloxía da Información e da Comunicación de 1º de Bach., e o adicado á informática dentro da Tecnoloxía de 2º, 3º e 4º. No resto das materias o seu uso será esporádico apuntándose no correspondente calendario, e no caso de necesitar un uso prolongado das aulas deberase coordinar co equipo Tics.
 - **Informática 1.** A aula dispón de 30 ordenadores para alumnado máis 1 para o profesorado conectados a dous servidores. Tamén dispón de proxector multimedia.
 - **Informática 2.** A aula dispón de 24 para autónomos para alumnado e 1 para profesorado. Tamén dispón de proxector e 1 impresora 3D.
- ▲ **Tablets 10 pulgadas con sistema Android:** Dispoñemos de 15 tabletas, facilmente portables ás aulas. Para o seu uso as tabletas recollense e entregáranse en Secretaría.
- ▲ **Wifi:** Dispoñemos de puntos de WiFi en todo o centro e no pavillón, instalados pola Consellería de Educación. De momento o seu uso é por parte do profesorado que entra co seu usuario e contrasinal de forma individual.
- ▲ **Biblioteca:** Na biblioteca dispoñemos de 9 equipos para alumnado conectados a un servidor, un portátil para utilizar co canón e un equipo para o profesorado con impresora.
- ▲ **Impresora 3D.** Localizada na aula de Informática 2. A disposición de tódolos grupos.

FOMENTO DO ACCESO ÁS TICS EN IGUALDADE DE CONDICIÓN POR PARTE DE TODO O ALUMNADO.

Coñecida a orixe social de clase medio-baixa ou baixa da maior parte do noso alumnado, o Centro debe buscar estratexias que faciliten o uso das novas tecnoloxías ó alumnado que non dispoña de acceso no entorno familiar.

Estas estratexias pasan por:

- ▲ Facilitar o uso dos ordenadores das aulas de informática nos tempos de lecer baixo petición e para realizar traballos ou consultas académicas.
- ▲ Permitir ó alumnado o acceso ós ordenadores da Biblioteca forado horario lectivo
- ▲ Procurar alternativas ó alumnado que non dispoña de acceso ás Tics na casa á hora de elaborar e presentar actividades docentes.
- ▲ Ó alumnado con NEE traballará, dentro do horario de Pedagogía Terapéutica, as novas tecnoloxías con programas que faciliten o seu aprendizaxe.

COMPOSICIÓN DO EQUIPO PARA O CURSO 2023/24

Coordinador TIC: Venancio Piñeiro Iglesias

Compoñentes:

- Sonia Freire (Responsable Polo Creativo)
- José M. Ramos González (Secretario)
- Luis A. Rascado Iglesias

ACTUACIÓNS PREVISTAS PARA O CURSO 2023/24

A continuación se exponen as actuacións previstas para o curso 2023-2024

- Solicitalle á Consellería de Educación equipamento informático novo, tendo en conta que a maioría dos equipos que hai tanto nas aulas de informática como nas aulas teñen una media de 18 anos. Demasiado obsoletos para instalar certos programase para un funcionamento óptimo.
- Mellorar os equipos dos departamentos
- Realizar cursos de formación do profesorado en EVA Edixgal, Moodle e plataforma de Google nas necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso.
- Actualizar, equipos portátiles e pizarras dixitais das Aulas e poñer os equipos e pizarras existentes noutras aulas.
- Facer sesión de formación co alumnado de 1º da ESO para o manexo das aplicación Moodle, EVA Edixgal e Google Apps e noutras necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso.

PROCEDEMENTOS DE INICIO DE CURSO

No inicio de cada curso débese:

- Formación inicial ao profesorado novo: Presentación ao profesorado novo da dotación en hardware e software do Centro

- Formación en Aula Virtuais e Google.
- Dar de alta a todo o profesorado que o solicite nas aplicación Moodle, Google Apps e Microsoft Online.
- Dar de alta a todo o alumnado novo na aplicación Moodle e Google Apps

PROCEDEMENTOS DURANTE OCURSO

Formación do alumnado de 1º da ESO:

- Coñecemento da páxina web do IES.
- Acceso as Aulas Virtuais Moodle e EVA Edixgal
- Acceso a Google Apps
- Coñecemento do blog da Biblioteca do IES e como facer procuras na aplicación MEIGA.
- Primeiros pasos na elaboración de traballos compartidos coas Apps de Google

AVALIACIÓN E REVISIÓN DO PLAN

Criterios de avaliación:

Avaliación dos aspectos relacionados co alumnado:

- Favorécese a comunicación do alumnado co seu entorno.
- Potenciase o uso de novos entornos de aprendizaxe.
- A integración TIC supón construción de coñecemento.
- Mellora nas habilidades de pensamento crítico.
- Adquírense valores relacionados co uso das TIC.
- Estimúlase o interese por aprender en alumnado con NEE.
- Foméntase o traballo cooperativo.

Avaliación dos aspectos relacionados co docente

- Incorporáronse Tics como instrumentos cognitivos no desenvolvemento de Unidades Didácticas.
- Participouse activamente na valoración ,adaptación e deseño de recursos.
- Traballáronse modelos de ensinanza do tipo.(“Apréndese facendo”)
- A formación recibida é de utilidade na docencia diaria.

Avaliación dos aspectos relacionados co proceso

- Os recursos son adecuados e utilízanse de forma eficaz.

- A organización de recursos é idónea.
- A difusión e coñecemento do Plan Tic é adecuada.
- Existe compromiso de todos os participantes: alumnado, profesorado, familias, etc.
- Observase especial incidencia na práctica docente e familiar.
- O traballo do coordinador TIC é adecuado

Periodicidade das revisións:

- O seguimento do Plan realizarase basicamente nas reunión do Equipo de CoordinaciónTics.
- Ó final de cada curso escola ravalíarase a totalidade do plan elaborándose una memoria detallada das actividades do curso así como unha proposta de mellora de caraó curso vindeiro.

Identificación de aspectos de mellora

- Ó final de cada curso débese establecer o proceso polo que todo profesorado poida propoñer medidas de mellora cara ó curso seguinte. Recolleranse tamén as suxerencias aportadas por familias e alumnado
- CadadouscursosrealízaseunhaenquisadevaloracióndoPlanporpartedossdiversossectores: profesorado, familias e alumnado.
- Os aspectos de mellora detectados suporán o deseño de pequenos Plans de acción para o curso seguinte, que tentará corrixir as deficiencias.

Modificacións e axustes

Unha vez avaliados positivamente os Plans de acción levados acabo para corrixir os aspectos de mellora, modificaranse os apartados necesarios do Plan. De ditas modificacións informarase aos sectores da Comunidade Educativa que se vexan implicados.

ANEXO1

ENQUIZA SOBRE O USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NO ALUMNADO E AS SÚAS FAMILIAS

Datos xerais da enquisa:

Mostra: 229 alumnos (49.8%) e alumnas(50.2%) de entre 1º da ESO e 2º de Bach. A mostra supón case o 40 % do alumnado do Centro.

Cuestións:16


Datas de realización: Entre os meses de Xaneiro e Febreiro do curso 2018/19.

Obxectivo: A enquisa pretende coñecer a implantación que as novas tecnoloxías relacionadas coa educación teñen no noso alumnado e nas súas familias.

Non está referida a una enquisa con datos actuais ou correspondentes ao curso pasado, pero consideramos que pode ser interesante, a falta de datos actuais.


Idade

229 respuestas



Sexo

229 respuestas




EQUIPAMENTO NA CASA

Pregunta: ¿Vives nun entorno?

A túa residencia está nun entorno...


229 respuestas



Pregunta: Equipamento na zona de residencia.


Servizos dispoñibles no entorno da túa residencia...

219 respostas



Pregunta: ¿Na túa casa tes?


Equipamento na casa (en porcentaxe)



Pregunta: Disponibilidade de móbil.

Dispós de móbil para o teu uso?

221 respostas



Pregunta: ¿Novas Tecnoloxías e ocio?

Aproximadamente e so con uso non relacionado cos estudos, ¿Canto tempo ao día adícaslle a usar o móbil, videoconsolas ou ordenadores ?


224 respostas



USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS POR PARTE DO ALUMNADO

Preguntas: ¿Con que frecuencia empregas as novas tecnoloxías?


Uso das novas tecnoloxías



Pregunta: ¿Qué Redes Sociales empregas?

Introducción das redes sociais

229 respostas



Pregunta: ¿Uso das novas tecnoloxías por parte das familias?

Na túa casa, o teu pai ou a túa nai utiliza....?




PERCEPCIÓN DO ALUMNADO DA RELACIÓN ENTRE NOVAS TECNOLOXÍAS E RENDEMENTO ACADÉMICO

Pregunta: ¿Uso das novas tecnoloxías polo profesorado?

¿O profesorado, que tiveches ou tes, usa as novas tecnoloxías (ordenador, canón, pizarra electrónica, ...) á hora de dar clase?


229 respostas



Pregunta: Novas Tecnoloxías e Formación

Preparación. ¿Se o profesorado utilizase o correo electrónico, páxinas web, redes sociais como instrumento de ensinanza, pensas que estarías


227 respostas



Pregunta: Novas Tecnoloxías e Motivación

Motivación. ¿Se o profesorado utilizase o correo electrónico, páxinas web, redes sociais como instrumento de ensinanza, pensas que estarías


229 respostas



Pregunta: Posicionamento sobre o libro dixital (EDIXGAL)

Se o Instituto se incorpora ao programa da Consellería polo que facilitan un portatil por alumno/a de 1º ou 2º da ESO e os libros serían dixitais ¿Pensas que o alumnado remataría

227 respostas




- Mellor formado/a
- Máis ou menos igual
- Peor formado/a


ANEXO2. ANÁLISE DA ENQUISA ENTRE O PROFESORADO SOBRE A PREPARACIÓN NAS TICs E O SEU USO NAS AULAS.



Análise da enquisa profesorado e novas tecnoloxías:

Enquisa realizada no curso escolar 2018/19 entre o profesorado do Centro. Respostaron 30 dos 60 docentes que compoñen o Claustro.




O uso das novas





O uso das novas tecnoloxías na túa práctica docente actualmente poderíamos consideralo:

30 respostas




29 respostas



6. Se o teu nivel de preparación no coñecemento e uso das novas tecnoloxías mellorase, o seu uso na túa labor docente sería:


29 respostas





No caso de que se convocase algunha actuación formativa estarías interesado/a en

30 respostas



AulaouDpto.	Pizarra Dixital	P.C. (Prof)	P.C. (Alumn) ^w	PC (Servidor) _x	Portatil	Impresora	Canón/Tv
Secretaría		4				1	
A1.		1					1
A 2	1	1	2				
A3	1	1					
							1
A5	1						
A6		1				1	1
A7	1				1	1	
Dto.Economía		1				1	
RadioEscolar		1					
AtenciónEducat.		1					
Reforzo/Apoio			5			1	1
Orientación		1				1	
Biblioteca		1	1	10	1	1	1
Dirección		1				1	
Xefatura		1				1	
Vicedirección		1				1	
Atención a Familias		1					
Conserxería		2			1		
CorredorCentral							2
SalaProfes.		5				1	
Dto.Latín		1				1	1
B1		1					1
B2	1				1		
B3	1				1		
B4	1				1		
B5	1				1		
B6	1				1		

AulaouDpto.	Pizarra Dixital	P.C. (Prof)	P.C. (Alumn)	PC (Servidor)	Portatil	Impresora	Canón/Tv
B7	1				1		
B8	1				1		
Informátical		1	30			1	1
Informáticall	1	1	24			1	
B9		1					1
Dto.Galego		1				1	1Tv
Dto.Grego		1					1Tv
Dto.Relixión		1	1			1	1
Dto.Filosofía		1					
Dto.L. Castelá		1				1	1Tv
C1	1				1		
C2	1				1		
C3	1				1		
C4	1				1		
Mediación		2					
Laboratoria Química		1					
C5	1				1		
C6	1				1		
C7	1				1		
LaboratorioFísica		1					1
Dto. FeQ		1					1
Dto.Bioloxía		1		9			1
Dto.XªeHª		1				1	1
Dto.Matemátic.		1				1	
D1	1				1		
D2	1				1		
D3	1				1		
D4	1				1		
D5	1		2		1		
D6	1				1		

Aula ou Dpto.	Pizarra Dixital	P.C. (Prof)	P.C. (Alumn)	PC (Servidor)	Portatil	Impresora	Canón/Tv
D7	1				1		
Dto. Inglés		2				1	1Tv
Dto Francés		1				1	1Tv
Aula Volumen		1					1
Aula D. Artíst.		1					1
Labor. Microbioloxía		1	3				
Labor. Ensaíos		1					1
Labor. Análise		1					1
Aula Usos Múltip		1					2
Taller Tecn. ESO		2				1	1
Dto. Tecnol.							
Taller Tecn. BACH		1		12			1
Almacén							
Dto. Ed. Física		2			1		1
TOTAL	26	56	38	31	25	22	25/5 Tv

Plan Xeral de atención á diversidade

IES A XUNQUEIRA I
(PONTEVEDRA)

CURSO 2023-24

Sumario

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	3
Contexto legal.-	3
Contexto do Centro:	4
Recursos, profesorado e alumnado:	4
Documentos de centro.....	5
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES	5
DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS	5
DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓN, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE	6
Medidas ordinarias,	6
Medidas extraordinarias	7
Atención educativa a aqueles alumnos que por razóns diversas, presentan dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.	9
3. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.	10
Alumnado con NEE	10
Criterios para a organización do reforzo:	10
Programas de acollida:	11
Alumnos/as de novo ingreso	11
En setembro.....	11
Plan de Acollida para os Pais/Nais/Titores:	11
4. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.	12
5. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.	13
6. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.....	13
7. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	14
8. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	14
9. ANEXO 1.....	16
10. ANEXO 2.....	17
11. ANEXO 3.....	18

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Contexto legal.-

A LOMLOE (Lei orgánica 3/2020), a LOMCE (Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa), a L.O.E. (Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación), o Decreto 120/1998 do 23 de abril (DOG do 27 de abril), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo (DOG do 31 de xullo) que o desenvolve, xunto coas correspondentes circulares anuais.

Decreto 229/2001 do 7 de decembro (DOG do 21 de decembro) polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Temos que entender a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Segundo o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, **os principios xerais de actuación serán:**

1. A atención á diversidade rexeráse polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abrangue a totalidade do alumnado, quen deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. Nas decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos terase en conta a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, de ser o caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Na resposta educativa á diversidade priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.
6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
7. As nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a

necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención nos centros educativos.

8. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións que se deberán promover para a mellora continuada da calidade educativa.

Contexto do Centro:

O I.E.S. “A Xunqueira I” atópase situado na rúa Alexandre Bóveda nº1, de Pontevedra, dividido en dous edificios que albergan, respectivamente, o pavillón deportivo e as restantes dependencias. Encóntrese nunha zona estudiantil, a carón doutros centros de primaria e secundaria, facultades do Campus de Pontevedra, CFR Pontevedra, e Escola Oficial de Idiomas.

Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de “centros de carácter periférico mixto”, é dicir, está situado nun ensanche escolar da cidade próximo ao mundo rural circundante. Na súa orixe, estaba destinado a dar abeiro ao excedente de poboación escolar de bacharelato dos últimos anos setenta e, coa súa creación, rompeuse a dicotomía tradicional representada polos institutos “masculino” e “feminino” da cidade. Co paso do tempo, adquiriu un carácter “rururbano” polas características do seu alumnado, procedente nun sesenta por cento das parroquias rurais do municipio e das áreas rurais da periferia; nun trinta por cento, da área suburbana de Pontevedra; e, nun dez por cento, das áreas residenciais da cidade.

NIVEIS EDUCATIVOS:

- a) 1º, 2º, 3º e 4º cursos da ESO.
- b) 1º e 2º cursos de Bacharelato, nas modalidades de Científico e Tecnolóxico, Ciencias Sociais e Humanidades, Bacharelato Musical e Artes Escénicas e Bacharelato Artístico
- c) 1º e 2º Ciclo Medio de Operacións de Laboratorio

Recursos, profesorado e alumnado:

Conta con 693 alumnos e 67 profesores.

Funcionan 14 unidades de ESO, 9 clases de bacharelato e dúas clases de ciclo medio de laboratorio. Hai especialista en PT.

O departamento de orientación está constituído pola especialista en Pedagogía Terapéutica, un titor do ámbito lingüístico-social, un titor do ámbito científico-tecnolóxico, o profesor de FOL e a Xefa do departamento.

Documentos de centro

O plan de Atención á Diversidade estará en consonancia cos seguintes documentos que artellan a marcha do centro:

- Proxecto educativo de centro
- Plan de convivencia
- Plan de igualdade
- Programación xeral anual.
- Plan de acción tutorial.
- Programación de aula.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Iniciamos o curso con un importante número de alumnos que precisan de reforzo pedagóxico e /ou apoio pola especialista en Pedagogía Terapéutica.

Algúns alumnos están exentos de cursar a materia común de segunda lingua estranxeira (segundo a Orde do 6 de setembro de 2007), e reciben apoio educativo naqueles aspectos nos que se detectan dificultades durante os cursos de primeiro e segundo de ESO).

DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

1. Avanzar na planificación e desenvolvemento de medidas preventivas e ordinarias de atención á diversidade.
2. Colaborar co profesorado na detección de problemas de aprendizaxe e na detección de posibles necesidades educativas especiais, realizando unha avaliación psicopedagóxica cando fora precisa.
3. Manter a recollida de información sobre aspectos básicos do desenvolvemento.
4. Definir pautas de intervención do profesorado de apoio
5. Optimizar o uso dos recursos persoais, materiais e organizativos do centro.
6. Procurar procesos de avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais, nas que colabore todo o profesorado implicado no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.
7. Favorecer a implicación da familias na educación dos seus fillos/-as .
8. Manter unha boa coordinación con institucións como os servizos sociais, pediatría, Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, concellería de Benestar Social,...

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Segundo o Decreto 229/2011 do 7 de Decembro polo que se regula a Atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orden 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 de 7 de decembro, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en dous tipos:

Medidas ordinarias, que son aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescrito, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro e da organización da aula, ás características do alumnado: precisará unha avaliación inicial de tódolos alumnos, que xunto cos informes finais de ciclo, e a revisión do expediente persoal de cada alumno, proporcionará información inicial para tratar de superar as dificultades iniciais do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno do noso centro e ao alumnado
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos instrumentos e dos tempos de avaliación .
- e) Aulas de atención educativa e convivencia e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdoblamento de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria: o profesorado que conte con dispoñibilidade horaria, poderá dar reforzo educativo naqueles grupos que previamente se teña informado que o precisen, sempre e cando as necesidades que presenten non precisen dunha avaliación psicopedagóxica. Para eso habería que:

1. Determinar aqueles alumnos que necesitan un reforzo/ apoio educativo por parte do titor.
2. Reunión co DO para facer unha listaxe dos alumnos con estas necesidades
3. Establecer en que áreas ou materias foran necesarios eses reforzos.
4. Determinar se eses apoios serían individuais ou en grupo.
5. Tendo en conta as horas libres do profesorado, establecer os reforzos.
6. Reunión do titor, o profesor que vaia dar apoio no curso e o xefe de estudos para planificar as actuacións destes apoios.

h) Programas de enriquecemento curricular.

i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

j) Programas de recuperación.

k) Programas específicos personalizados.

l) Programas de habilidades sociais.

Medidas extraordinarias todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios que precisarán autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación:

Adaptacións curriculares significativas

Consisten, basicamente, na adecuación dos obxectivos educativos, a eliminación ou inclusión de determinados contidos esenciais e a conseguinte modificación dos criterios de avaliación.

O seu deseño e desenvolvemento, será responsabilidade do/a titor/a, e dos profesionais que imparten a área ou materia a/o alumno/a, a colaboración de tódolos profesionais que participen na atención a/o alumno/a e coa colaboración da orientadora.

Será precisa avaliación e diagnóstico previo de cada alumno/a. Realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias básicas de acordo coas posibilidades da alumna ou alumno; a avaliación e promoción tomarán como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións.

Precisa autorización da Inspección Educativa.

No centro actualmente hai 9 alumnos/alumnas con adaptacións curriculares.

Agrupamentos flexibles.

En 1º ESO, en varias materias, Xeografía e Historia, Bioloxía, Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés, e Matemáticas.

Apoio do profesorado de PT: Organización.

A xefa do Departamento de Orientación elevará á Dirección, proposta de organización dos apoios específicos para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, despois de atender as demandas feitas polo profesorado.

Teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.

Atenderase preferentemente ao alumnado obxecto dunha AC.

A atención diferenciada aos alumnos/as con NEE fóra da aula ordinaria será temporalizada compatibilizándoa nas materias obxecto de apoio coa atención docente directa dentro da aula ordinaria por parte dos profesores/ as do grupo ordinario.

Continuarase cos apoios realizados o curso anterior, priorizando 1º e 2º de ESO.

As funcións do profesor especialista en Pedagogía Terapéutica serán:

Asesorar e colaborar co titor e o resto de profesores/as sobre as adaptacións curriculares significativas.

Participación na avaliación e promoción do alumnado con NEE

Colaboración co titor/a na orientación e coordinación coa familia.

Elaboración de materiais específicos e recursos para ao seu alumnado.

Participación nos claustros, equipos de ciclo e C.C.P. proponendo medidas que faciliten a resposta aos alumnos/as con necesidades.

Este curso contamos cunha profesora PROA de Pedagogía Terapéutica a media xornada.

Flexibilización da duración do período de escolarización, para aqueles alumnos/as, logo da avaliación psicopedagóxica correspondente, e unha vez esgotadas outras medidas de intervención educativa, ou en casos de sobredotación.

Temos dúas flexibilizacións no Ciclo Medio de Operacións de Laboratorio.

Programas de diversificación curricular. A partir do terceiro curso da ESO. Utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e as alumnas obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Programas de formación profesional básica. Teñen como finalidade previr o abandono escolar antes da finalización da escolaridade obrigatoria e abrir novas expectativas de formación e de titulación a mozos e mozas en situación de desvantaxe sociolaboral e educativa. Teñen unha marcada vocación profesional, permiten a relación co mercado de traballo e facilitan a inserción laboral nunha actividade profesional de xeito cualificado.

Atención educativa a aqueles alumnos que por razóns diversas, presentan dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo.

Grupos de adquisición de linguas : para alumnado procedente do estranxeiro que presente algunha das seguintes circunstancias: descoñecemento de calquera das dúas linguas oficiais de Galicia. O alumnado poderá formar parte deste grupo por un período máximo dun trimestre . A orde do 20 de febreiro do 2004 pola que se regula a atención a estes alumnos, estipula o horario máximo de pertenza a un destes grupo en vinte e catro períodos lectivos na educación secundaria obrigatoria. Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

Grupos de adaptación da competencia curricular. Son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado.

A esta medida estará dirixida ó alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade.

3. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Alumnado con NEE

Os criterios a seguir á hora de intervir con alumnado susceptible de necesitar apoio educativo, serán os seguintes:

1. Unha vez detectadas polo profesorado dificultades que interfiren no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado e, unha vez tomadas as medidas reflectidas na programación de aula para solucionar estes problemas e que estas non tiveran efecto, faise unha solicitude de intervención ao DO mediante o documento disposto para eses fins.
2. É precisa a autorización das familias para facer esta avaliación.
3. A orientadora do centro fará a avaliación psicopedagóxica.
4. Información aos profesionais implicados das posibles adaptacións a facer cos alumnos (xa sexa apoio educativo ou ACs) e seguimento do caso.
5. Entrevista coa familia para comentar os resultados e recoller información que nos poida facilitar unha posible solución ou axuda á problemática do alumno.

Criterios para a organización do reforzo:

O profesorado deberá facer un listado co alumnado proposto para formar parte dalgún programa de reforzo (de áreas instrumentais básicas, de recuperación de aprendizaxes non adquiridas, ou específico para o alumnado que non promociona) e a proposta de medida de atención á diversidade que ten para o curso seguinte. A decisión colexiada deberá realizarse nunha reunión de equipo educativo.

O titor/a deberá comunicar calquera proposta de medida de atención á diversidade á familia.

A Xefatura de Estudos, se é o caso, deberá ter en conta ao alumnado que precisa dos apoios á hora de facer os horarios.

Unha vez superadas as dificultades que presentaba o alumnado, e polas que precisou apoio, incorporárase totalmente a aula base.

O profesorado que imparta estes programas, informará ao titor/a e estes á familia periodicamente.

Os reforzos educativos deberán realizarse preferentemente dentro da aula.

Se o reforzo implica un desdobre do alumnado dunha aula, será estritamente por orde alfabética.

Para a organización dos reforzos será privativo que entre o menor número de profesorado nunha

mesma aula.

Programas de acollida:

Alumnos/as de novo ingreso

Momento da matriculación: No momento da matriculación a familia deberá informar ó centro se o/a alumno/a presenta algunha n.e.e.

Xornada de portas abertas: Nos meses de maio/xuño, organizaranse unhas xornadas de portas abertas para pais e futuro alumnado. Será unha primeira toma de contacto do alumnado de 1º ESO co novo centro.

Farán unha visita ao centro os alumnos de 4º ESO dos centros dos arredores, Mosteiro, Meis, Barro, xa que moitos alumnos veñen para o noso centro.

En setembro

Temporalización: os alumnos de nova incorporación terán actividades de presentación, probas de avaliación inicial, o que facilitara a súa incorporación ao centro e posteriormente, unha vez feito todo o proceso, se é o caso de necesidades educativas específicas, incorporaranse as axudas dos especialistas.

Obxectivos:

Facilitar a súa incorporación

Permitir ao profesorado a observación do alumnado.

Levar a cabo a avaliación inicial de todo o alumnado.

Informar e recoller colaboracións do alumnado con respecto á mellora da convivencia no centro.

Plan de Acollida para os Pais/Nais/Titores:

Periodo de preinscrición.

Reunión posterior (no mes de xuño, se a situación o permite) de tódolos pais/ nais, coa presenza do equipo directivo, e a orientadora.

Nesta primeira reunión cos pais/ nais/titores dos alumnos, informaráselles do funcionamento do centro, do regulamento, dos horarios, etc.

No mes de setembro faranse reunións cos pais dos alumnos de ESO e BAC, agrupados por curso, co equipo directivo, orientadora e os titores deses cursos.

ORDEN DO DIA

1. Presentación do profesorado

2. Normas do centro

-RRI: puntualidade, faltas de orde...

-Normas da aula.

3. Información xeral dos obxectivos do curso

4. Información do centro

_ *Departamento de Orientación*: información da súa existencia, o seu labor e forma de acceder ao departamento en caso de necesidade

_ *Actividades extraescolares e complementarias* organizadas para o curso (autorizacións para as saídas ó entorno, uso de imaxe,...)

_ *Control das faltas de asistencia*. Xustificación das mesmas.

_ *Horario de titoría*, e forma de pedir as entrevistas co titor ou con calquera dos profesores especialistas.

5. Colaboración dos pais/nais

_ Hábitos alimenticios

_ Normas de hixiene

_ Hábitos de estudo: axuda familiar na casa.

6. Recomendacións:

_ Colaboración co profesorado

_ Necesidade de comunicación ante problemas que xurdan.

7. Recollida de información para as titorías

_ Cuestionario de recollida de datos

8. **Informes varios**: Todo o que xurda a principio de curso e vexamos a necesidade de comunicarlle ás familias.

4. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

A función do EQUIPO DIRECTIVO será impulsar, dirixir e coordinar o Plan de Atención a diversidade; promover o seu desenvolvemento e aplicación; presentalo ao Consello Escolar e elevalo á Consellería de Educación.

O CONSELLO ESCOLAR coñecerá o PXAD, aprobarao se o considera axeitado e poderá facer proxectos para a súa mellora.

O CLAUSTRO DE PROFESORES coñecerá, levarao a cabo e poderá tamén formular propostas de mellora.

Os DEPARTAMENTOS coordinarán a actuación dos seus membros na aplicación das medidas que se adopten; fixarán criterios e elaborarán modelos, instrumentos e materiais para a aplicación das adaptacións curriculares, así como garantirán a aplicación das mesmas nas áreas da súa competencia.

O PROFESORADO TITOR: participará na detección e valoración de necesidades educativas do seu alumnado; colaborará cos responsables da avaliación psicopedagógica achegando información relevante sobre o/a alumno/a avaliado/a; solicitará a autorización das familias e informaralles para a aplicación de medidas de atención á diversidade; coordinará a atención á diversidade no seu grupo e avaliará as medidas adoptadas.

PROFESORADO DE APOIO EDUCATIVO: participará na detección e valoración das necesidades educativas do alumnado e na adopción de medidas necesarias; coordinarase co profesor de área do alumno en apoio para valorar as súas necesidades nesa área concreta e definir os obxectivos da súa intervención; desenvolverá o apoio educativo mediante a atención directa ao alumno; realizará avaliacións de seguimento e informará ao profesor de área sobre o traballo individual desenvolvido.

PROFESORADO ESPECIALISTA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA Colaborará co profesorado, o/a titor/a e o/a orientador/a na detección das necesidades educativas; colaborará co profesorado na elaboración, desenvolvemento, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares significativas, na elaboración e selección de materiais didácticos e na procura de estratexias adecuadas a cada caso; intervirá co alumnado con necesidades educativas especiais ou que presente graves atrasos ou trastornos no campo da comunicación e da linguaxe, de forma individual ou en grupo reducido, dentro ou fóra da aula ordinaria, desenvolvendo determinados programas ou aspectos das adaptacións, en coordinación co profesorado que tamén atende ao alumno/a; colaborará co titor dando información e intervindo, no seu caso, coas familias deste alumnado; avaliará a efectividade das medidas adoptadas co alumnado que atende e fará propostas de mellora.

5. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Faranse reunións mensuais da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Departamento de Orientación onde xefes de departamento comentarán as medidas tomadas e avaliaranse os resultados, ou os cambios que habería que introducir.

Manterase unha reunión mensual co CEIP A XUNQUEIRA I, CEIP de Parada Campañó, CEIP San Benito de Lérez e CEIP Pedro Antonio Cerviño de Campo Lameiro , onde se proporcionará información dos alumnos que pasarán ao IES, e que visitarán o noso centro nos meses de maio ou xuño.

CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

No proceso educativo é imprescindible a colaboración das familias para unha evolución positiva do mesmo.

É por iso que se establecen unha serie de reunións, entrevistas, etc., que permitan manter e sempre mellorar, a relación do centro e familias:

Reunión a principio de curso: para recoller datos sobre o alumno, informar achega do horario, metodoloxía de traballo, funcionamento do centro, etc.

Reunión previa para solicitar permiso, se fose necesario, para unha avaliación psicopedagóxica ou para informarlles sobre as medidas de atención a diversidade tomadas co/a alumno/a.

Entrevistas dende o Departamento de orientación para procurar información sobre as características do alumno, ou problemática do entorno, que poidan incidir nos posibles trastornos detectados a este.

Comunicación cos Servizos Sociais do Concello.

Comunicación coa Concellería de Benestar Social.

Comunicación cos Servizos Sanitarios (Pediatría, Unidade de Saúde Mental Infanto-Xuvenil).

Comunicación cos Equipos de Orientación Específicos.

Comunicación co Secretariado Xitano

6. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Solicitud de autorización para apoio de PT (Anexo 1)

Información a familia, da decisión de ACS. (Anexo 2)

Información á Dirección do Centro, para solicitar autorización por parte da mesma dos apoios de PT (Anexo3).

7. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Ao final de cada curso cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación elaborará a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de Orientación, e en consecuencia, á memoria anual do centro.

Corresponde aos servizos de Inspección Educativa supervisar a elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.

A avaliación realizarase tendo en consideración os datos dos diferentes cursos aportados polos titores/as, datos aportados polo profesorado de apoio, polo profesorado responsable do reforzo educativo, polo equipo directivo , e pola orientadora.

As propostas de mellora efectuadas polos departamento didácticos e de orientación, así como os realizados na valoración global do plan servirán para a elaboración do Plan Xeral de Atención á Diversidade do curso 2024/2025.

8. ANEXO 1

AUTORIZACIÓN PARA ALUMNOS/AS QUE PRECISAN DE APOIO POLOS ESPECIALISTAS EN PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA OU AUDICIÓN E LINGUAXE.

Estimada familia:

Dende o Departamento de Orientación , unha vez avaliada a situación académica do seu fillo/a, consideramos que redundaría positivamente no rendemento académico do alumno a intervención do especialista en Pedagogía Terapéutica, consesións semanais.

Se consideran esta medida oportuna pregámoslle devolvan o máis rápido posible,a través do seu fillo/-a a parte inferior da folla, asinada por vostedes.

Un saúdo.

Asdo.:

Xefa do Departamento de Orientación

Don/Dona.....pai/nai/titor do/a alumno/a

.....do curso dá a súa AUTORIZACIÓN para que reciba ese apoio.

Pontevedra a dede

Asdo.:

9. ANEXO 2

Dn/Dna.:

pai/nai/titor legal do alumno/a

é informado/a da evolución académica e persoal do/a seu/súa fillo/a, e da opinión do Departamento de Orientación do Centro , xunto co Grupo de profesorado do curso correspondente , sobre a conveniencia dunha ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA.

Pontevedra, a de.....de

Asdo.: _____

(pai/nai ou titor legal

10. ANEXO 3

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN á Dirección do centro

Departamento de Orientación

Unha vez atendida a demanda do/a titor/a sobre a avaliación das posibles necesidades educativas que presenta o/a alumno/a

dende o Departamento de Orientación considérase preciso o apoio polo especialista en Pedagogía Terapéutica, nun número de sesións semanais, non inferior asesións.

Pontevedra a de.....de

.....Director do centro, IES Xunqueira I, da a súa
AUTORIZACIÓN

Pontevedra a de..... de.....

Asdo:

11. ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA LA COLABORACIÓN ENTRE ENTIDADES

D/D^a _____

Con DNI _____ pai/nai/titor legal do/a alumno/a

AUTORIZA:

O Departamento de Orientación do IES A Xunqueira I a recibir á entidade _____ á que acude o/a meu/miña fillo/a para poder intercambiar a información necesaria para traballar de forma coordinada e interdisciplinar coa (risque o que corresponda)

Presenza de pai/nai/titor legal (especificar cal: _____)

Sen a presenza de pai/nai/titor legal

En Pontevedra, a _____ de _____ de 202__

Asdo.: pai/nai/titor legal